



Con voz de muller

COUZADOIRO

Todas as imaxes antigas foron cecidas polas participantes de Con voz de muller.

Todas as imaxes actuais son autoría de Sara Vierna Fernández.

Tradución do castelán ao galego e revisión do texto de Cecilia Pérez Riestra.

Todos os relatos son orixinais das participantes das sesións de traballo aínda que, nalgúns casos, foron traducidos de castelán a galego pero sempre mantendo moitas das expresións castelanizadas.

© do texto: Sara Vierna Fernández e Virginia Pañeda Sanz (Almas Meraki),

© da presente edición: Concello de Ortigueira

© Deseño e maquetación: Diana Adelaida Farré García

Abril, 2022

Depósito Legal: C 1008-2022

Imprime: Imprenta Provincial

Archer Milton Huntington, 24

15011 A Coruña

EDICIÓN NON VENAL

Con voz de muller

COUZADOIRO

Concello de Ortigueira

Concellería de Igualdade
Centro de Información á Muller





Un ano máis podemos gozar coa edición do libro “Con Voz de Muller”, un proxecto do Concello de Ortigueira que visibiliza o papel das mulleres na historia do municipio. Trátase dun documento histórico e cultural que pon de manifesto a relevancia da muller na sociedade galega. Mulleres que, co seu esforzo e traballo, fixeron posible o progreso.

As heroínas que coñecemos a través dos textos e imaxes narran as súas vivencias, os seus camiños pola vida. Grazas ás súas traxectorias vitais podemos entender a transformación dunha sociedade machista que ocultaba ou restaba importancia ao importante rol desenvolvido pola muller.

Este ano as mulleres das parroquias de Couzadoiro e San Adrián relatan en primeira persoas as súas vidas, anécdotas e traballos. Todas elas forman parte da historia de Ortigueira e da provincia e todas contribuíron ao seu desenvolvemento.

As mulleres xogaron e xogan un papel decisivo no desenvolvemento económico e social da nosa provincia e a nosa obriga é promocionar a igualdade con iniciativas como a que pon de manifesto esta publicación.

Como presidente da Deputación da Coruña quixera agradecerlles a colaboración nesta edición a todas as participantes destas dúas parroquias senlleiras de Ortigueira. Elas son as protagonistas. Elas fixeron posible co seu traballo, moitas veces esquecido, os necesarios cambios na nosa sociedade. A elas lles rendemos esta homenaxe.

Valentín González Formoso | Presidente da Deputación da Coruña

SAÚDO DO ALCALDE

Por terceira vez sae a luz o libro “Con Voz de Muller” froito dun proxecto, que dende fai uns anos esta a realizar o Concello de Ortigueira, e que pretende facer visible a importancia e o papel imprescindible que teñen a mulleres en todos os ámbitos da sociedade e por suposto no desenvolvemento do noso Municipio ao longo da súa historia.

Nesta ocasión as protagonistas son as mulleres das parroquias de Couzadoiro e San Adrián, que relatando a sus vivencias, anécdotas, mediante fotografías, cartas e calquera outro obxecto que para elas teñen un significado especial, nos falan das súas vidas, do seu esforzo e traballo, moitas veces silenciado, para saír adiante, non soamente elas senon tamen as suas familias.

Ao igual que nos anteriores, as protagonistas deste terceiro libro, dannos unha visión de como foi a súa infancia, a que adicaban o seu tempo de lecer, das costumes, da transformación no xeito de vivir ata a actualidade e nos recordan que debemos ter moi presente as nosas tradicións e a nosa cultura xa que forman a nosa esencia. En definitiva nos contan o seu percorrido pola vida.

O meu agradecemento a todas as participantes pola súa colaboración facendo posible que quede plasmado a súa labor e coñecemento porque estou seguro que a nosa mocidade e as nosas crianzas teran unha fonte a onde acudir en moitos momentos das súas vidas.


É un libro cheo de recordos pero tamen con visión do presente e do futuro baseada na fortaleza das mulleres, por iso animo a súa lectura ou cando menos a que se lle bote unha ollada.

Saúdos.

Juan Vicente Penabad Muras | Alcalde Presidente do Concello de Ortigueira

ÍNDICE

O PROXECTO	9
COUZADOIRO Achegándonos a elas e ao lugar	19
INFANCIA Crescendo entre o xogo e as obrigas	37
MOCIDADE E ADULTEZ Fiando vidas de desafíos e coidados	61
OS AGORAS Cultivando o presente	117





0 PROXECTO



CAP. 1 |

O PROXECTO

Hai anos que se veñen desenvolvendo nas parroquias do concello de Ortigueira obradoiros de memoria, dentro do Programa de Dinamización Sociocomunitaria, promovido pola traballadora social do concello, Mercedes Regueira Vale. As mulleres participantes que teñen entre 61 e 91 anos, traballan os recordos e o esquecemento das súas historias, e van contando de relato en relato a súa vida e as súas experiencias e anécdotas, que están unidas a unha terra, a un lugar e á vida da súa parroquia.

Ao escoitar todas estas historias, pensamos que sería necesario mantelas, gardalas, recompilalas dalgunha maneira, e que non caesen no esquecemento. Con ese espírito nace este proxecto que chamamos "Con voz de muller".

Crear un espazo, contar a túa historia, a túa vida, por si mesmo é terapéutico. Un espazo para autonarrarte, autosentirte e autocoñecerte pero tamén para que o resto poida entenderte e recoñecerte.

As mulleres estiveron durante milenios relegadas da transcendencia histórica. A igualdade no século XXI pasa por poñer en valor todas as achegas das mulleres, das nosas antepasadas. Este recoñecemento faise imprescindible. Por unha banda como homenaxe e dignificación a todas esas vidas en feminino, invisibilizadas inxustamente, e pola outra para que as mozas de hoxe se pensen, se subxectivicen como seres con axencia e non pasivas ao devir da historia. Parafraseando á mestra, Marcela Lagarde de los Ríos, "só cando as mulleres coñecemos, con sentido de descubrimento, ás mulleres próximas da nosa historia e a nosa xenealoxía, podemos xerar procesos de empoderamento simbólicos e recoñecernos e identificarnos con devanceiras concretas."

Neste proxecto con diferentes mulleres rurais no Concello de Ortigueira quixemos facer un traballo de autoconciencia colectiva, recoller as súas historias de vida, mergullarnos entre as súas narrativas e recuperar as súas achegas e posionalas finalmente onde se merecen. En definitiva trátase de reescribir a Historia destas parroquias a través da historia das súas mulleres.

Os obxectivos que perseguimos con esta iniciativa foron o de crear un espazo de empoderamento para as mulleres a través da reflexión e a indagación das súas propias historias de vida, o de recuperar a súa memoria poñendo en valor o seu legado e dignificando a contribución e a presenza das mulleres na comunidade local.

O proxecto foi executado a través de catro sesións que duraron entre dúas e dúas horas e media a modo de obradoiro. A través destas reunións coas mulleres de cada parroquia emprendemos unha viaxe desde a neñez ata a súa vida actual, recoñecendo os feitos e vivencias que definen a estas mulleres na actualidade. Falaron dos espazos que ocupaban, das actividades ás que se adicaban, dos aspectos da súa contorna nos que estas mulleres foron axentes de cambio.

Tamén houbo outras actividades como a recollida de fotografías, cartas, obxectos o unha ruta polos lugares máis senlleiros para elas.

Esta publicación que tes nas túas mans é un relato que une os testemuños das mulleres participantes nas sesións da parroquia de Couzadoiro.

Faláronse de moitas máis historias das que aquí se recollen e hai moitos máis testemuños que quedarán no noso recordo, que pola súa intimidade e carga emocional, quedarán solo na lembranza das presentes.

No texto intentouse respectar as súas expresións e os seus testemuños de maneira literal, como elas nolo contaron. Algunhas palabras traídas da emigración, expresións diferentes dependendo das parroquias, tamén compoñen o groso das súas historias de vida.

Pero esta publicación é moito máis que unha compilación de historias de vida, é un exemplo de loita, de dedicación, de esforzo, de paciencia, de entrega, de valor, e de crecemento de todas estas mulleres.

Para este proxecto contouse con Sara Vierna Fernández y Virginia Pañeda Sanz, da entidade Almas Meraki. Elas foron as facilitadoras das sesións de grupo de cada parroquia acompañadas de Ana Dopico e a Rocío Blanco do Centro de Información á Muller. Ademais, Almas Meraki escribe e dálle forma ao proxecto "Con voz de muller", contando coa inestimable colaboración de Cecilia Pérez Riestra, filóloga galega, que fixo a tradución do texto ao galego e as correccións lingüísticas oportunas.

O noso agradecemento a Carmen Caruncho, Carmen Sierra, Gloria Blanco, Magdalena Piñón, M^a Josefa Carrodegas, Orosia Castro da parroquia de Couzadoiro. Agradecementos por adicarnos o seu tempo, pola súa xenerosidade, honestidade e valentía para narrar as súas biografías como mulleres.

Nota das autoras

O noso propósito na elaboración desta publicación é respectar coa maior fidelidade posíbel os testemuños das mulleres participantes. En ocasións reducimos ou adaptamos as intervencións para que a lectura sexa máis clara e sinxela, e partimos dunha estrutura lineal do tempo cronolóxico a través das súas etapas vitais.

Tratamos tamén de coidar a oralidade como base da recollida das súas historias de vida. Neste sentido consideramos que a riqueza do oral non se pode trasladar con facilidade ao texto escrito. Inevitabelmente atopámonos cunha fenda de significados e de matices entre o que elas expresan coa súa propia voz e o que o texto pode contar. Ao mesmo tempo sabemos que o papel segue sendo unha das formas máis sólidas para soste-lo aquilo que previamente non tiña un lugar físico para poder existir.

Nota da tradutora

Trasladar os textos orixinais ao galego implicou pequenas infraccións da normativa. Por unha banda, perseguiuse manter a riqueza que achegan tanto os trazos dialectais como os idiolectos. E pola outra, tratouse de reflectir a realidade da súa fala mantendo certos castelanismos enraizados na lingua oral da zona.



CAP. 2 |

O ENCONTRO

O reto, sobre todo tras unha pandemia que se caracterizou polo mandato, sen discusión, do illamento social obrigatorio, é que se animen a vir, a compartir outra vez en comunidade, entre veciñas e amigas. Volver conversar en grupo parece case delirante. Tamén ocorre decote que non todas poden chegar con facilidade aos nosos encontros, algunhas non conducen ou non as poden traer, e a outras cústalles camiñar, pero nós queremos facérllelo fácil.

Fomos recoller a Orosia en coche, ten noventa e dous anos, un bastón e algúns achaques que a súa idade deixa entrever sen disimulo. Quixo que entrásemos na súa casa. Non estiveramos alí antes pero iso non lle resultou en absoluto relevante. Quixo ensinarnos a reforma que fixo non hai moito tempo, "mirade o asea-diña e cómoda que me quedou". Pareceunos coherente coñecer a súa cociña, ao fin e ao cabo, era unha invitación figurada a internármonos, instantes despois, nas entrañas das súas memorias.

Chegamos a un edificio azul cobalto situado ao lado da igrexa parroquial. En letras metálicas lese: "Centro cultural: o noso lar". Aquelas palabras enunciaban e alentábannos, sen o prever, cara ao noso propósito. O espazo, con aire indiano, no que estabamos a punto de entrar, acollería cada unha das sesións con elas. En sucesivos encontros falaríannos do significado e importancia dese lugar, "o noso lar", para Couzadoiro, para elas.

Carmen C., Gloria, M^a Josefa, Carmen S. e Magdalena espérannos na porta. Orosia saúdaas ao baixar do coche mentres nos colle do brazo para se apoiar. Algunhas chegan no seu propio coche, outras camiñando.

A nós conmóvenos velas expectantes na entrada do centro social. Non nos coñecen. Interesámonos pola posíbel asistencia dalgunha outra muller, nun principio parecéronnos poucas. Elas cóntannos que todas teñen casas que atender, maridos que coidar ou que a covid-19 deixounas sen gañas de saír, de ver xente. Sentímonos agradecidas pola xenerosidade das que si aceptan a nosa proposta. Entendemos que unha pandemia como a que aínda atravesamos, deixou a desconfianza e o medo pegado á pel. Ademais cóntannos que alí o virus foi especialmente agresivo e levou por diante a vida de varias veciñas e veciños.

Pero bueno, as máscaras podíanse quitar, non? Están as ventás abertas e eu estou vacinada. **Carmen C.**

Elas, porén, mostran unha motivación especial por participar. Apetécelles falar, rir, emocionarse, recordar, volver á alegría que xera o contacto, as conversas sen présa e sen distancia social. Os encontros entre mulleres.

Pois poríamo miña mai porque pai non tiven, ter tiven para facerme, pero despois non, pero... Ou sexa, que sería miña mai.

O NOME, A PORTA DAS SÚAS VIDAS:
SIMBOLISMO E XENEALOXÍA

Axudámolas a sentar arredor da mesa que preparamos, colocamos a cámara de vídeo e situamos a gravadora no centro. Queremos comezar polo principio, cal é o teu nome e por que te chamas así? Ao principio a pregunta cólleas desprevidas. Rin inquedas, non entenden o interese que suscita esa cuestión. Pode que ninguén lles preguntase antes por que se chaman así e elas probabelmente xamais tiveron a oportunidade de se deter a pensalo.

Non sei, sería unha irmá a que mo puxo... A máis vella de todas, que xa morreu. **Magdalena**

Por que? Porque mo puxeron, non había ninguén na familia que se chamase así. Eramos sete irmaos e eu fun a última. Miña irmá, que en paz descanse, cando o tifo, que eu tiña tres anos, tiña vinte e un anos e morreu. Foi cando acabou a gherra, meus pais pasáronas.... **Carmen C.**

Como os outros xa eran maiores, os meus irmaos estaban tan ilusionados comigo, que non sei para que, pero bueno, e entón bautizáronme o sábado e por iso me puxeron Gloria. Nada máis por iso, nada máis por ningunha cousa porque ademais non hai ninguén na familia, os meus padriños eran os meus irmaos e eles quixéronme poñer así.
Gloria

Quen mo puxo? Unha madriña miña. Hai en Teruel, díxome un rapaz de aquí que vai a Teruel, que hai una empresa de coches que se chama Santa Orosia. E aquí no almanaque galego está Santa Orosia de Jaca. Houbo aquí unha no Baleo que se chamaba Orosia... Maior ca min, eh? Pero hai poucas, a verdade é que hai poucas Orosias. **Orosia**

Pois poríamo miña mai porque pai non tiven, ter tiven para facerme, pero despois non, pero... Ou sexa que sería miña mai. **María Josefa**

Os nomes propios son as "herdanzas simbólicas", son o resultado dos disentimentos, os acordos, o azar ou a elección premeditada dun sistema familiar e comunitario en particular, situado nun momento histórico, cultural, económico, relixioso e social concreto. O poder das normas non escritas: "porque me bautizaron o sábado de Gloria!". É unha carta de presentación e con ela vén todo o demais, un torrente de recordos e experiencias que brotan cun poder incontrolábel.

*Quen é Carmen? (Di referíndose a si mesma). É unha muller que loitou pola vida e polo mundo. Tiña que traballar, ía á escola, pero tamén lindar as vacas. Agora xa non hai naide que leve unha vaca pola corda e que vaia pastar unha vaca. É verdade que fun moito tempo á escola porque fun a última, pero tiña que axudar na casa porque meus irmaos mentres que non casaban non saían da casa. Tiña trece anos cando me morreu o meu papá. Despois quedei con miña mamá e un irmao. E había que traballar porque non había de onde vire. **Carmen C.***

Están aquí para "autonarrarse" e ter a posibilidade de explicar, en primeira persoa, quen foron e quen son. A súa vida resumida nunhas poucas horas sentadas no local social da súa parroquia: setenta, oitenta, noventa

anos de historia. Escoitámolas, acompañámolas neste camiño que conecta os seus pasados e os seus presentes.





COUZADOIRO

Achegándonos a elas e ao lugar

CAP. 3 |

O LUGAR

DESCUBRINDO COUZADOIRO A TRAVÉS DA MIRADA DAS SÚAS MULLERES

A humidade da terra, a levidade da luz, as plantacións ou o barbeito, as portas abertas das casas das veciñas, o burro que che oe chegar, os campos e a maquinaria que os traballa. Os ríos, a chuvia, as castañas que caen, as pólas dos carballos, salgueiros e sabugueiros bambeando co vento. O ruído da faena, do muíño, de parolas animadas nos lavadoiros.

Os sentidos son a canle que conecta directamente o alleo co corpo, cóntannos como é o marco dos seus recordos, o “onde” no que todo sucede. O lugar onde que naceron, onde casaron, as súas raíces no 99%. Con elas cartografamos Couzadoiro.

Visitamos a parroquia con elas. Couzadoiro é unha aldea de interior, os seus tempos de xogo sucedían nos terreos ou cerca do río. “No *verao*, os rapaces bañábanse aí, no que se chamaba a Lamas, que tiñan alí como unha presa. Eu recordo ir ao río cunhas amigas a bañarme”, cóntanos **Carmen S.**

Alghún día todo foi unha parroquia.

SAN CRISTOVO E SAN SALVADOR

*Alghún día foi todo unha parroquia e era esa, (senalando San Salvador). Esa é a máis antighua que hai. Era toda a mesma parroquia ata que se fixo esta igrexa nova. A miña mamá axudou a construíla porque naceu aí. **Carmen C.***

Delas, Magdalena e Carmen C. son de San Cristovo e o resto de San Salvador.

Ansían explicarnos os puntos en común, todo o compartido coa súa veciña San Salvador de Couzadoiro. A través das súas palabras tamén entendemos a necesidade de visibilizar algúns elementos que funcionan como parte diferenciadora, os trazos de identidade que constitúen a esa parroquia como poboación independente.

Repasan mentalmente os pequenos núcleos de poboación que a constitúen: Nogueirido Darriba e Nogueirido Dabaixo, O Piñeiro, Penas do Rego, (“era dunha familia de *bien*”, din), Lacibido, Martiñán, San Miguel, Castrillón, A Ferrería, Monte Calvelo... Resulta imposible nomealos todos.

Levamos varios coches para poder percorrer os espazos máis representativos. A nosa pequena celebración, unha excursión para honrar o territorio, a presentación da súa parroquia desde as súas biografías e experiencias de muller. Están contentas. Sacámoslles fotos mentres falan distendidamente da veciñanza, comentan a saúde dunhas e doutros, se pasaron o coronavirus, se fulana caeu e rompeu a cadeira e se a fulano levárono a unha residencia. Sabían que historia había detrás de cada casa, como foron cambiando de propietarios: "aqueles están en Suíza", "en Coruña ou en Madrid", "esa alúgana para veraneantes", "moitas están baleiras todo o ano".

A indiferenza e o anonimato é impracticábel nas aldeas. Como expresa María Sánchez (2019), no seu libro *Tierra de Mujeres*: *"Aquí todos se conocen. Todos saben de lo bueno y de lo malo. Todos forman parte de las historias que se cuentan y de las que se quedan en casa. En un pueblo no puedes ser invisible, no puedes dejar de existir"* (p.45). Elas, efectivamente, saben, coñecen, e non pasan "á xente" por alto.

Tamén nos contan o que lles entristece ver, que xa ninguén coida as súas "propiedades" porque moita xente xa non vive alí, só acoden no verán. Percibimos nelas a desilusión do trato cara ás aldeas, de que non per-

manecemos no rural. Como se dalgunha forma cousificásenos a casa na vila, colocásemola na alteridade do que ten menos importancia.

Observar xunto a elas, o despoboamento, o que agora se chama a "España Baleira", prodúcelles desacougo e resignación a partes iguais.

Sacan as máscaras porque estamos ao aire libre, "queremos que se nos vexa a cara".

Esta era unha aldea moi moderna que había xa de todo naquel entón.

O ESPLENDOR DA PARROQUIA

Queremos entender a parroquia, os recursos que tiña, en que sitios se compraba, que se producía, a que alimentos podían acceder, que negocios e servizos funcionaban, que posición e espazo ocupaban elas nesta descrición, cales eran os lugares máis concorridos pola veciñanza.

En Couzadoiro houbo de todo. Houbo panadería, ferretería, un que arranxaba os zapatos, paqueterías, mercería,

tenda de roupa, as telas de Felisa e mais a Fresca, había os bares, os ultramarinos, o teleclub... De oficios: fogueteiros, ferreiros, un gaiteiro.... **M. Josefa**

Esta era unha aldea moi moderna que había xa de todo naquel entón. Había unha báscula, era importante porque nela se pesaba ao gando. Despois na mesma báscula, todos os veciños que tiñan vacas reuníanse porque era por onde pasaba Leyma co camión para recoller o leite.

Carmen S.

Agora se queres un litro de leite tes que ir a Ortigueira.
Carmen C.

Os muíños eran emprazamentos de moita concorrencia. Moíase trigo e tamén millo. Cada familia cocía no seu forno cando tiñan colleita e cando podían. Cóntanos que normalmente facían cada seis ou oito días. Enumeran con orgullo cada un deles.

O de Eladio, o de Angustias de Baixas, o de Salustio do Covel, o de aquí, o de Rande, e en Corvelle outros dous. Seis en total. **Carmen S.**

Pero seghuramente só andaban tres. **Carmen C.**

O de Rande andaba. **Carmen S.**

Andaba para eles, ou? **Carmen C.**

Para todos. **Carmen S.**

Ah, para todos. **Carmen C.**

O de Salustio puxera un motor, unha turbina e dera luz a moitas casas. **Carmen C.**

A mestra, que un tiña que andar de xeonllos por onde ela andaba de pé.

AS ESCOLAS

As escolas por asistencia o por ausencia marcan identidade nas súas traxectorias vitais. Tamén representan o índice de natalidade e das posibilidades de cada parroquia.

Anselmo e os Casás eran as de San Salvador, A Pena e Corvelle eran as de San Cristovo. Había catro escolas entre as dúas parroquias, eran casas particulares, aquí a xente de Cuba non enviou cartos como noutros lados.

M^a Josefa

A escola de Carmen S. agora é unha casa privada. "Dun lado estaba a escola en si e do outro lado a vivenda da mestra, dona Delfina". É a que ela recorda con maior nitidez: "Eramos cincuenta ou sesenta", di.



Algunhas como Orosia, a súa parroquia de orixe era outra así que non acudira á escola en Couzadoiro, ela chegou despois, como moitas mulleres, normalmente ao casaren.

Durante o camiño, no coche, pregúntannos pola nosa familia buscando lazos de conexión, xa temos máis confianza e tratan de explorar os vencellos e experiencias nas que poder "encontrar-nos". Os coidados, ao fin e ao cabo, é iso, buscar "espazos comúns" que nos conecten con empatía cara a quen tes enfronte, algo que nos invita a sosternos e que nos permite sobrevivir como humanidade.

Detémonos porque nos advirten dun lugar importante, sobre todo para María Josefa: Corvelle. Alí vivía, alí ía á escola.

"Bonito era antes", di M^a Josefa ensinándonos a súa casa e a súa escola. "Cando era nena non había tanta árbore, tanto eucalipto... Entón, vías as casas todas de San Salvador. Estaba todo plantado, eran todo leiras que se traballaban, a paisaxe cambiou moitísimo"

Antes había moito labradío e agora non hai nada.

Carmen S.

Antes o que non había eran terras para traballar, que estaba todo aproveitado. **M^a Josefa**

Aghora sobran. **Carmen C.**

Falan de como están as súas hortas, das árbores que cortaron e o que puxeron no seu lugar.

Ata os trece fun á escola, despois dixeran que non quería volver máis. Miña mai deixábame ir ás festas e dábame máis rendemento que vir aquí. Pero bueno, a mestra, que un tiña que andar de xeonllos por onde ela andaba de pé, despois cando foi para facer o exame final e levome o exame a casa para que o copiase de outra. Entonces, a min tamén me deu o certificado (ri). Miña mai era unha santa, era mellor que me fixese volver, pero bueno, non me

fixo volver, ao mellor tamén para non facer moito prefería que lle fose lendar as vacas. M^a Josefa

Ai! Eu xa non o acordo! Pero din que viñan de Mañón ao Ayuntamiento aquí.

MONTE CALVELO: A ERMIDA, A CASA DE
VERITA E O AYUNTAMIENTO

Estrada arriba, entre montes, agora de eucaliptos, chegamos a Monte Calvelo.

Tráennos aquí porque Couzadoiro foi concello en si mesmo, separado administrativamente de Ortigueira. E neste lugar estaba o consistorio do que só queda a ermida, construída en 1886. Dinnos que elas iso "xa non o viviron".

Chegamos a unha casa na que nos piden que aparquemos mentres gritan desde fóra "Verita, Verita!". Vemos aparecer unha muller á que lle preguntan como está, e explícanlle entre risas, "estamos de excursión", "imos o mellor de cada casa, Verita!", "queres vir con nosoutras?". Dinlle que está coma sempre, preocúpanse por ela e pola súa saúde. Pídenlle que nos conte a historia de Monte Calvelo.

Ai! Eu xa non o acordo! Pero din que viñan de Mañón ao Ayuntamiento aquí, que era esa casa que hai alí. Verita

Verita é a curmá de Carmen C. A súa casa está ao lado da Ermida de Monte Calvelo, comentan entre elas se será propiedade do concello ou do bispado, non o saben exactamente. Está pechada.

"Hai moito que non se fai misa aquí" din.

Verita, malia ter a chave, non se atreve a abrila porque está moi deteriorada e ten medo de non poder pechala.



Parecíanos un lugar bonito. Casei en Espasante e viñémolo celebrar aquí.

A TABERNA DE GLORIA E A VODA DE OROSIA

Outro dos lugares máis frecuentados por todas é a Taberna de Gloria, guíannos ata alí.

"Aquí organizaban vodas. A comida deste lado". Recorda como estaba distribuído o espazo. "E aí o baile, estaba moi ben posto todo", comenta Orosia.

Fálanos con emoción da súa voda, da celebración na Taberna de Gloria. Cóntanos que daquela aínda a rexentaba a súa sogra.

Orosia baixa do coche para que a retratemos fronte ao salón. Alí foi onde ela casou. Explicáanos que era moi grande, que había un palco onde se subían os músicos a tocar. "Bailábase *pasito*, valse, o que se bailaba que non era como agora, que bailan separados, non sabes? Empezaban as mulleres a bailar e viñan eles a coller-nos así", fai un xesto cos brazos tratando de demostrar como eses movementos aínda fican gravados na súa mecánica corporal. "Este era un salón ao que viñamos bailar, como o de Espasante ou o do Viso. Era o que tiñamos os *dominghos* á noite".

Cóntanos que ao seu convite asistiron uns cincuenta invitados. Comeron unha sopa moi rica cunhas tostas de pan, receita que ela despois continuou cociñando unha vez casada. "Parecíanos un lugar bonito. Casei en Espasante e viñemos celebrar aquí. Era limpo". Fala con ilusión daquel día. "Couzadoiro tiña catro tabernas, unha delas era a de Ghloriña. Foi dunhas persoas, despois comprouno a soghra de Ghloria, despois o fillo que casou con Ghloria, e ela quedou á fronte do bar". Orosia

"Alí traballei cincuenta anos", interrompe Gloria con sutileza.

A cámara intimídaas, inquiétaas. Queremos fotografalas nas súas rutinas cotiás, nesas ás que dedicaron máis esforzos: a Gloria fronte da súa taberna.

Accede a abrila sen moito convencemento, non quere darlle importancia: "Non vos quería ensinar isto porque tamén se tivese a idea de ensinar, xa estaría doutra maneira". "*Mullere*, non ves que antes era preciosa? E agora... Estaba todo ben posto, cando traballabamos, tiñámolo todo moi ben, cheo de botellas, coñac... Agora que queres ver?". Dá a volta mirando cara aos andeis

onde hai aínda algúns restos que permiten intuír o tipo de negocio que foi e colle unha botella de xenebra Fockink. "Terá cincuenta anos esa botella! Non! Cen anos ten!". Detalla con minuciosidade como era antes: "Arriba tiñamos as habitacións, a salina... Vendiamos de todo. Era ultramarinos e bar, a xente viña aquí a todo, pero despois así que se empezaron a poñer eses supermercados grandes xa se terminou todo. A taberna chamábase Casa Abelardo, que era meu *soghro*".

Gustábanme tanto, tanto as festas...! Eu era tola polas festas.

AS FESTAS, A MISA E AS COMIDAS DO PATRÓN

Celebrar, como facelo e as datas nas que eses festexos suceden, cóntanos moito da personalidade do lugar e dos seus habitantes.

En Couzadoiro non poden falar dunha parroquia sen mencionar a outra, son dúas poboacións moi unidas xeográfica e emocionalmente.

Son dúas parroquias con dúas igrexas. Parte unha e a outra aí no campo da festa: San Salvador de Couzadoiro e San Cristovo de Couzadoiro. Gloria

As festas cada parroquia facía as súas, pero polo resto somos todos veciños. Magdalena

Pedímoslles que tenten recordar o que vían, o que sentían cando eses dous eventos se aproximaban no calendario.

Pois aquí habíache unha festa que había que vela! Buf! O Loreto e o San Cristovo eran as dúas moi seghidas, ás veces case non se levaban oito días. Pero a min ghústabame sobre todo a do Loreto, en setembro, aí, mi madre! O segundo domingo de setembro. Había cantinas todo arredor tapadas con lonas e así. Tomabamos gaseosa cun disco de limón. Había tanta xente, tanta que aquilo era demasiado! De comida para a festa sempre se facía algo máis especial, un polo asado. Gloria

Comíase carne sobre carne, porque facías o cocido e despois o asado atrais. Hoxe xa cambiou a cousa, ou tes marisco ou tes pescado. Carmen C.

O costume era ese: sopa, cocido e carne asada. Era o que se facía antes. Orosia

Tamén houbo sempre o Santo Antonio, despois xa non.
Carmen S.

Era preciosa a festa aquí. **Gloria**

Pasabamos diante daqueles rapaces que nos gustaban a ver se nos collían bailare. **Carmen C.**

O twist, La chaparrita, Doce cascabeles son algunhas das cancións que, divertidas, contan que bailaban. Iluminánselles os ollos falando daqueles momentos. Estabamos nese mesmo lugar, no campo da festa onde celebraban, bailaban e moceaban.

Gustábanme tanto, tanto as festas...! Eu era tola polas festas. Unha vez, un ano tiveron o sarampelo e claro, era a festa e eu quería ir. A miña nai tivo que levarme envolta nunha manta, alí nun campo ao alto para que vise toda a festa ao lonxe. Ai, Dios mío! Pero eu quería vela! **Gloria**

O propósito de vivir alén do esforzo diario ten sentido cando as colectividades despregan os seus rituais de celebración. A festas dan sentido ao traballo sen tre-gua e son alegría e adherencia nas comunidades.

Como a xente non veña doutros lados do mundo, as aldeas acábanse.

O DESPOBOAMENTO DO RURAL E O COIDADADO DA TERRA

Na nosa charla mentres visitamos a parroquia faise presente un tema recorrente: o seu descontento co estado de despoboamento que atravesa o rural. Alén do inexacto e o teórico, o rural son elas. Os seus testemuños manifestan a frustración de quen sabe que pouco pode facer para evitar un fenómeno de tal envergadura, iso require decisións políticas máis que accións individuais.

Estades aquí nunha parroquia que había moitísima xente e agora case non hai. A xente, a xuventude estudou e marchou porque aquí non hai onde traballar, entón queda a xente maior nada máis. **Carmen S.**

A xente foise toda porque aquí non tiña vida. **Magdalena**

Tampouco nace xente. Nas aldeas non hai nai. Unicamente que se vaia reproducindo con esa xente que está polo mundo e que veña para as aldeas. Nas aldeas hai para vivire pero tamén hai que ter algo, un traballo, se

non, non se come, se non tes un soldo ou algo. Mira, eu vou sempre á praza a Ortigueira, e tenme dito a min a xente que vén de Madrid ou que vén de fóra, dinme, "pero de que vive aquí a xente?". Vas para a parte de Lugo, todo son industrias, son campos, tamén hai moita ghandería, trabállase doutra maneira que aquí, desta parte non hai unha industria, non hai quen traballe unha terra.

Carmen C.

Camiñamos, ensínannos as portas con contras das diferentes casas, estamos fascinadas con cada recanto que nos invitan a descubrir. Falamos sobre a pandemia e fantasiamos sobre a idea de repoboar as aldeas.

Cantas casiñas baleiras aquí e que non haxa quen... É unha pena! Nunca sen unha reparación, hai que estar sempre encima delas, por moito que arrehgles ou por moito que faighas". **Carmen C.**

Advirten do barato que é comprar alí, só faría falta que a xente se convencesse. Elas auguran moita máis felicidade nas zonas rurais que nas cidades.

Antes, todas as casas estaban ocupadas, con moita familia cada unha, date conta de canta xente eramos! Como a xente non veña doutros lados do mundo, as aldeas acabanse. **Carmen C.**

Continuamos o noso percorrido a pé para penetrar nun núcleo de vivendas abandonadas. A conversación trasládase con rapidez á calidade dos materiais cos que se construía antes en detrimento dos de agora. Afirman con satisfacción que a pedra soubo soste-la estrutura sen case deterioración. "Xa verás a miña casa que pedra ten!", "a lousenta non é pedra boa".

Ao mesmo tempo afirman que progresar implicaba dalgún modo cambiar pedra por cemento.

As de pedra parecíanos que eran máis símbolo de pobreza, por iso gustábannos máis as casas de cemento, que agora non. **M^a Josefa**

Bueno, a min aínda me gustan máis as de cemento. **Carmen S.**

Imos deixando atrás pequenas edificacións mentres elas comparten as súas querenzas arquitectónicas. Demostran unha inclinación especial pola prosperidade que representan as construcións novas, afastadas do estilo costumista do que eran herdeiras.

Este pensamento foi unha tendencia maioritaria no territorio galego e ocasionou unha destrución do interese patrimonial nas áreas non urbanas.



O erro e a responsabilidade da devastación do “histórico” non pode asumilo unha poboación que viviu na miseria e que soñaba, xustamente, cun ascenso social, con casas que coñeceron na emigración, nas cidades. Elas aspiraban a deixar atrás vivendas de aldea pobres, frías e insalubres. É por iso que as consecuencias do que agora nos parece unha aberración, o fenómeno comunmente chamado “feísmo galego”, foi o desacerto dunha administración pública que non ofreceu os recursos necesarios para mellorar as condicións de vida da poboación rural, preservando o acervo cultural da construción tradicional.

Durante a ruta visitamos así algunhas das súas casas: a de Gloria e a súa taberna, a de María Josefa e a escola, ao lonxe a de Carmen S. e na de Carmen C. detivémonos, quería ensinarnos a súa horta e invitarnos a unha guinda, fainas ela.

Ti mira ben que preciosas están as xudías, tamén teño patacas de Venezuela que lles chaman, e tomates, mira que lindos!

SEMENTES DE VIDA: A CASA DE CARMEN E A SÚA GHINDA

O amor á terra e ao propio. A admiración da natureza, do que cada mañá nos ofrece. O esforzo e a perseveranza que necesita. A pausa e a sabedoría de agardar o momento adecuado. A observación dos ritmos e o respecto a eles. É así como percibimos a Carmen C. Desde o noso primeiro encontro con ela. Unha muller que mantivo conectada á tenrura do sinxelo que nutre a alma.

Ata dáme de ghusto, a min gústame moito a labranza.
Carmen C.

Carmen vai á praza con todas as cousas! **Carmen S.**

Ou sexa, temos mel e tamén levo ovos, se teño xudías lévoas, queixos... Porque cando teño leite e mais cando tiña máis vacas facía dous ou tres diarios. O mel, moito ghastamos con el porque lle poñemos corrente ás aves-

pas asiáticas e así non poden entrar. Foi un problema moi ghrande... Iso foi unha epidemia moi ghrande que mandaron para toda España. Carmen C.

Foi máis o coronavirus, Carmen! Carmen S.

Preguntámoslle de que árbores está feito o mel. Dinos que de castiñeiro e eucalipto, "que é medicinal".

Dentro de quince días xa hai fighos maduros. Vide ver as xudías que volas quero ensinar, vide... Mirade todo o que teño, tu mira ben que preciosas están as xudías, tamén teño patacas de Venezuela, que lles chaman, e tomates, mira que lindos! Aquí teño cebolín pero hai aló máis, cabaciñas, cenorias, fabolas, framboesas... Teño tres laranxeiros, figheira de fighos Miguelitos e a outra que veñen en quince días, tamén pereira de pera Hurraca branca e a que hai pola parte de abaixo é Hurraca natural. Un limoeiro... Carmen C.

Estamos fascinadas coa súa entrega ao oficio de cultivar e a paixón coa que nos presenta cada un dos froitos. A horta de Carmen é unha explosión de olores e cores, plantacións que seguen un caprichoso caos con sentido. Estar alí conéctanos repentinamente co momento presente. Miramos ao ceo desde onde nos

chegan uns raios de sol penetrantes, é mediodía de principios de xuño e vislúmbrase como a primavera xa case está chegando ao seu final.

"E agora douvos unha copa de ghinda". Quere que vexamos a súa casa, que entremos a probar a súa guinda, descúlpase, dinos que está todo desordenado porque os seus netos estiveron o día anterior. Carmen desborda xenerosidade en cada xesto, fálanos das súas guindas, de como as comen os merlos e das estratexias que acomete para evitalo. "Queredes unha copina? Moi rica vos está, ten sete ou oito anos". Carmen C.

Pedímoslle que non se moleste pero ela continúa co seu ritual sen atender excesivamente ás nosas palabras. Saca unha a unha as copas da vitrina, límpaas cun trapo e colócaas todas xuntas nunha bandexa das que se escolle cando hai visitas.

Unha vez que se está aquí.. Habará que facer ghasto! Carmen S.

O marido de M^a Josefa, que é albanel, construíu parte da casa de Carmen, explicánnolo.

"Se queredes quedar a comer, eu teño comida feita", di mentres levanta a tapa dunha das súas potas. "Coello,

que rico está! Aí na cociña de leña cociño o máis importante, despois teño todo corrente, non teño butano".

Ensínanos a cociña, a cabeza de xabaril que ten colgada nas escaleiras, as fotos familiares e o salón, onde brindamos coa súa guinda.

"A ver, pechade a porta e vídevos para aquí!". Di esperando que non marchemos.

"A min non me botes, Carmen, que non a quero!"

Carmen S.

"Un pouco si!". **Carmen C.**

"Fáighoa eu, por iso sei que está rica". Probámola mentres di, "bebede, que ghinda hai ata que nos emborrachemos".

Brindamos "para deixar atrás todo o malo, a pandemia toda", brindamos porque "dios nos dea saúde", "por volver a vernos", "polo libro", "por Con voz de muller", "por elas" e "pola saúde para facer máis ghinda, que está moi rica!"

Subíusenos un pouco á cabeza. Elas seguen charlando, "hoxe é día de festa" e "se non é, facémolo". Marchamos rindo, xuntas, collidas do brazo. Xa no coche desvelan

a receita do licor: guinda, limón e uns granciños de café. "O café é a clave, o que cambia o conto", di Carmen C. con ton falcatrueiro.

Mira, pero viches un val máis bonito que o de Couzadoiro?

REHABITAR O RURAL: O AGARIMO DA
COMUNIDADE E O ACOUGO DO CAMPO

Carmen é a mestra de como a existencia cotiá no rural ten sentido. As posibilidades que dá a terra, a bondade do aire fresco, case puro, a calma, o imprescindíbel de dedicar un tempo a "traballar coas mans". Véndoa a ela parécenos que é posíbel. Imaxinámonos facendo as maletas, escollendo algún recanto da parroquia con casas baleiras e rehabilitando, volver vivilo, con amigas, con amigos, con familia. Pertencemos a unha xeración que aínda que de orixe, moitas somos de aldea, constituímonos no desexo incesante do urbano.

Seguimos percorrendo Couzadoiro, paramos nun camiño na sombra, ao abrigo dunha árbore, e propoñémoslles un pequeno xogo. Queremos que en poucas

palabras enumeren algúns motivos para animar á xente das cidades a considerar o campo como unha opción viábel.

Que veñan, que é un sitio moi tranquilo e moi bonito!

Carmen S.

Couzadoiro? Todos somos amighos, aquí vívese moi ben!

Carmen C.

Un sitio de paz pero que ten un problema, que non ten postos de traballo ao redor. M^a Josefa

A xente que se cría na aldea sabe moito máis axiña as cousas que o que vive na vila porque o da vila teno que estudar. Eu díghoo por experiencia, porque teño sobriños que vivían na Coruña e viñan xunto de min cando eran pequenos e ían cos meus para o monte ou calquera cousa. E dicíanlles os meus, "imos ver se atopamos un ghazafello, busca ti tamén". "Que é un ghazafello?". "Cando o encontres, el diracho". E os rapaces volvíanse tolos porque andaban ao monte todo e non atopaban o ghazafello porque non o había. Era inventado! Moitas cousas inocentes que padecen os que veñen das cidades ás aldeas. Carmen C.

Conversamos sobre o teletraballo, persoas desenvolvendo proxectos desde un punto xeográfico do planeta para outro a centos ou miles de quilómetros de

distancia. Aseguran que isto si podería ser un punto de inflexión para as zonas despoboadas, un balón de oxíxeno. En realidade, aseguran que xa coñecen algunhas casas que se venderon por esta razón.

Vide a Couzadoiro, que en Couzadoiro cómese a carne e véndese o coiro! E xa está, e aí vai todo dito! Carmen S

Couzadoiro algho ten, porque a todos os que se foron moito lles pesou non teren comprado unha casa aquí, e agora xa van maiores. Carmen C.

Mira, pero viches un val máis bonito que o de Couzadoiro? Carmen S.

Quen veña vivir aquí tamén ten que traer cartos, pero bueno, pode poñer unha lechugha, un allo porro, unha pataca,... Carmen C.

Explicámoslles que a xente agora non sabe cultivar, "da labranza Carmen é a mestra, é ela, e danos lección de todo"

Ai, mullere! Iso apréndese rápido! Non hai que facer bachiller! Carmen C.

Estallan nunha gargallada.

O que ten malo Couzadoiro é que non hai unha liña (referíndose ao autobús), que non hai nada, que se tes que ir a Ortigueira, tes que pagar un taxi. Tes a praia cerca, si, e Ortigueira está cerca, tes todas as comodidades, o que pasa é o transporte. **Carmen S.**

Date conta de que cando estás durmindo estache crescendo o capital

OS EUCALIPTOS: ENTRE A SIMPATÍA E REXEITAMENTO

Ao longo da ruta con elas, a nosa mirada diríxese ás fincas que nos rodean, todas atestadas de eucaliptos. Son distancias longas nas que case non encontramos árbores autóctonas ou outro tipo de cultivos.

Na terra que se labraba ou que se pastaba, ou que era de regadío, plantaron eucaliptos. Eu xa sei que estás durmindo e dá diñeiro, de momento... Pero despois eu non sei que che diga. **Carmen S.**

E que ti sabes que os que vivimos nas aldeas, ghracias que o que está arredor da casa que sexa dun, que se non é dun,

plántanche ata a porta. Está ben que privaron de plantar así nas aldeas porque deixábannos illados total. Tu date conta que veña o lume. **Carmen C.**

Todo por aquí era labrado e tamén había moito piñeiro, agora o piñeiro non hai quen cho queira. **Carmen S.**

Elas son conscientes dos problemas que ocasiona esta especie. Reflexionan sobre se as consecuencias desta invasión do "ouro verde", que lle chaman algúns, sexa causa ou efecto do propio despoboamento que sufriu a Galicia rural. Aínda así, elas como tanta xente, teñen algún terreo plantado con eucaliptos.

Tu date conta de que cando estás durmindo, estache crescendo o capital... Porque o eucalipto vale ben, eh?.

Carmen C.



The background of the entire page is an abstract, marbled pattern in shades of gray. It features irregular, organic shapes and textures, reminiscent of stone or watercolor washes, creating a complex and layered visual effect.

INFANCIA

Crecendo entre o xogo e as obrigas

CAP . 4 |

INFANCIA

Investigar con elas as súas memorias máis temperás resulta doado. Entenden o valor que achega dar a coñecer a escaseza vivida nunha contorna campesiña, non coa intención de provocar mágoa pero si como reivindicación. Elas tamén queren visibilizar os retos que sortearon ao longo da súa traxectoria vital, ao non ter a fortuna de nacer no seo dunha familia adiñeirada na España dos anos trinta e corenta.

Xuntas queremos percorrer desde a emoción os recordos máis auténticos que as súas mentes xenerosas son capaces de ofrecernos.

A miseria que se pasou antes que non lles dea verghonza dicilo.

INFANCIAS DE ESCASEZA

Oes, non é agora vivir como antes. Ía para a herba porque tiñamos tres vacas e dous bois que eramos catro irmáns e os meus pais. Ía coller a herba ao terreo pola mañá.

Orosia

Miña mai pasounas moi ghordas porque tiña cinco fillos cando papá se foi para Cuba e todos collían debaixo dun cesto. Os soghros dela tamén eran velliños, pasounas bravas porque había moita vida, había cinco ou seis vacas, unha parella de bois, dúas ou tres bestas e era un lughar moi ghrande e había moito traballo. Non lles faltaba pan ao mellor, pero tamén había veces que escaseaba.

Carmen C.

Eu son a máis nova de doce irmaos e un morreu así que menuda irmandade!

De pequena cando daquela ías á escola e xa lindando unha vaca e traballando. Había moita necesidade. Non recordo pasalo mal como o pasaron os meus irmaos porque daquela xa se mataba o porquiño e había patacas,

cando disque con eles nin patacas había, que non se daban ben. E así fun indo, traballando máis, indo á escola pouco, daquela era o que había. **Magdalena**

A miña infancia, hainas peores, pero bueno. Nacín en Corvelle, tiña tres irmáns maiores, dous estaban non estranxeiro e outro pois bueno, estaba por aquí. Pola mañá, escola e pola tarde, coas vacas para o monte. Criei con miña mai e mais co meu irmao, e a infancia era daquela maneira, eran anos moi difíciles. Era unha casa que só había unha nai con dous fillos, os outros estaban polo estranxeiro. Un dous meus irmaos estaba en África e o outro en Luxemburgo. Coñecinos cando eu tiña seis ou sete anos. Bueno... como queres que che diga, para min eran unhas persoas máis, non eran meus irmaos, ao longo do tempo pois xa vas collendo máis relación. **María Josefa**

Foi un parto difícil o da miña nai, non tiveron irmáns, fun filla única, pero bueno... Vivía coa miña nai, co meu pai e coa miña avoa. Con ela quedábame moitas veces, coidábame. Eu fun aí á Pena, á escola, era privilexiada, o meu pai era pirotécnico. **Carmen S.**

Quen é Gloria? Quen son eu? Pois non sei que dicirche... Nacín en Couzadoiro nun sitio alí arriba que se chama O Vilar. Tiven un irmán e unha irmá. Eu non pasei o que

pasou Carmen que naceu un pouco antes, iso pasárono os meus irmáns, eu nacín e o mundo veu para diante. E despois non sei se era porque era a máis pequena, porque o meu pai era máis raro que un demo, pero a min tíñame en "palmitas", e entón dábame que vestir. Os irmáns non tanto, eh? Bastante menos, deixábame ir aos sitios, bueno, aos normais. **Gloria**

De que ano es ti? **Carmen C.**

Nacín no 45. **Gloria**

Pero daquela no 45 era tamén triste, eh. **Carmen C.**

Bueno, pero eu era moi pequeniña, entón eu non me lembro das cousas malas que había porque como era tan pequena... Despois dos 50 a cousa xa empezou a ir para diante. **Gloria**

A procedencia económica e xeracional de cada unha achegan matices que as diferencia. Aínda así comparten a pobreza do rural de entón, a falta de recursos públicos, as obrigas máis temperás e as imposicións de nacer nena nese contexto.

Daquela pasábase frío. Unha casa que non estivese ben parapechada morrías de frío porque non había mantas como hai hoxe para meter nunha cama. Botábanse ao mellor chaquetas ou abrighos encima. A miseria que se pasou antes, esta muller non o conta (referíndose a Glo-

ria), pero os seus pais tamén a pasaron. Que non lles dea verghonza dicilo porque non podíamos facer outra cousa.

Carmen C.

Os colchóns eran de pluma de millo. **Magdalena**

Eu vou facer unha pregunta, perdoa, por que non houbo máis xente aquí? **Gloria**

Gloria interrompe a conversa, segue estrañada pola ausencia de moitas mulleres da parroquia na nosa primeira sesión. Comprométense a chamalas para que asistan o próximo día. Din que son “moi de participar nas actividades que se organizan”, non entenden por que non están. Volver nomear a non elixida abnegación aos coidados e o medo ao coronavirus.

E así ían arreglando a vida.

A AGUDEZA DO INXENIO NA SUBSISTENCIA

A necesidade constante na cotiandade das súas infancia vivíase con resignación e agradecemento. Carmen é capaz de relatar con detalle os quefaceres e estratexias que acometían para aliviar a miseria.

Unha vez miña nai, que en paz descanse, había que cocer e non había con que, e foi para a feira das Ghrañas. Non levou unha peseta para comprar nada, pero foi con súa mai e comproulle un acivro, custoulle tres pesos e vendeuno en cinco. E xa trouxo para cocer na casa e mais aínda trouxo cartos. Daquela era moita pobreza. Eu cos anos que teño xa acordo de facer o mundo, eu agora non sei de que se queixa a xente. Traballos pasaron os nosos pais sen luz, acendíase unha luz de carburo. Miña irmá, que aínda vive, ten cento un anos, e dicíame, “Carmen, colle o candil e venme alumar que vou cosere”. Sen luz, facendo a encaldada para as vacas todas... Botarlle augha, botarlle verzas, fariña... Agora as vacas medran por todos os sitios, non fai falta quentarlles a augha, aos porcos tamén lles había que cortar as verzas, escaldalas, botarlles a fariña alí para que comesen. Agora naide fai iso, eu non sei se a xente non viu outra cousa, claro... Os de antes non viron e non tiñan outra cousa, entón, facían como o viran. Aquilo era moita penuria. Daquela todas as casas eran iguais. Non había. Si, se traballaban tiñan máis que comer pero na pobreza estaban todos. **Carmen C.**

Algunhas familias acollían a raparigos e raparigas sen recursos de parroquias lindeiras para que, a cambio de alimento e acubillo, colaborasen no traballo de casa e de labranza.



Nós tiñamos un criado: criouse alí, traballaba e comía e nada máis. Era dunha familia de alá, das Ghrañas, que tamén estaba a pasar unha miseria. Era do tempo dos meus irmaos, entón collía herba para as vacas e lindaba, quitaba as bestas, quitaba os bois, quitaba todo para fóra. Estivo ata que logho casou na casa. **Carmen C.**

Televisión non había e radio tiña quen a tiña, así que estabamos con mamá, que en paz descanse, mentres calcetaba, facía calcetíns e fiaba.

UN DÍA NA VOSA INFANCIA

Todas proveñen de casas que vivían do campo e dos animais, por iso moitas das súas obrigas teñen que ver co traballo de labranza. Os tempos do día organízanse en función das necesidades do terreo, da alimentación dos animais, da temperatura ou dos momentos de luz e escuridade de cada estación do ano. Nelas percíbese a humildade de quen sabe escoitar e adaptarse ao ritmo da natureza, un proceso que non marcan elas e no que non poden influír.

Levantábaste e almorzabas o que había. Ao mellor leite con pan, porque chocolate non había daquela, nin café tampouco. E despois ía á escola de dez a unha. Viña para casa, comía, e correndo a traballar ou a lindar... Ou quedaba na casa para facer a limpeza das camas, da cociña e todo por alí. Se che daba tempo ías dar unha volta por calquera sitio. Levar as vacas pola corda era un inferno porque as vacas non comían porque non tiñan que comer, os campos estaban como isto (senalando a mesa). Despois había que ire poñer as patacas ou recollelas. Cando era o tempo de segar había que facer o mesmo co trigo e mallar. Nosoutros limpabamos o trigho e carretabámolo para á casa. **Gloria**

Nós entrabamos ás nove na escola. Sempre en zocas, que as facían os meus irmaos.

Eran todos os días iguais. Levantábaste e ías á escola, despois cheghabas á tarde e xa non había luz, había que acender o candil. Miña irmá: "imos muxir, Carmen". Había que quitarlle todo o leite á vaca, non llo podías deixar, así botabamos un anaco. Que non volvan eses tempos.

Carmen C.

Carmen lembra ir ao monte na primavera para buscar niños de paxaros con ovos. Levaban unha tixola pequena e cociñábanos ao sol. Explicanos que cando

tiña sorte podía comelos. Tamén mencionan outros momentos cotiáns de intimidade e conexión en familia que resultaban nutritivos entre tanta dificultade.

Eu sempre me deitaba moi cedo. Televisión non había e radio tiña quen a tiña, así que estabamos con mamá, que en paz descanse, mentres calcetaba, facía calcetíns e fiaba. Mirabámola, estabamos con ela un pouco ata que nos daba o sono. Despois cando cheghou a luz aínda cosía algo, encantáballe, dun retalliño de nada facía moita cousa. Ela traballaba sempre, se máis grande era o día, máis grande era a romaría (ri). Gloria

Ceábase e se se contaba algún conto pois escoitabámolo. Aghora xa non se poden contar contos porque escoitan a televisión. Carmen C.

Mentres que as nenas facían as cousas eles miraban, xa daquela había machismo.

TAREFAS E MANDATOS DE SER NENA

No percorrido que facemos con elas aos seus recordos infantís decatámonos da existencia dun condicionante común que intervén como elemento obstaculizador

nas súas oportunidades de desenvolvemento e goce: o xénero. Ser nena supuña atoparse cunha roca no camiño que non permitía avanzar sen reviravoltas. Máis carga, máis cansazo, menos liberdade e menos posibilidade que os nenos e os homes para construír un proxecto propio.

As nenas e os nenos facíamos cousas diferentes. Por exemplo lavar, eles non lavaban, nós si. Xogar si, todos ao mesmo, pero nos traballos era distinto. O neno xa collía a súa carreira e as mulleres pois a lavar, a pasar o ferro, a fregar. Mentres que as nenas facían as cousas eles miraban, xa daquela había machismo. Gloria

Axudar a todo coas vacas e con todo o que podíamos que nos mandaban. E iso, con sete e oito anos xa tiñamos que facer de todo. Magdalena

Aquilo era escravitude, ir lavare. Tiñamos un reghadío que aínda estaba ben lonxe da casa. Alí fixeramos un pozo de cemento e había unha fonte que daba augha todo o ano. Collían tres ou catro no lavadoiro para lavare, e baleirabámolo de cando en cando e limpabámolo. E había que vir cunha cesta da roupa ou cunha cubeta desde aló abaixo ata a casa, para estendere. O pozo que tiñamos na

casa secaba un mes ou mes e medio no verao e tiñamos que ir a aquela fonte cunha sella na cabeza e un cubo na mao desde alá abaixo e todo para arriba, para casa. Levabamos un fouciño e unha corda para coller no reghadío un feixe de herba para traeren as vacas encima, que despois íaselles escorrendo das costas para abaixo. **Carmen**

Igual viñamos da festa da patroa en Ortigheira e nin para a cama iamos. Iamos seghar o trigho ou carretar a herba ou mallare. Nós non tiñamos descanso. **Magdalena**

Aínda que comésemos mal, comiamos san, comprendes? Porque hoxe non pasas sen o peixe, non pasas sen o bisté, sen o polo, sen o coello... Pero antes todo se criaba na casa.

O SABOR DA TERRA

A comida por abundancia ou por falta dela, a comida como preocupación ou como motivo de celebración. A comida en cada época do ano ou en cada momento da vida. Sobre os pratos que se cociñaban e sobre os alimentos que producían e consumían é do que queremos falar con elas agora.

Que comiamos? Pataquiñas cocidas, touciño, roxós, un caldo que duraba varios días. Eu antes si que comía esa carne que había, agora o touciño entrefebrado non sabe a nada. **Magdalena**

Daquela comíase se matabas un porco. Tamén peixe, que ían polas portas. Os berberechos o que facíamos era cambialos por un cacho de pan. **Carmen C.**

Couzadoiro é unha parroquia de interior, o acceso ao peixe era máis limitado que noutros lugares como Espasante, pero aínda así nos explican como o adquirían e cal era o proceso de conservación.

No tempo de decembro e de xaneiro se tocaban un corno alí na Ponte Nova era porque viñan as lanchas cargadas de chicharrón e ía todo o mundo con carros e vacas. Quen tiña bicicleta ía coa bicicleta. E traíamos o chicharrón e poñíámolo na herba seca ou en palla no palleiro. Botábase unha noite apostando nel para salgalo e pola tarde, ao mellor había augha ou lume, e botaban alí un chicharro e xa o comían con pan. Había que salgalo todo, sacábase lle a tripa, a cabeza, e lañábase e poñíase ben postiño en caixas e botábaselle sal. E despois levantábase e poñíase a curar no hórreo colgado ou onde for. Pero agora se fas iso, coas moscas que hai non o podes facer, porque antes non había tanta maleza como hai agora. **Carmen C.**



Falan de como cambiou o clima, do duros que eran os invernos antes e dos inconvenientes que ocasionou o aumento da temperatura nesta zona.

Acórdome de ir coller os nabos para as vacas e ter que sacudilos co fouciño da neve que había. Pasabamos os meus irmaos e mais eu unha semana arrolando pola neve nun campo abaixo. Había unha chea de neve. Agora eses invernos acabáronse por iso hai tanta bichería. O clima que tiñamos antes cambiou, era todo máis san, non había sulfatos, non había nada, a xente estaba máis sa, era máis dura. A xente que traballa é moito máis sa que a que non fai nada. Iso hoxe tamén é. Aínda que comésemos mal,

*comiamos san, comprendes? Porque hoxe non pasas sen o peixe, non pasas sen o bisté, sen o polo, sen o coello, pero antes todo se criaba na casa. Se tiñas un coello comíalo, non ías ás carnicerías, non ías ao supermercado, ías ás tabernas e collías un quilo de azucre, unha pastilla de xabón, un litro de aceite. Eu aínda me acordo que me daba miña nai cinco pesos. Nós mercabamos na Casa de Anselmo. E se non tiñas cartos levabas unha ducia de ovos e cos cartos que che daban xa levabas o que necesitabas. E así ían arranxando a vida. **Carmen C.***

Cóntannos que buscaron estratexias para sobrevivir. Normalmente o troco era a máis utilizada nestes casos, "se ti tes patacas e eu ovos arranxamos ben". O apoio mutuo entre veciñas e veciños formaba parte da lóxica da comunidade.

Elas mencionan con frecuencia o anhelos que tiñan ao pan de trigo. Era un premio do que non podían gozar con asiduidade, á fin e ao cabo non pertencían a familias cunha economía desafoxada, así que só o tomaban en contadas ocasións.

*Os meus irmaos, fomos trece, eses si que pasaron traballos. Eu fun a última e xa podo dicir que comín pan... Daquela maneira, pero pan. Iso si, pan de maízo, algo de trigo que había de cando en vez. **Magdalena***

Que ben sabía o pan de maínzo (con ironía), eu non o podía ver. Agora haino a vendere e nin miro para el. Non o quero nin dado (rin), xa comín abondo cando era nena. Era chegar da escola e facerlle así ao bolo, coller un belisco e marchar lindare. Gloria

Recordo que se daba olor pero estabamos afeitos a ese olor. Eramos moitos e lavabámonos cun balde.

OLORES, AS MEMORIAS INESQUECÍBEIS

Escoitándoas parece que as súas papilas gustativas volven experimentar no presente os sabores daquelas receitas que as alimentaban de nenas. Algunhas viandas resultábanlles verdadeiros manxares, como o pan de trigo, e cara a outras, en cambio, sentían case repulsión.

Os sabores e os cheiros teñen o poder de apelarnos con inmensa facilidade. O aroma do caldo cocéndose durante horas, o pan no forno de leña, as castañas na lareira, a herba recentemente segada, cada un cóntanos unha historia diferente.

Eses cheiros tiñan moito que ver tamén co primario, a coexistencia entre animais e as faenas de labranza. As condicións de hixiene e a salubridade eran escasas para elas e para os seus maiores. Moitas non podían dispor de produtos de coidado persoal, nin tampouco ducharse. Os cheiros eran a consecuencia da falta de recursos domésticos e do traballo sen tregua. Adoítaban asearse para eventos concretos, para unha festa, poida que para ir á misa, porque nas clases menos adiñeiradas, en realidade, non había tantos momentos de exposición e relación social alén do contacto diario coa veciñanza. Non había grandes festividades e, polo tanto, non resultaba prioritario nas súas rutinas.



Eu recordo algo de que igual os maiores non se lavaban tanto como aghora. Estaban afeitos así. É dicir, recordo que se daba olor pero estabamos afeitos a ese olor. Eramos moitos e lavabámonos cun balde. Agora que lle chaman balde das vacas, antes chamabámoslle cuba, era de madeira, as primeiras que viñeron, que nin de plástico eran. Usabamos iso para lavarnos aí de pascuas en ramos, polo menos a xente maior. E coma min, todos os veciños. Colonia non había, que che hei dicire! **Magdalena**

Ao ter que quitar o esterco tamén ulías a esterco, ulías á cousa do campo. **Carmen C.**

Un olor bo era o das festas, cando se facía un asado, pero iso pasaba dúas veces no ano. Hoxe xa non o comemos de cansos que imos de callos. **Magdalena**

Os olores máis fortes? Era a carne asada que miña mai cociñaba moi ben. E mais nas aldeas de antes, cos porcos na corte ou na mesma casa, iso tamén daba moito olor. **Carmen C.**

Pero non obstante ghustábanos iso porque estabamos afeitos. Eu recordo o primeiro xabón que empezamos a comprar cando eramos pequenos, ese xabón que lle chaman La Toja, que aínda o traigho hoxe. Que ben ulía aquel xabón! Oíches, lavábaste hoxe e mañá á mañá aínda ulías a ese xabón, aghora xa non é así, eh. **Magdalena**

Quixera que viñeran eses tempos, un mes ou dous, para a mocidade, para aghora, para que soubesen algo do mundo. **Carmen C.**

Si, si. **Magdalena**

Non lles quero que boten un ano, pero algo si. **Carmen C.**

Chéghalles ben un mes! Non aghuantarían! **Magdalena**

Hai algúns pobos polo mundo que aínda viven desa maneira, non aquí en España ao mellor, e están afeitos e xa non cambian a mellor. Que nosoutros aínda cambiamos a mellor e vivimos doutra maneira. **Carmen C.**

Eran tempos moi duros, que non volvan. **Magdalena**

A miña nai sempre me deu moita pena, non tiña auga en casa, tiña que facer todo no lume, nin lavadoras, nin nada. **Gloria**

Antes, perdoando a frase, todo era merda. Porque poñer unha pota ao lume, toda chiscada por fóra, poñíala, había que lavala outra vez, poñías as mans perdidas, non había ghuanes nin había nada. Aquilo era a miseria máis ghrande do mundo. Hoxe todos somos ricos e a xente quéixase, aghora non hai lume, non tes que atizar o lume

para que non morra, todas as semanas tiña que fregchar os azulexos da cociña. Eu aghora teño todo corrente.

Carmen C.

Agora a vida é máis fácil. Nas súas palabras recoñécese o grande alivio de quen non tivo nada e de quen demostra unha gran satisfacción coa sinxeleza "acomodada" do momento presente.

Moita xente tiña as "orellas comidas".

OS ANIMAIS NA CASA

Os límites entre as familias e os animais diluíanse en varios sentidos. O vínculo era máis íntimo porque necesitaban asegurar en primeiro lugar o seu benestar, para logo obter máis produción, máis ovos, para que non enfermasen, para que seguisen dando leite ou para que engordasen e poder obter bo produto o día da matanza. Era un *quid pro quo*. Ti dásme, eu douche. O espazo que ocupaban ademais era case o mesmo. Normalmente, como nos contan, había unha porta directa que comunicaba a cociña coas cuadras. En moitas ocasións convidábase a entrar ao animal para que

puidese comer os restos que sobraban das comidas. Os incidentes tamén tiñan lugar con maior ou menor asiduidade. Cóntannos algunhas anécdotas.

*Unha vez saíu miña mai da casa, aínda tiña ao meu irmao nun berce na cociña e estaba durmindo. Foi coller unhas verzas para botárllelas aos porcos que tiña na casa. Pero había unha porca de cría e sempre estaba co fociño levantando para saír. Ela quería saír, e miña mai foise para as verzas e o pícaro quedaba no berce. Cando viu que a porca esa, que era moi grande, levantara a porta para arriba, pasara para a cociña, levantara o berce e viráralo... Imaxina! A miña mai pensou que lle comera o fillo! Vaia berros disque pasou. Pero levantou o berce e aínda estaba o neno durmindo non chan, nin espertara. **Carmen C.***

*Sábese de moita xente a que lle atacou o porco. Ao estar na propia casa ou no cuarto contiguo os accidentes cos porcos eran os máis comúns, moita xente había con "orellas comidas". **Magdalena***





Eu era unha turica de volta e media. Facía tantas cousas malas como había. Todo.

AS TRASNADAS E OS XOGOS

Gústanos que compartan aquelas historias que aínda hoxe ao lembralas provócanlles unha gargallada desmedida. Son mulleres maiores e nenas ao mesmo tempo. Tentamos tirarlles da lingua, queremos coñecer algunhas das súas memorias cargadas de falcatruadas, ese pequeno superpoder tan característico da infancia. Brincadeiras e trasnadas que actúan con irreverencia ante as cargas e as responsabilidades diarias.

Eu era unha turica de volta e media. Facía tantas cousas malas como había. Todo. **Gloria**

Bueno, eu fixen unha, eh! (Interrompe Carmen). Escribinlle unha carta a unha amiga miña coma que viña dun mozo de Bilbao, de Baracaldo, pero moi redactada: que a quería, que estaba emocionado por ela, que sabe Dios... Pero que lla ensinase a Carmiña. Carmiña era eu (aclara), que tamén tiña parte nela. Ai, chegha a Anuncia coa carta a xunto de min, estaba tan contenta que non sabía por onde viu de andare! **Carmen C.**

A parola anímase ao evocar algunhas anécdotas xuvenís "inconfesábeis". Tratamos de reconducir a conversa retrocedendo aínda máis no tempo, cando experimentaban a alegría inocente que lles ofrecía o xogo. Todas queren intervir. Sobrepoñense as súas voces, mutuamente apóianse nos seus testemuños antes case de empezar a falar. Aseguran acordarse moi ben.

Pois xogabamos á chapa, á corda, ás veces con bonecas ou potiñas. Eu acórdome que tiña unha amiga que a avoa estaba en Ferrol e ela estaba aquí cos pais. A súa avoa cosía así que sempre tiña cartos e traíalle sempre algo á neta. Un día tróuxolle un xogho de potas e ela, miña amiga, quería tanto que partiu unha metade para ela e outra metade para min... A aleghría máis grande do mundo. E se tiña unha boneca e así... Ela quería ben. Como eu non tiña, ela deume. Sempre nos quixemos moito e aínda agora que nos vemos de cando en vez lembramos o anti-ghuo. **Gloria**

Pero sabes cales eran os xoghetes que tiñamos? Pois unha espigha de maínzo! Deixabámoslles o pelo de punta ou á amarrada e envolviámola e era unha boneca. Unha vez déronme unha boneca, bueno, aquilo era o máis do mundo, pero meu irmao para facerme rabiare botoulle unha piarola ao pescozo e púxo a colghada na cambota da fu-

meira que había puntas para colghare chourizos e iso, e aínda me acordo o que chorei. Como era a máis nova, sempre me facían rabiare. Eu acórdome máis das cousas máis pasadas, ighual que das que fixen onte. **Carmen C.**

A falta de medios puña a proba a súa imaxinación. Unha mala herba do terreo ou un prato roto podían ser os cachifallos perfectos cos que estar entretidas durante horas.

Dáste conta dos nabos que había para as vacas? Con eses facíamos un carro, facíamos as rodas, e como di Carmen, a boneca dunha espigha. Tamén facíamos carretillas de madeira e tirabámonos para abaixo (rin). Levabamos cada zoupada...! **Magdalena**

Ai, muller! Eu recordo que había uns zancos que non sei se sabedes como son, e teño andado nos zancos dos meus irmáns moitas veces. **Orosia**

Algunhas como Carmen tiveron a sorte, xa de adolescente, de ter un dos agasallos máis desexados pola maioría, unha bicicleta.

Eu pedinlle unha bicicleta á miña nai cando era moza xa, tiña dezasete anos, e caro lle custou darma porque non había. Á noite levantábame para ir ao servizo e ía onde

estaba aparcada para mirala porque estaba namorada dela total. **Carmen C.**

A min cando me deixaban vir ao teleclub. Eu de número primeiro estaba.

O MOMENTO MÁIS FELIZ

Os seus testemuños sobre o xogo e a creatividade inspíranos a seguir afondando sobre a ledicia no sinxelo, e lévannos a exporlles un reto emocional algo inusual para elas. Pedímoslles que pechen os ollos e guiámolas por un camiño de retroceso, que pretendemos que sexa agradábel, cara as súas infancia. A nosa intención é que rememoren o momento máis feliz que sentiron cando eran nenas. Elas están confiadas e abertas, dispostas a volver experimentar o que a memoria, ás veces caprichosa, lles traía.

Pero o certo é que para algunhas o seu cerebro volve antes aos momentos de desacougo que a calquera outra vivencia máis amábel. Os eventos que as fixeron estar máis alerta, mesmo aqueles que foron traumáticos, son os que conseguen expresar con máis faci-

lidade cando evocamos as súas memorias infantís. A necesidade de "autonarrarte" para sandar, para comprender, para recoñecer o difícil do vivido. Son fortes, agradecen tamén as súas penurias. Cóntannos con humildade que teñen suficiente, que poden comprar pescado todas as semanas e que teñen unha casa con todo o necesario. Os bens materiais superan as súas expectativas, son a compañía e os afectos, para varias delas, as súas grandes saudades.

Poñemos a gravadora no centro da mesa, míranse entre elas, non teñen moi claro cal é ese momento máis brillante do que poderían falar. Miramos a M^a Josefa, queremos saber se é capaz de rescatar algún instante emocionante, bonito e especial.

Xa se olvidan, verdade, María?. **Carmen S.**

Non recordo ningún momento feliz, non. **M^a Josefa**

Eu podo dicir un. A min cando me deixaban vir ao teleclub. Eu de número primeiro estaba. Encantábame todo aquilo. Había un cura moi artoso (artístico) que facía veladas. Entonces, nese escenario, aí mesmo (senalando a tarima), veña a facer comedias, que a xente que estaba por aquí ría moito. A min encantábame aquilo. Fixemos unha da Virxe de Fátima. **Gloria**

Tamén había iso de que ías a unha casa e xogabas a partida, e ao outro día viñan á túa.

A VIDA EN COMUNIDADE

Había un trazo da sociedade de entón que todas lembran con agarimo, as vivencias que probabelmente atesouran con máis satisfacción. Están orgullosas porque eses espazos si as definen. Fálannos de apoio, de compartir, do coidado entre as persoas da comunidade. Sempre era un bo momento para se atoparen, para se escoitaren.

Hoxe era na túa casa e mañá era noutra casa porque íamos uns para casa dos outros. "Vide á noite", "si, vou". Que hoxe cada un está na súa casa. Aghora non existe iso. Podes ter un cento de veciños que naide vai ás casas uns dos outros. Se che veñen os fillos si, pero do resto nada. **Magdalena**

Home, ás noites, ao non habere televisión e radio poñíámonos a falar. Había outra unión de familia que non hai agora. A primeira radio que veu para aquí foi para a sala, que a trouxo un que era do Porto de Espasante que facía viaxes a Cuba. Entón era unha radio que lle chamaban "Tatarachi". Viñan todos os de arriba e todos os de abaixo. Xuntábanse nesa casa a vere a radio. E cando cantaba

Julio Iglesias, María Santísima! E o dono da casa sempre pendente da roda para que non se fose a emisora. E xogar ás cartas, e era o que había. **Carmen C.**

Son fillas do común. O individualismo era unha terra case inexplorada daquela. Algo que se contrapón co momento histórico actual. Escoitándoas entendemos a súa decepción co presente. Pero elas seguen despregando o que son a pesar de todo. As súas identidades son en si colectivas. Educáronas para se preocupar polos demais, para repartir o que tiñan. Se plantan patacas, lévanche un saco, se hai tomates, kiwis ou grelos, o mesmo.

Por exemplo, ao traballar na terra xuntabámonos máis, íamos axudarche a ti, tu para o outro día, e así andabamos todos. Había máis relación social ao mellor da que hai agora porque agora xa nin plantas patacas. Se plantas alí catro cousas é para ti e plántaas ti só practicamente. Se era coller millo, xuntabámonos uns cos outros, se era seghar ou trigho ighual, había as mallas. Tamén é certo que era así porque había máis xente, porque hoxe xa non queda naide. **M^a Josefa**

Claro, é que aghora tampouco hai a labranza que había antes. **Carmen C.**

Tamén había iso de que ías a unha casa e xogabas a par-

tida, e ao outro día viñan á túa. **M^a Josefa**

Nesa convivencia non se lles escapa que había quen se aproveitaba da confianza do resto para saír gañando.

Despois había cousas... Xuntábase tanta xente porque uns eramos sete, outros cinco, outros dous e facían cousas un pouco pesadas ás veces. Ighual se aquel tiña no hórreo carne ao mellor íanlle pillar un pedazo para despois xuntarse tres e comere. A min tenme pasado. Pero pasabámolo ben e divertíámonos. **Magdalena**

Meu papá e os meus irmaos contaban moitos contos das fechorías que se facían por aí. Estabamos todos xuntos arredor da lareira. **Carmen C.**

Carmen explícanos que bota en falta as reunións familiares para "contar contos" que pouco tiñan que ver con fábulas imaxinarias, se non que eran a vida que transcorría máis aló dos límites das súas propias casas.

Os contos eran falar do que pasaba naquela familia. Aqueloutro, e os outros tamén falarían de nosoutros. Falabamos das noticias que sabíamos. Hoxe non se sabe noticia ningunha nada máis que atendes á televisión porque non hai xente para falar con ela. Eu aínda conto os contos mentres ceamos. **Carmen C.**



Á escola ía pouco porque mandaban máis aos homes, na miña casa era así porque tiñan que saír polo mundo e entón as mulleres case nada. Nós íamos coas vacas, pastalas.

A ESCOLA

A clase social á que pertencías e o sexo que habitabas eran as causas e as rémoras que normalmente impedían ás nenas desenvolverse alén dos labores domésticos, do coidado dos animais e das tarefas de labranza. Un traballo en si esgotador que pouca enerxía deixaba para a aprendizaxe intelectual.

A mestra nosa era dona Elena. Eramos catro irmáns, o meu irmán o maior, teño que dicir que era listo, xa morreron os dous hai sete anos. Pero ese sabía de contas que non había mestre case que o igualase. Despois foi para O Viso para dar clase de profesor. Ía pouco porque mandaban máis aos homes, na miña casa era así porque tiñan que saír polo mundo e entón as mulleres case nada, nós íamos coas vacas, pastalas. Pero algo fun, ata os catorce anos. Eu cheguei á regra de tres, non pasei para diante. O meu irmán si. Pero hoxe non a sei, eh. Eu facía a comida na casa, ía coller a herba, quixeron que soubese coser. Nesa debería ter eu catorce ou quince anos. Orosia

Orosia era a maior do grupo, dez anos máis que a seguinte de maior idade. Probabelmente as súas experiencias difiren en parte das do resto, á fin e ao cabo había unha década de diferenza. Igualmente as nenas nadas entre os anos 20, 30 e 40 na Galicia rural comparten relatos moi similares aos seus. A falta de continuidade na asistencia á escola e os mandatos de xénero vinculados coas súas existencias en feminino apartáronas do progreso social. Estaban violentamente acoutadas a ser alguén que non elixiran. A moitas delas custáballes ler, escribir e facer cálculo, manexarse con soltura no abstracto. O patriarcado a conciencia renegounas e conseguiu que moitas non cresen na súa propia valía. O seu reflexo era case invisíbel para a sociedade de outrora.

Moitas tamén eran unha excepción do sistema. Algunhas pequenas rarezas entre os designios das súas coetáneas. Tiñan infancias de estreiteza e miseria, con todo, certas familias, as súas nais polo xeral, apostaron por que elas tivesen as mesmas oportunidades que os seus iguais homes.

Aínda no tempo máis duro do mundo, miña mai facía que a escola non quedase nunca para os fillos. Abaixo da miña casa hai un sitio que lle chaman os "aucalitos", porque hai

"aucaletos", e ela víñanos buscar alá cunha vara para que fóssemos para a escola. A escola que non quedase, eles tiñan que traballar pero a escola sempre, iso sempre.

Carmen C.

*Eu era privilexiada, o meu pai era pirotécnico e ía á escola. Home, que non aprendese era outra cousa, pero... Gustábame ir porque vía ás amigas e xogabamos. Era de nenas e nenos. **Carmen S.***

*Aquí en Couzadoiro por exemplo, non había separacións de nenas e nenos porque eran casas particulares. Noutras parroquias si porque había escolares e aquí non. Onde había os escolares, que fixeron maiormente cos cartos dos cubanos, aí xa estaban feitas as dúas partes, pero aquí eran casas e por iso íamos todos xuntos. Eu creo que esta é unha das poucas parroquias que non hai escolares feitos polos cubanos, en Devesos haino, en San Adrián, en San Claudio... **M^a Josefa***

Escoitando a M^a Josefa dámonos conta do paradoxo. A separación entre o feminino e o masculino producíase con maior frecuencia cando as poboacións ascendían socialmente. A poboación facíase máis conservadora e constrinxida ao ter os recursos económicos para crear, artificialmente, a separación simbólica do que correspondía ás nenas e daquilo que debían facer os

nenos, como explican a través do exemplo dos escolares segregados. En Couzadoiro, ao non ter diñeiro para construílos, as escolas eran casas particulares ás que ían todos xuntos.

*Das últimas mestras acórdome moi ben. Recordo a Concha que a quería moito. Eramos veciñas e tratábame moi ben e era o importante. E viña aquí ao catecismo con ela. O sacerdote era malo, pedíame os artigos da Fe e a min non me entraban e aquilo era medorento, xa non quería vir ao catecismo. **Carmen S.***

Da guerra lembro que viñan buscar homes ás casas, escondíanse e non saían.

OS TEMPOS DAS GUERRAS

Hai recordos que xorden desordenadamente porque si, porque lles impresionaron, porque forman parte da súa historia familiar ou simplemente porque queren contalos.

Carmen fálanos da Guerra Civil. Ela naceu nesa época, por iso era demasiado pequena para entender o que estaba a pasar na súa casa.

Érache moi duro e eu non a acordei como a acordaron meus irmaos, outros tempos piores, acordaron os tempos das gherras. Miña mai, que en paz descanse, tiña tres fillos na gherra. Unha vez cheghou a Ortigueira porque lle colleron un fillo pola zona roxa e non sabía nada del, botou sete anos sen saber nada del. Ata que meu irmao puido escribirlle a un tío que había en Francia, un irmao de mamá. O meu tío escribiulle a mamá dicíndolle que estaba vivo. Había unha gherra civil e os que collían na zona roxa pois todos os días saían camións deles para matalos. E el estaba esperando cando lle tocaba, non tiña mal feito ningún pero ghrasias a Dios librouse. Os traballos que pasou a miña mai, que en paz descanse, iso era insoportábel. **Carmen C.**

Orosia, ao escoitar a Carmen e aínda que é de todas a quen máis lle falla a memoria, conta como na súa casa escondían homes para que non os matasen.

Da guerra lembro que viñan buscar homes ás casas, escondíanse e non saían. Os de Vilar, que andaban escapados, os dous estiveron na casa metidos, ata que sei eu! Ata que puideron saír ou non me dighas! **Orosia**

Lembran, mesmo a pesar da angustia daqueles anos, anécdotas divertidas que reflectían os disparates máis ocorrentes nos momentos de maior desesperanza.

Si, cheghou un día a Ghuardia Civil e aquela xente tiñan os bois na corte. **Carmen C.**

Á Ghuardia Civil había que abrirlle, claro. **Orosia**

E non tiveron outro rotativo nada máis que as irmás agharrarlle un feixe de herba e botáronllelo encima deles! E os bois comendo e eles debaixo da herba! Un ghuardia civil así co punzón, no esterco... (Facendo o xesto de picar na herba). Estiveron moi cerquiña, moi cerquiña de topalos a eles. **Carmen C.**

A Guerra Civil non é a única contenda que viviron. Tamén lembran algunhas anécdotas impactantes da Segunda Guerra Mundial como a que narra Orosia que lle sucedeu sendo ela unha nena.

Pasei moito medo, levaba tres vacas e dous bois. Leveinos a unha ribeira que quedaba en fronte a Cabo Ortegal, en Céltigos. Tocoume a min esa (quedoulle a terra como herdanza). Cóntoche que pasou un submarino pegado a min, onde estabamos na ribeira, e tamén o avión para tirarlle. Metinme debaixo dunha pena porque claro, ao ver o submarino pasar cerquiña de onde estaba eu coas vacas... Alí estiven unhas horas escondida, pasei moito medo! O submarino metíase para abaixo cando viña o avión, non sabes? Ía de Cariño ao Porto de Espasante, unha vez e outra máis. **Orosia**





MOCIDADE E ADULTEZ

Fiando vidas de desafios e cuidados

CAP. 5 | MOCIDADE E VIDA ADULTA

I. MOCEAR

Viñan os rapaces a pillarte a bailar, ao mellor viñan da madeira, todos cheos de cera, pero eu nunca lle neghei o baile a naide.

AS FESTAS

Deterse un espazo breve de tempo antes xusto de atravesar a porta que lles daba acceso á vida adulta, foi algo que lles ocorreu a todas. Non podían entreterse demasiado. A súa mocidade con ansias de aventura, soñadora ou rebelde, mesturábase coa imposición externa de transformar o seu rol de nena a muller con urxencia, sen moita máis espera ou contemplación. E é que case non había unha partida preparatoria, tan

só algúns bailes, algunhas festas que lles permitiron ensaiar e case moverse ao ritmo dunha descoñecida sensación de liberdade.

Como non o iamos pasar ben! Cando a música paraba, á hora da cea, había un quilómetro ata a miña casa, iamos correndo, non había luz e non caía naide. Viamos como os ghatos de noite. Volviamos correndo. Aquilo era o máis do mundo. **Carmen C**

Xa se bailaba con dez anos, aínda sendo moi pequenas, daquela bailábase, eh, e os nenos tamén, que agora xa non bailan así novos. Viñan os cativos e pillábante para bailar. Bailabamos pasodobres e chachachás. Eran músicas que estaban moi ben. A banda borracha e todo iso.

Magdalena

Viñan os rapaces a pillarte a bailar, ao mellor viñan da madeira, todos cheos de cera, pero eu nunca lle neghei o baile a naide. **Carmen C**

Eu non, eu só bailaba cos que bailaban ben. **Gloria**

Era cando se bailaba Doce cascabeles, La Chaparrita...
Carmen C

Pasabámolo ben cando nos deixaban. Había tres festas no ano. San Salvador, San Cristovo ou Loreto e bueno, era ou que había que non había discotecas nin outra cousa.

Magdalena

As rapazas de antes sempre estabamos avisadas polas nais: "mira que non deas un bico que atrás do bico vén o demais".

DAR AS VOLTAS

As festas eran sen dúbida un dos espazos onde o ritual do cortexo despregábase con maior intensidade. Elas, entre risas, vacilan se contarnos ou non como eran aqueles primeiros encontros cos seus pretendentes. Falan con picardía e sorrín pensando na inocencia de outrora.

Nos seus relatos manifestan as cautelas que tomaban para evitar posíbeis desgustos. Non querían ter ningún susto. As súas familias insistían unha e outra vez en que se mantivesen alerta. Entenderon que ser moza significaba vivir co medo pegado ao corpo do que un

home puidese chegar a facerche. A sospeita sobre as intencións do outro estaba en todo momento presente.

Eu sempre desconfiei do meu marido, el estaba en Couzadouro e eu en Céltigos, el tiña outras pretendentas, tamén eu os tiña pero eu non me fiaba. Un día falou co meu pai e díxolle: bueno, non desconfíe de min, eh! Que eu até os vinte e seis anos non podo casar. Daquela xa fun con el até Loiba porque iamos as mozas todas, e el foi connosco. Grazas a Dios quíxome e non pasou nada. **Orosia**





Ti date conta de que aos quince anos ou aos dezaseis xa pensaba unha en ter mozo e ter unha amizade e casar. Eu co home principiei aos dezasete anos. Tiña moitos pretendentes que me querían. Madre mía! Pretendentes tíñaos espesos de Couzadoiro e mais de Loiba e Espasante, de todos os sitios. Non era unha preciosidade o meu marido pero era moi bo, moi bo, moi bo. Entón escollín naquel e aos vinte e cinco anos casei. E despois fun para Suíza. Pois levaba moitos anos con el e algunha cousa había que decidir. Pero non é coma hoxe, tes un rapaz e para o outro día xa o bicas. As rapazas de antes sempre estabamos

avisadas polas nais: "mira que non deas un bico que atrás do bico vén o demais". Eu levaba tres anos co home e non lle daba un bico, a ver quen é a rapaza aghora que vai cun rapaz e que non lle dá un bico. Nosoutros queríamos e el agharrábame para que lle dese o bico pero "eu o bico non llo dou eh, non, non". Todo era polo que me dicía miña mai.

Carmen C.

Aos vinte e tres casei, até os dezanove non andei co meu marido. Tiñamos outros mozos, vaia. Había un que me daba as voltas pero eu tamén tiña outros. Tiña aquí un en Couzadoiro, outro de Espasante, outro no Barqueiro... Que non é como agora, paseábase con uns e con outros. A nai dun que me daba as voltas dime un día: "ti non queres ao meu filliño porque non ten máis que un caralliño". Foi así mesmo, porque el non tiña terreos. Ía ao mar, ía ao bonito, pero cando veu do bonito quería vir comigo pensando que era o meu noivo. E díxenlle: hai cinco meses que te fuches ao bonito, nin tiven carta, nin tiven teléfono, nin tiven nada. **Orosia**



II. A CARREIRA DA MULLER

Para gobernar unha vida hai que falare e, ás veces, discutire.

CASAR E QUEDAR NA CASA

Ser muller e ser adulta implicaba aceptar o sacramento do matrimonio. Todas casaron e a gran maioría viu-se obrigada a abandonar o seu lugar e a súa familia de orixe para trasladarse a unha casa allea, cunha familia que lles era estraña. A algunhas delas isto ocasionoulles un desafuzamento emocional que tardaron un tempo en transitar.

*Ramón (o seu marido) levoume do convite como facendo unha cousa pero era para que non me despedise da xente, non sabes? E quedei xa en casa chorando... Deixaba a miña casa, vin para xunto dos meus sogros que xa eran vellos, pero bueno, o meu sogro deixoume herdeira como á filla e repartiu o seu capital para os tres. Estes pendentos aínda son da miña soghra, eh. Pasei vinte e tres anos con ela. Coidándoa. **Orosia***

Eu co home tamén andamos moitos anos xuntos e despois xa me casei e logho nada máis. Ocupeime do bar, que

*era do meu marido e do meu sogro. Di Orosia que chorou e eu tamén chorei. Sentía a morriña da miña casa, estaba con meus irmaos e con meus pais e despois fun para alí e todo era novo, todo era distinto. Despois os meus pais estiveron enfermos, encamados, grazas a un irmao que quedou solteiro e foi quen os atendeu, eu tamén axudaba o que podía. **Gloria***

*Con quince anos coñecía a un primeiro e xa íaste. Era como dicir a "carreira da muller", que era así. Por saír da casa porque eramos moitos. Eu casei con dezasete anos. Aos vinte anos fun para Inglaterra e botamos un ano e pico, logo viñemos e aos vinte anos tiveron ao meu primeiro fillo. De aí a tres anos, a miña segunda filla, e de aí a tres anos, outra filla. Tres, bueno... Pois con eses tres quedei. **Magdalena***

A consolidación do vínculo conxugal consistía en antepor as necesidades do outro ás túas, ter descendencia coa maior celeridade posíbel e comprometerse no seu coidado con abnegación e resignación. Ese era o significado de ser unha boa esposa e boa nai no ideal franquista do momento, pasando da tutela dos seus pais á custodia dos seus maridos.

M^a Josefa é, con todo, a máis nova do grupo e nese sentido a súa situación foi diferente, igual que tamén o foi a idade na que contraeu matrimonio, algo máis tarde que o resto.

Tiña vinte e oito anos cando casei entón, bueno, pois a ver, chega un momento que chegados a esa idade, despois se queres pensar en ter fillos pois tamén vai sendo hora. Levabamos moitos anos xuntos, dende os dezasete anos.

M^a Josefa

Xa o foi dando o tempo. **Carmen S.**

Gloria míranos tentando pescudar a diferenza entre a súa vida e a nosa, algunhas xeracións despois. Pregúntanos sen pudor se estamos casadas, dicímoslle que non e lanzámoslles unha pregunta que lles permita dar voz aos seus pensamentos.

Que pensades vós de que ningunha de nós as dúas esteamos casadas?

Non! Que pensades vosouttras? Contesta Gloria rindo. E que agora non se leva! Intervén Carmen S. dende lonxe.

Poida que non comprendan de todo as nosas eleccións e as de outras mulleres da nosa xeración, pero as súas

miradas parecen anhelar a sorte deste presente. De ser moza e de ser muller neste momento.

É certo que as máis afortunadas atoparon nos seus maridos un apoio emocional, un compañeiro de vida que as animaba e coidaba cun talante parecido ao que elas demostraban.

Eu co meu marido, eramos un matrimonio ben avenido.
Carmen S.

Eu tamén. O que sabía el, sabíao eu, e o que sabía eu, sabíao el. Eramos unha soa persoa. Para gobernar unha vida hai que falar e ás veces discutir. **Carmen C.**

Unha vida para ser ben vivida ten que ser reñida, non?
Carmen S.

Observámolas, algunhas negan coa cabeza, ese refrán non as convence. Falan da necesidade de chegar a acordos, de tratarse ben, porque como din elas, "xa se sabe que de dous, quen cala sempre a boca ten que ser a muller".

Dinnos que por sorte agora xa non é así.

Mira, eu teño un fillo. Levábanse de marabilla a muller e el, pero chegou aos cincuenta anos e dille a muller, "mira

teño cincuenta anos, é hora de facer a miña vida á miña maneira". E foi certo: colleu e separouse. Agora ela está noutro lado feliz, e el con outra tamén. **Orosia**

Cambiou moito ou matrimonio, moito, moito. Tamén che digho Orosia que se o aghuantou ata os cincuenta anos de aí para adiante é cando máis falta fai un ao outro. Tiñan as fillas criadas, era cando mellor se vían eles que estaban libres e podían gozar os dous para un lado e para o outro. Iso é porque non hai agarimo porque eu do meu home nunca me separaría. Porque o quería e el a min. **Carmen C.**

Eu apuntábame ás cousas todas que había, se había un cursiño de bordado por exemplo, pois apuntábame. Tamén me apuntei aos cursos do "PPO".

A COCIÑAR HABÍA QUE APRENDER

Cando casaron eran aínda moi novas, sabían cociñar o básico para soportar a cotiandade, pero o máis sofisticado para sorprenden aos seus cónxuxes e aos seus invitados en festexos e outros eventos, tiñan que aprendelo. Era como dicía Magdalena: "a carreira da muller".



A miña nai ensinábanos a cociñar, viñan sempre cociñeiras á miña casa cando era o día do patrón. Témonos apuntado vintepico sempre o día do patrón e viña unha señora a cociñar cando era así unha festa. Aquí tamén viñamos a cociña ao teleclub porque ignorabamos moitas cousas. Aprender a facer o Brazo de xitano, recordas Gloria? Faciádesme facer a min unhas cocadas... Xa non recordo, Ghloriña, como se fan! **Orosia.**

Eu apuntábame ás cousas todas que había, se había un curso de bordado, por exemplo, pois apuntábame. Tamén me apuntei aos cursos do "PPO", que nos contaron como

cociñar, como di Orosia. Habará cincuenta anos. Viñeron unhas mulleres e nos ensinaron moitas cousas. Porque mira, cada día facíamos unha cousa distinta. Estiveron un mes e pico. Era gratis todo, entón viñemos moitas, moitas. Era polas tardes. Gloria

Os PPO (Promoción Profesional Obreira) que mencionan Orosia e Gloria eran cursos ofrecidos polo Ministerio de Traballo e, neste caso, impartidos pola Sección Feminina do movemento franquista nas zonas rurais. Neles ensinaban ás mulleres a cociñar e a responder ao resto de tarefas que se lles esixía para seren esposas boas e dilixentes.

Participar en encontros así ou que cociñeiras veteranas acudisen ás súas casas a instruílas era para elas unha forma de progresar, de saciar a súa curiosidade por novas aprendizaxes e saberes que de non ser domésticos, éranlles privados.

Estas reunións formativas tamén lles permitían saír do seu contexto familiar, tomar aire e vivirse alén de ser "nai e esposa". Era unha oportunidade para coñecer e compartir inquietudes con outras mulleres. Sentáballes ben verse e conversar. Eran espazos de apoio e de desafo que lles axudaban a afrontar as súas rutinas diarias

Durante a conversación con elas algunhas reflicten agradecemento pola relación de respecto e bo trato mutuo que estableceron cos seus cónxuxes.

O matrimonio era o medio e o fin dos vínculos. Outros, en cambio, como as relacións de amizade ou mesmo a familia de orixe, enténdense como secundarios. A vida viraba ao redor das crianzas e os seus maridos, o seu amor e o compartir desde o máis íntimo, proxectar cara a un só lugar.

Criei aos fillos con moito traballo porque eran tres e non tiveron quen me axudase nada de nada.

MATERNIDADES

Como *maternar* aprendérono das súas nais e das súas veciñas. Os tempos de coidados e as tarefas domésticas asociadas á crianza estendíanse desde o amencer até máis tarde da media noite. Elas observaron durante toda a súa infancia a mulleres que non entendían o que o descanso significaba nin alcanzaron velas gozar. Así comezaron a edificar simbolicamente no seu sentir o que supuña ser nai.



E os fillos ás doce da noite uns pedían por un lado, outros polo outro. Miña mai sempre dicía: "nunca deixei a un fillo á cama sen cea". Espertábaos un por un e poñíaos a darlles de comere. Ao outro día había que levantarse cedo para volverse pór a traballar e pola noite outra vez, un durmía por un banco outro durmía polo outro. Tiñamos unha lareira e había un banco de respaldo para sentar, ela miraba canto o enchíamos para ver o que creceran os fillos. Durmíamos tirados porque non había sofás como hai agora, non había nada. Había bancos de madeira, non había cadeiras tampouco. Cando ela facía os labores do foghar e de todo pois os nenos adormentaban. Pasaba

moitos traballos, moitos, moitos. Despois os fillos foron marchando e viñan axudarlle cos outros, había un criado na casa. Pero tamén era un neno, pero non daba feito, todo era traballo. **Carmen C.**

Orosia, ti lembrás que os nenos daquela tiñan unha botella pequeniña de ghaseosa e lles poñían para que eles chupasen o leite cando eles tiñan ghanas? Cunha ghomiña delghadiña así como o meu dedo, larga. **Magdalena**

Era o que lle chamaban o biberón. **Orosia**

Aínda non chegaran os biberóns. Mamaban cando eles querían, alí estaban deitadiños. A min sóame de ver iso. E mais vere unhas zoquiñas que lles facían aos nenos cuns furadiños para poñerlles e amarrárllelas aos pés cando os nenos empezaban a andar. **Magdalena**

Magdalena relata a dificultade coa que sacou adiante ás súas fillas e fillos en completa soidade. Ela tiña que encargarse de todo.

Eu ía á labranza con tres fillos que daquela tractor non había, non tiñamos. Traballando coas vacas e levando o neno aí, deitándoo e vixiándoo cando choraba. Eu paseino así porque os criei soa, non tiveron quen me axudase nin nada de nada, coma outros. E así fun indo. E despois, de alí a uns anos, fun para unha empresa da louseira de pi-

zarra. Pero xa che digo, traballando moito chegaba a casa e nin lavadora tiña daquela... Non che había, na miña vida polo menos, porque che estou falando de case cincuenta anos atraís. Criei aos fillos con moito traballo porque eran tres e non tiven quen me axudase nada de nada.

Magdalena

Si, pasábanse moitos traballos. Había que lavar no río, tamén tiña unha vaca, tíñaas que atender, mais as fillas, mais a taberna. **Gloria**

Ser nai era unha aspiración compartida que tiñan como mulleres. O desexo de crear unha familia, de ter un proxecto no que dar e recibir agarimo e afecto.

Había moito tempo que estaba tentando ter fillos. E xa pensaba que non podía pero caín en estado. Tiven un marido moi ghrande, moi ghrande, estaba el coa señora esa de noite e caín. Pasoume unha cousa pola cabeza que non sabía o que era (desfaleceu). Aínda me acordo o que comera aquel día. Fixera os callos no meu apartamento. Caín ese día embarazada, acórdome coma hoxe, das ghanas que tiña de telo. **Carmen C.**

Eu digho coma Carmen, tamén quería ser nai porque tiña moita ilusión por tere un neno ou unha nena. E cando veu eu encantadísima da vida, para min foi unha marabilla. Fun dar a luz ao sanatorio. Era tan linda, así toda peque-

niña... Era preciosa cando era pequena. Foi tan boa de criar, deixábaa soíña no berce e eu ía lavar ao río e viña mirar dela e estaba xogando coas súas maniñas. A outra? Miña nai santísima! Berraba sempre! Saíu chorando e dixeron as enfermeiras: ai, esta nena non cala! E veña a chorar e chorar e chorou sempre. Pero xa de ghrandiña aínda choraba. Ai, miña filla, cantos traballos pasei con ela! Ai, se me viñese outra non había estar moi contenta. E non veu. Cheghan abondo dúas. **Gloria**

Eu axuda do meu home non tiña, nin pouca nin moita.

A CRIANZA EN SOIDADE OU A EXCEPCIONALIDADE DE COMPARTILA

Nas intervencións que fai Carmen C. percibimos unha realidade moi distinta á que experimentaron a gran parte de mulleres casadas da época. Ela expresa o seu vínculo con moita tenrura visibilizando a existencia constante de sostén, apoio e reciprocidade na relación co seu marido.

Coa crianza desfrutaba eu e o meu marido ighual, foi a marabilla máis ghrande do mundo. **Carmen C.**



Gloria e Magdalena en cambio rebélanse contra a falta de axuda marital e a fatiga do traballo sen descanso que as mulleres se vían obrigadas a desempeñar.

Eu axuda do meu home non tiña, nin pouca nin moita. Meu home era taxista e cando tiña viaxes facíanos, e cando non, estaba por onde lle daba a ghana. El tamén sempre estivo fóra da casa, ao ser taxista xa sabes como é a cousa. **Gloria**

A verdade é que non sei como daba feito ou que daba feito, que daquela non tiña lavadora cando tiven aos fillos, logho tívena, si. E xa digho, os meus naceron todos na

casa porque daquela non había diso de ir a residencia nin nada. Ir ao médico si, pero do resto non. Traballos pasei moitos, con vacas e con todo, labrando na terra, que se maínzo, que se patacas, que se as vacas, e eu cos nenos. A vere, eu non sei como facía cos nenos. Deitabámoslos alí e nosoutros traballando non campo. Meu marido fixera un "chismín", era como unha cadeira así parecida de abrir e pechar, non sabes? e deixabámolo aí. E despois chegaba a casa e tiña todo por facer porque eu non tiña a naide que me fixese nada, nada. **Magdalena**

Como era ser nai? Cando naceu a primeira naceu xa na taberna, como era tan boa alí onde a pousaban alí quedaba. Era como unha santa, pero atender a xente da taberna e máis a nena, cambiala... Como dicía Magdalena non había lavadora... Fun tirando alí cos homes (os clientes), pelexando, unhas veces eles comigo e outras eu con eles. Home pelexabamos porque nun bar sempre hai pelexas, un vén cun vaso de máis, un que trae unha copa do revés, entón daquela... A segunda filla, mi madriña! Deixábaa enriba no piso, aínda non baixara eu as escaleiras e miña nai querida! Nin que lle sacasen o pelexo, non paraba de berrar! Ai, foi moi mala de criar. **Gloria**

A familia extensa, normalmente á que pertencían elas, colaboraban nos coidados das súas criaturas, sobre todo cando elas traballaban fóra de casa, o que ao fi-

nal se convertía nunha dobre xornada laboral. Esta situación non lles permitía levar ás criaturas con elas como si lles ocorría a quen se dedicaba á labranza ou ao traballo doméstico sen salario nin remuneración ningunha.

A crianza foi ben pero con moito traballo porque eu seguín traballando. Estaba miña mai e meu irmao na casa e foron quedando con elas. É muito, porque tes un traballo e é dobrado. Aínda que me axudaba miña mai e meu irmao, as cousas como son, durante ou día xa lle cheghaba con atendelas a elas. Chegar a casa e facer as cousas para deixalas para o outro día medianamente preparadas. Deixarlles comida feita. Meu marido tamén me axudou moitísimo nesa casa pero bueno, el tamén traballaba e colaborabamos os dous. El cando cheghaba de traballar, que normalmente cheghaba algo máis tarde ca min, porque era albanel, ao mellor pasábame o ferro á roupa para elas para o outro día ou poñía ou tendía a roupa, os cacharros... Así nos fomos apañando. **M^a Josefa**

Eu tería trinta e un anos cando casei, o meu marido era de aquí. E todo ben porque estaba o meu pai e a miña nai, que eran maiores pero me axudaban no que podían. **Carmen S.**

Cando saían ben as cousas pois ía indo, pero de todos os xeitos moita xente quedou mal, porque nin as cosían nin nada.

PARIR E IR CAVAR Á ROZA

O camiño que percorremos con elas revisitando os recordos sobre as súas existencias como nais diríxenos a un tema de conversación que non abordamos aínda e do que xa antes de empezar queremos profundar con intensidade: os partos.

Resúltanos un privilexio escoitar testemuños en primeira persoa sobre a experiencia de dar a luz de hai máis de medio século, sen case recursos nin atención ao proceso. Estabamos expectantes mesmo por saber se malia a escaseza de medios a vivencia era máis coidadosa.

Queríamos facerlles unha infinidade de preguntas: Como foi? Tiñan axuda doutras mulleres? Había algunha forma, algún truco para superar a dor? Canto tempo tiñan para reporse? Elas rían asentindo con agarimo á fervente curiosidade que observaban en nós.

Había a forza bruta nada máis. E despois cando saían ben as cousas pois ía indo, pero de todos os xeitos moita xente quedou mal, porque nin as cosían nin nada. A maioría nacía na casa. Ás mulleres ninguén lles facía nada. Mais había unha muller aí abaixo, que alí tiñan quen as axudaba, pero para nacer, a duro puño. Haber si que habería médicos, pero non ían porque como non tiñan diñeiro... **Gloria**

Non se ía porque non se tiña seguro daquela. **Magdalena**

Nin cartos tampouco. **Gloria**

Miña mai, que en paz descanse, dun que tivo, era tan grande que estivo á morte total. Despois non coñecía nin á xente. Naide lle contaba a vida, estivo días, eh.

Carmen C.

Eu cando tiven aos meus non había seguro de nada. Parín nunha camiña un pouco decente non como as de antes, porque eu recordo oír falar ao meu pai coa miña mai, que a tiñan deitada na palla do trigho, porque non había colchóns de espuma, non había nada diso ou da pluma de millo. Nada. Eu cando os tiven, eu non estaba nerviosa. Co primeiro tiven unha cuñada comigo que xa dicía ela. Funos tendo ben, o primeiro si botei desde pola mañá, que era un día de San Marcos, ata á noite. E cando foi da seghunda case o loghro nunha hora. Na cama. **Magdalena**

Pero si podías ir ao hospital. **Gloria**

Non, xa che digho que cando tiven aos meus non, logho houbo de camiño, pero cando os tiven eu nada. **Magdalena**

Si que había pero por pagho, eh, privado. **Gloria**

Reafirmanse nesa idea inxusta de que quen máis diñeiro tiña menos sufría e mellor atención recibía. Algunhas tiveron a sorte de poder ser atendidas nun hospital. Elas e as súas veciñas foron as últimas xeracións en España que pariron nas súas casas.

Eu acórdome do da miña irmá e paseábana polo corredor da casa dun lado ao outro, daquela era morrer. Berrando, "Jesús, vou morrere", e dábanlle vómitos. Esas mulleres quedaban... Porque nin as cosían, porque unha primeiriza sempre abre algo aínda que non a corten, quedan mal preparadas, as mulleres quedaban mal. **Carmen C.**

As que estaban emigradas, como Carmen C., puideron optar a unha atención médica adecuada.

Eu do primeiro estaba en París así que xa non foi así. Entrei ás dez da mañá na clínica e ás dúas e media xa nacera o neno. Eu o fillo que tiven, que naceu con catro quilos e oitocentos gramos, se estou na casa pois morrería. **Carmen C.**





Daquela as mulleres moitas tiñan un fillo e para o outro día xa ían cavar á roza. Había algunhas que morrían e que as facían ir traballar. **Magdalena**

Parecía totalmente heroico sobrevivir ás deficientes condicións sanitarias ás que podían optar estas mulleres, e tamén, á falta de coidado e de descanso que se lles negaba despois do terrible esforzo fisiolóxico que supuña parir.

Seguimos conversando sobre os seus partos e os das persoas que coñecen. Déixanos especialmente impresionadas a historia que comparte Magdalena sobre unha muller.

Aquí había unha señora que por unha cunca de chocolate paría. O chocolate non o podían comer que non podían compralo, por parir sempre se daban regalos de chocolate á parida, non sabes? Decía que paría por iso. Mira se era fácil de parire que o home foise pola mañá para o monte e cando veu, ela estaba facendo a comida e díxolle, "tío Lindiño, mira o que hai alí". E estaba a criatura nun berce de madeira alí xa". E díxolle o home, "anda, porca, anda, vaite deitare". **Magdalena**

Están animadas, continúan contando anécdotas doutras veciñas e coñecidas.

A nai de Charro tivo dúas fillas e fixéronlle a cesárea, pareceme que das dúas... Ela sempre se encontrou mal, moi mal, dicíalle á miña mamá que morría. Que ela ía morrer porque non aguantaba da dor no ventre. E sabes que tiña? Deixáronlle, cando lle quitaron a cría, unha pinza dentro. Grazas que era de prata que se non... **Carmen C.**

Preguntámoslles se xa entón se facían cesáreas. "Era de xente podente" contestan.

Entre pregunta e pregunta falan de quen xa morreu, de quen segue viva, dos coidados ás "súas" persoas dependentes. Cando estamos a piques de pasar á seguinte pregunta, Carmen intervéñ para contar a última anécdota.

Ides rir. O marido estaba comigo non parto (ri). Cando eu facía forzas el tamén as facía. Axudábame, eh, el retorcíase como me retorcí eu. E failles moito ben ver como paren as mulleres, si, si. As dúas e media xa estaba o neno fóra. **Carmen C.**

Andar cun mozo un pouco de tempo e xa che deixaba, xa quedabas desertada

O ESTIGMA DA NAI SOLTEIRA OU DA MULLER SEN FILLOS

Ser nai sen un home era un acto indecoroso para unha muller, un sinal gravado a lume que marcaba as súas identidades de por vida. Unha muller sen fillos ou fillas, igual que unha muller sen marido, non eran persoas respectábeis. Todas están de acordo no estigma que supuña ter descendencia sen un pai recoñecido: "era a morte en vida".

Era raro que ti non tiveses dunha maneira ou doutra fillos, aínda que non casases, non sabes? **Magdalena**

Pasaba así, eran nais solteiras, si, si, alobado séa Dios! **Carmen C.**

E que se andabas cun mozo un pouco de tempo e xa che deixaba, xa quedabas desertada. Daquela quedar cun fillo xa era un loito para toda a vida... E hoxe quedas cun fillo e vólveste casar despois. **Magdalena**

Para os homes era sexo e xa estaba, caías embarazada e íanse, deixábante. Hoxe non é así. Ou tes que cargar con iso ou tes que darlle unha paga ao fillo. **Carmen C.**

A vergoña de manter relacións sexuais antes do matrimonio era un pecado imposíbel de redimir se eras muller. A humillación e a deshonra encarnábase nelas mesmo se sucedera perpetrándose unha agresión sexual, como ocorría a miúdo.

Aquí houbo señoras que por exemplo estaban con irmáns e casaron os irmáns e quedaron na casa. **Carmen S.**

Elas carecían de seguridade e liberdade para gozar da sexualidade sen estar atravesadas pola culpa e o medo. Afirmar que unha muller tiña que asegurarse durante meses e mesmo anos de noivado das intencións do seu pretendente.

Onde eu vivía había tres ou catro casas e todas caeron en estado. Dicían, "falta a casa de Alfredo", que era o meu pai. Pero eu tamén ao dicir así me aguantei, aguantei, aguantei. Que o meu marido tamén quería, claro, como os demais, pero de ningunha maneira, non. Ata queouben que me quería, nada. **Orosia**

Había moitos que ían pedire e despois deixábanas quedar. Había moito diso. Mira que valentía daquela! **Magdalena**

Elas proxectaron na maternidade todos os seus desexos e expectativas. A autorrealización acadábase desta forma. Ser muller e ser nai eran equivalentes e o medio para optar á felicidade e atopar un sentido á existencia.

Mira, eu díghoche que calquera muller que quede solteira sexa dun xitano, sexa dun pobre, sexa de quen sexa, debe ter o fillo, por encima de todo. Carmen C.

Eu tamén o penso. Magdalena

Queremos saber como valoran a vida de quen non quixo por elección ou por falta de posibilidade, ser nai.

Home, vese soa na vellez, non ten ánimo ninghún, para quen traballas? Por que traballas? A ilusión dun fillo... Xa sei que mentres es nova traballas para ti, pero chegha unha idade que necesitas ter unha compañía de alghén, se non son os meus fillos eu quedaría aí soa, outro home non me levaba a vida. Hai mulleres que si, hai mulleres que se dedican a outro home, aínda que sexa un cento de horas, pero eu non. Todo ten que ser no seu tempo. Todo ten que ser na súa idade, se namoran aínda que teñan cincuenta anos, aínda que teñan sesenta, aínda que teñan oitenta. Pero eu non son desas. Carmen C.

Expresan a importancia de ter fillas e fillos como "seguro" de coidados e amor na vellez. Non confían no benestar que o sistema público, distante e impersoal, poida ofrecerlles.

A muller esta que hai aquí (unha veciña), que ía ser dela que está impedida nunha cadeira de rodas, se non tivese fillo? Unha desgraciadiña. Tamén hai moito de que che sae o fillo mal, e claro, non serve tampouco. Carmen C.

Eu díxenlle unha vez á miña neta cando foi a Inglaterra: Mira, non me veñas cun inglés, eh, Andrea? Que aínda non o entendemos. E cando cheghou de Inglaterra, veu á miña casa e díxome: "avoa, díxechesme que non viñese cun inglés e non veño cun inglés, que o meu noivo é de San Sadurniño". E co de San Sadurniño está. Orosia

Non era como agora. Ía con casar, era así.

PREVENCIÓN DOS EMBARAZOS

Non nos resultou fácil profundar con elas nas formas e estratexias que utilizaban para evitar embarazos non desexados. Ter máis descendencia da que nun principio se imaxinaban implicaba ter máis bocas ás que ali-

mentar, algo que elas mesmas sufriron durante a súa infancia. Todas querían brindar ás súas fillas e fillos maiores posibilidades que as súas, para que tivesen un porvir acomodado e desafozado.

Eu non me acordo que miña mai me dixese nada. Iso tamén é unha torpeza porque fillos había cantos quería, eh? A maioría da miña idade, había nove, dez a feito. Entón claro, se non estaban instruídas por ningunha cousa é normal que tivese que ser así. **Gloria**

Vosoutros aínda non fostes moitos, nós fomos trece, pero un morreu cuns meses. Cando vin recordare, xa case a metade dous meus irmaos xa non estaban na casa.

Magdalena

Faría cada un como puido. **Orosia**

Non nos dicían nada. Era raro, eh? Que daquela haber iso, contar sobre estas cousas. **Magdalena**

As mulleres antes estabamos máis reservadas. Non se podía falar diso, iso era unha vergonza. **Gloria**

E as nais non nos dicían nada tampouco. **Orosia**

Non era como agora. Ía con casar, era así. **Magdalena**

Mira, eramos tan inocentes que se vos digo unha cousa... Eu viña moito a Couzadoiro porque a miña familia tiña aquí tíos e curmáns. Estabamos sentados tres ou catro mozos e máis mozas e un quitou un preservativo e eu non sabía que era. Estaba eu de solteira aínda. Eran como serán hoxe, non sei que nunca o puxen, nin nunca o tiveron na mao. Eu sei que non sabía o que era, tería catorce ou quince anos, e pedínllor a aquel mozo para meter as pesetas, mira ti! (rimos todas xuntas). Ride o que queirades! El quitouno alí para ensinalo, que estabamos unhas cantas mozas. Xuntarémonos todos en Souto, e eu cando vin aquilo dixen: "Ai, meu deus, que feito é para as pesetas". Era verdade! Porque daquela as pesetas levabámolos nos petos e era moi feito para metelas aí. Algúns gastábano, eu nunca o gastei. Grazas a Dios. Arranxabámonos os dous como puidemos e nada máis. O meu marido nunca puxo un. **Orosia**



III. SIGNIFICADOS E VIOLENCIAS DE SER MULLER

Ai, nena! Porque ser home era todo e ser muller non era nada.

A FALTA DE VALÍA

As súas biografías estaban inevitabelmente ancoradas ao reflexo que o sistema proxectaba sobre "o feminino".

O patriarcado colonizouas, expropioulles a posibilidade de pensarse como suxeitos capaces de desenvolveren proxectos emancipados e separados do estigma do "sen valor".

A ausencia da percepción propia de falta de valía nelas e nas mulleres que as rodeaban foi unha das mellores estratexias para perpetuar a desigualdade no contexto rural, e tamén urbano, da época.

A dominación funcionaba dunha forma moi sinxela: estendíase o pensamento de que a desigualdade respondía a factores puramente biolóxicos. Crían que así

era porque así tiña que ser. Pensáronse inferiores intelectual e fisicamente aos seus coetáneos masculinos, porque así llelo fixeron supor.

Ademais o patriarcado empeñouse en fragmentar sistematicamente o sentido de apoio e loita conxunta das feminidades para subverter as opresións e os mandatos de xénero. O que agora coñecemos coa palabra "sororidade". Esta táctica era moi sutil e á vez imprescindible para mantelas subxugadas mesmo ante as violencias máis explícitas.

Con todo, o paso dos anos, as conversas no "común", nos lavadoiros, nos muíños, nas cociñas, nos terreos, axudáronlles a entender que o sistema non as "ben-trataba" e que as súas comunidades non lles daban o recoñecemento e o respecto que merecían.

Nos encontros con elas séntense coa seguridade de relatalo sen adornos e sen a vontade de xustificar o inxustificábel.

Daquela quen mandaban eran os homes e as mulleres estabamos conformes así. Eu polo menos a min pasoume así. Os homes tiñan axiña traballo e as mulleres na casa. Era mellor ser home que ser muller. Magdalena

Ai, nena! Porque ser home era todo e ser muller non era nada. **Gloria**

Era verdade, si. Díciase que era a potencia dunha casa o home. **Carmen**

Eles facían todo o que lles daba a ghana, ían onde querían e a muller aí somerxida na casa. **Gloria**

Que hoxe non é así, que hoxe a muller ten os mesmos dereitos, pero antes era así. Mandaba o home, o home asinaba e se había capital e o home quería vender, facíao e a muller non contaba para nada. Antighuamente era o que había. **Magdalena**

Así mesmo, así mesmo. As mulleres non ían a ningún lado, sempre estaban aí metidas cos fillos e cos traballos da casa. E o home que se quería marchar para fóra e que o mandaban á escola máis tempo para que soubese máis e todo así. A muller antes estaba moi marxinada, moitísimo, non era nada, non ía a ningún lado aínda que quixese ir. **Gloria**

Os homes para a taberna e as mulleres a traballar na casa. **Magdalena**

Dalgunha forma quítaselles un peso de encima cando expresan con sinceridade o que viviron e o que tiveron que calar. Están satisfeitas ao observar como mellorou a situación das mulleres. Sen dúbida é unha vitoria que elas asumen como propia porque foron, con moitas outras, as posibilitadoras dos nosos dereitos agora.

Hoxe as mulleres mandamos coma os homes. **Magdalena**

Ten o carto coma o home. **Orosia**

Cambiou moito a parella, nena, porque agora a muller deféndese ighual que un home. Antes non, antes a muller era para casa, para facer a comida, para limpar e pasar o ferro. Agora a muller deféndese, por outro lado, tamén hai máis separacións. Os matrimonios agora non aghuantan como se aghuantaban antes. **Carmen C.**

É outra vida totalmente distinta, eu creo, porque antes a muller estaba submisa ao marido e tiña que pedirlle para todo, pero hoxe a muller gaña, a muller xa ten unha vida independente do marido porque xa non lle necesita pedir para todo. E estase vendo, non? Moita muller hoxe deixa ao marido. E por que? A vostede que lle parece? **Carmen S.**

Moi ben agora, que antes non eramos nada, nada máis que para ter fillos e traballare. **Magdalena**

Eu pillei tempos difíciles, eh? Que teño setenta e dous anos e casei con dezasete e sei o que é. Eramos todas en xeral así, quen máis e quen menos... Coma min eran todas, que eu ben o sei, era así. Non se pensaba outra cousa e hoxe non, as novas pensan en estudar e tere para poder mañá traballare doutra maneira. Porque se non casabas antes, xa despois xa non estaba ben visto. Había esa forma de velo. E hoxe non queren saber nada diso. Fan ben. **Magdalena**

O tempo libre era cando durmías á noite.

O ESPELLISMO DO TEMPO PROPIO

Elas lavaban, fregaban, cociñaban, pregaban, criaban, ían ao terreo e ían ao monte. Non tiñan tempo a se deter, nin sequera un instante que lles permitise apreciar todo o camiño percorrido, todos os éxitos alcanzados, todo o esforzo acometido.

O descanso non constituía parte das súas rutinas e o tempo para facer con el o que lles pracesse, tampouco.



Cales eran as súas afeccións? Probablemente non o sabían porque lles faltaba o espazo mental e temporal para preguntarse que lles divertía e apaixonaba en realidade. No entanto, elas tiñan claras as afeccións ou gustos dos seus cónxuxes, que preferían comer, cal era o seu xogo de cartas preferido ou que licor bebían para desconectar da súa xornada laboral.

Ían a taberna a xogar e beber. **Gloria**

O meu home nunca quedou un domingo na casa, e eu quedaba coas vacas, para lindalas, ordeñalas... **Orosia**

Nada, nada, as mulleres á taberna só viñan cando tiñan que ir comprar. Sentar alí e tomar un café non, diso nada. Eles viñan do traballo e tomaban unha cervexa ou un vaso de viño e quedaban alí charlando uns cos outros, ou pola mañá cedo a tomar o café... Non se levaba daquela que fosen as mulleres. **Gloria**

Tempo libre? O domingo un pouco. **M^a Josefa**

O tempo libre era cando durmías á noite. **Carmen C.**

Íamos ó paseo cando podíamos. **Orosia**



Unha muller sempre ten que facer e as nais non che deixan tampouco, hai que facer iso, hai que facer o outro, non había tanta diversión como teñen agora as mozas. Eu viña ao paseo pero nin cando viña ao paseo tiña liberdade da-bondo, que viña miña nai buscarme ao medio do camiño, ou se viña co rapaz, a vixiarme. Non che é a liberdade que hai agora. As mulleres collen, van ás discotecas, veñen ás catro ou ás cinco da mañá ou ás oito. Antes estabamos moi, moi controladas. Para ir a unha festa ou ao salón había que pedir cunha semana de antelación. **Magdalena**

Nosoutras xuntabámonos nunha misa, nunha festa de San Xoán... Alí si, homes e mulleres, pero do resto nada. **Gloria**

***Aguantábase que te rifase, que te peghase...
Aguantabamos todo, e agora non.***

VIOLENCIA DE XÉNERO

As reflexións que acompañan aos testemuños sobre a "falta de valía" á que se enfrontaron como mulleres, desembocan nas memorias de veciñas, familiares e amigas que sufriron violencia nas súas casas conxugais.

Elas, consciente ou inconscientemente, conectan un tema co outro. Entenden que os malos tratos simbólicos e sociais ás mulleres xeran violencia física e psicolóxica nos seus matrimonios e fóra deles. Unha secuela que aseguran ter moi preto.

Antes había moito diso. Aguantábase que te rifase, que te peghase... Aguantabamos todo, e agora non. Se chegaban borrachos aínda lles peghában máis ás mulleres e tiñan que estar caladiñas. **Magdalena**

Si, porque ían ás tabernas e volvían borrachos e tirábanse ás mulleres, sabes? E tiñan que aguantar a malleira que lles daban. Daquela as mulleres... É coma hoxe que tamén hai moito machismo, pois daquela tamén cho había, sabes? O que pasa é que as mulleres aguantaban, non dicían nada e calabán. **Carmen C**

Non existían as separacións nin nada. E mandaban os homes. Hoxe non, hoxe é dos dous. Por min non pode asinar, pero daquela si. As mulleres non valían para nada, nada máis que para ter fillos e traballar. **Magdalena**

O home que che saía mal tíñalo que aguantar. Eu grazas a Dios na miña familia non houbo naide. Meu papá era moi bo, demasiado bo. E nunca souben que maltratase a

ninghunha muller, nin meus irmaos, nin naide, pero había homes de todo. **Carmen C.**

Eu estou en contra dos malos tratos, pero non habendo malos tratos hoxe acaba de nacer unha criatura e xa se separan... Eu tamén tanto, tanto non o vexo. As que o paghan son as criaturas novas que sofren. Eu creo que iso é demasiado. **Magdalena**

As mulleres de antes pasaron moitos traballos. Moitos, moitos. **Carmen C**



IV. OS TRABALLOS DAS MULLERES

Téño que lavare, poñerlle a comida, darlle os medicamentos, de todo, porque el non leva nada. Despreocupouse de todo.

OS COIDADOS

Elas non elixiron coidar. Dábase por feito e quen non o aceptase, quen fose disidente sería cualificada como muller indecente, mala nai, filla e esposa. Renunciar a un proxecto propio e interdependente a cambio dunha total abnegación polos "outros" pasoulles factura e isto ocorreulle á gran maioría das biografías femininas, mesmo aínda na contemporaneidade que nos ocupa.

Como expresa Marcela Lagarde (2005), "o futuro das mulleres, que é o tempo do nunca xamais, está cargado de desexos irrealizábeis. (...) E como nunca estamos onde debemos estar, nin realizamos o que queremos realizar, o presente derrámase e o pasado vólvese un gran cargamento de nostalxia. (...) A autonomía pasa por resolver o pasado, baixarlle o ton ao futuro e vivir

intensa, complexa e profundamente o presente, porque somos mortais e non temos garantía de futuro". (p.100)

Desde esta mirada recollemos algúns dos seus relatos sen obviar a diversidade e complexidade que cada experiencia representa.

*Eu estaba a traballar en Campos pero tíveno que deixar porque os meus pais eran maiores e os meus fillos necesitaban coidados, e punto e nada máis. Vivían comigo, envellecéron comigo e morreron comigo. Antes a muller tiña moito máis traballo porque hoxe hai uns cueiros que os colles e xa os tiras, pero antigamente tiñas que lavalos, pasarlles o ferro e volver a poñelos. Un día na miña vida era atendéndoos a todos eles. Todo o día. Non tiña descanso, eh? Unicamente cando estaban a durmir, pero aproveitaba para lavar. **Carmen S.***

*Eu estiven vinte e tres anos coa miña soghra e deixoume como á filla que tiña de mestra en Cuba e mais ao meu marido. Deixoume herdeira como a eles. Repartiu o capital que tiña para os tres. Tamén estiven vinte e tres anos coidándoa. **Orosia***

A min non me tocou de coidar de naide máis que dos meus tres fillos e do que teño agora. Coido do meu marido que

ten oitenta e tres anos. Anda, que máis podía vir comigo á vila, pero non quere, non sae. Ata o teño que lavar, poñerlle a comida, darlle os medicamentos, de todo, porque el non leva nada. Despreocupouse de todo. De momento non me axuda naide. Teño unha filla preto, que se me fai falta alí está. De momento podo deixalo só na casa se teño que saire, pero é duro coidar a unha persoa así. **Magdalena**

Coidei a miña mai e despois axudei cos meus soghros pero non foi moito tempo, foi bastante repentino. Se se pon enfermo o meu irmao si que en principio estaría soa para coidalo porque miñas fillas traballan e os meus irmaos que están na Coruña, pois un ten unha parrillada e outro ten dous fillos, e están en Inglaterra... Ou sexa, que sería eu se teño saúde. **M^a Josefa**

Pois eu coidei a miña mamá. A papá xa non porque eu tiña trece anos cando morreu. **Carmen C.**

Algunhas, como Gloria, tiveron a axuda doutras persoas. Ela do seu irmán maior. Nas súas palabras mostra un enorme agradecemento pola responsabilidade compartida e o apoio mutuo. O vínculo entre os dous foi e é un agasallo da vida.



Ai! Teño moito que contar e non conto! Non quero. Os meus pais estiveron moitísimos anos encamados os dous, vivían co meu irmán. Eu axudaba no que podía. Pasámo-lo moi, moi mal, porque foron moitos anos e terminaron por non comer máis nada que un iogur, non quero lembrar máis iso. Eu estaba abaixo, no bare, e tiña que botar a xente fóra e coller a Vespino para subir axudarlle ao meu irmán que falta lle facía ao pobre, el foi quen colleu o gordo, el si que colleu o gordo todo. O meu pai morreu de no-venta e seis anos. **Gloria**

Ghloria, non sentiches moito ao irmao cando se foi (á re-sidencia)? Moito, verdade? Non me dighas nada que ías sempre para xunto del levarlle na moto a comidiña e mais foise. **Orosia**

Orosia, e mais el para xunto a min, non era eu soa para a xunto del. El tamén viña sempre para xunto a min. Pero bueno, el se está contento... Porque el estaba só e tampou-co non estaba ben. **Gloria**

Agora co paso dos anos e a experiencia como irmás, nais e avoas, saben ver a urxencia de que eles, os nenos e os homes, asuman e se responsabilicen dos coidados como esfera tamén propia.

Os meus fillos herdaron o meu, fan a compra como se fo-sen unha muller e miran o que fai falta na casa. Míranlo todo. **Carmen C**

Hai que ensinalos de pequenos. **Carmen S**

O traballo da casa é o máis repunante porque sempre, sempre tes que seguir facendo... **Gloria**

E claro, pois os homes poñíanse pesados e non se querían ire.

A TABERNA

Os coidados compaxinábanse normalmente con ou-tros traballos sen demasiada contraprestación econó-mica porque as que os desempeñaban eran mulleres. Aquelas que tiñan un negocio propio, como Gloria, de-cote nin sequera cotizaban á seguridade social porque se asumía que fosen os seus maridos os que o fixesen. Á fin e ao cabo pensaban que o beneficio tras a xubi-lación sería para os dous. Evitábase pensar, ou é que non quedaba outro remedio que obviar, que as difi-cultades no matrimonio podían pór en risco a super-vivencia emocional e física das mulleres. A súa propia autonomía.

Gloria cóntanos como era para ela atender a Taberna, unha das máis concorridas de Couzadoiro.

Bueno, primeiro estiven regular e despois moi ben. Había que atender a unha xente dunha maneira, e á outra doutra. Agora xa hai once anos que nos xubilamos. A xente non era mal pero ti non sabías, entón era saber como tiñas que tratar á xente, non sabes? E claro, pois os homes poñíanse pesados e non se querían ire. Poñíanse a xogar unha partida e imos outra, e imos outra, e eran as doce da noite e o conto por facere. **Gloria**

Non sei se hai persoas que fagan o que eu facía. A ver cantas mozas de agora fan este colo que eu fixen.

COSER E LAVAR

Outros traballos que adoitaban desempeñar as mulleres para obter unha compensación económica a cambio eran coser ou lavar en casas alleas. Eran labores considerados femininos por iso a paga que recibían non era gran cousa. Os traballos das mulleres case non tiñan valor, nin recoñecemento social e, por tanto, a contía salarial era irrisoria.

Eu fun coser a unha xastraría que había alí abaixo, había un rapaz que cosía. El cortaba os pantalóns e eu cosía. Era de pantalóns nada máis. Ghañábase pouca cousa pero como non había nada de onde saír nin de onde coller, pillabas todo o que viña, eu polo menos.

E xa antes diso tiven unha señora que me foi buscar se lle quería lavar. Tiña tres nenos ou catro, tiña fillos, netos e bisnetos, tiña de todo. Entón eu como quería ghañar de todo dixen que si. Entón laváballe a roupa e pasáballe o ferro. Aquela paghaba ben, eh?, paghaba estupendamente. Tería dezasete anos ou por aí. **Gloria**

Puxéronme a aprender a coser en Espasante, ía correndo, correndo, correndo e despois a Ortigueira, a unha casa que ía moi contenta porque se chamaba Antonia Franco. A xente dicía que quería ser a irmá de Franco. As mans, como non había luvas, tíñaas que lavar con pedra pómez e lavábaas e ía coser. Non sei se hai persoas que fagan o que eu facía. A ver cantas mozas de agora fan este colo que eu fixen (saca un colo bordado de encaixe dunha bolsa que trouxo con ela). Fíxeno a man todo, eh? Mírao. **Orosia**

A min ghustábame máis traballar na fábrica que coas vacas. Eu alí estaba encantada, sempre sentada, limpando o peixe, sempre me tiveron ben... Nunca me castigaron.

A LOUSEIRA E A FÁBRICA DE PESCADO

A partir dos anos 80 na comarca moitas mulleres incorporáronse ao traballo nas fábricas da zona, o que lles permitiu gozar dun salario e unha cotización moito máis digna que á que podían acceder dedicándose á labranza e ao traballo doméstico.

A "louseira" foi a empresa na que traballaron máis mulleres da parroquia de Couzadoiro. Explicánnos, no seu relato, o cambio de propiedade da mina e en que consistía a cotiandade do traballo.

Empecei a traballar cando empecei co que hoxe é o meu marido. Foi con dezasete anos. En Pizarras Campo, en Rande, e estiven ata os cincuenta e pico. M^a Josefa

"Toda unha vida!". Comenta o resto.

Facíamos o que tocaba, moito traballo físico, moitísimo. No traballo había que facer de todo, recortar as lousas todo ao redor, tiñas que estar todo o día encima dun pé e co outro a darlle a unha máquina, a un tipo de tesoir



para cortalas polos bordos e, outras veces, embalalas nas caixas. **M^a Josefa.**

Hai que traballar, claro, que fai falta o diñeiro. E todas as mulleres agora traballan nun sitio ou noutro porque a terra non dá. É outra vida cambiada pero para moito mellor, eh?. **Orosia.**

Estiven a traballar en Campos bastante tempo, non tanto como María porque a miña situación era distinta, tiña os meus pais que eran maiores e dous fillos e non podía abandonar unha cousa pola outra. **Carmen S.**

Orosia durante os nosos encontros despístase con bastante facilidade. Está maior pero aínda así, aínda que a cabeza lle falle, non se dá por vencida. Ela escoita os discursos das súas compañeiras e achega as súas propias reflexións.

María, fuches fóra ti con Pepe? Ao estranxeiro non fostes, verdade? Para facer unha casa nova como fixestes, unha casa grande, nova e boa... Entón moito traballastes tamén, verdade? **Orosia**

O último testemuño sobre a empresa de lousas é o de Magdalena, que explica como foi o cambio duns propietarios a outros e cal era a diferenza nas condicións laborais.

Xa che digho, fun para a louseira e de alí a un tempo comprou Campos a empresa miña, onde estaba eu, que alí estabamos moi a ghusto, alí tiñamos moi bos xefes. Logho chorabamos todos coma nenos cando nos decatamos, porque bueno, xa sabiamos como era, que alí había que andare... Nós tiñamos moi bos xefes e eramos poucos e embaixo había moitos. Ese día fomos comer aí a un bar que lle chaman o Coto, e díghoche eu que non pasabamos a comida abaixo cando soubemos que comprara Campos. Eu, bueno, tampouco me queixo, foime ben, algho diferente pero non me foi mal. Cobrar foi o mesmo. Quixo baixar-nos, pero houbo un que lle deu a cara e a nosoutros non nos tocou. Unha muller que traballaba na cociña díxome: "Hasme dicire a verdá, vosoutros seghides cobrando como cobrabades enriba?". Díxenlle eu: "si". "A ti dáche a nómina e dáche no cheque o que pon na nómina?". Eu: "siiiii". E que era? Que a eles na nómina poñíalles unha cousa e no cheque cinco mil pesetas menos. Daquela xa era, eh!. **Magdalena**

Orosia non traballou en Campos, ela, a última década antes da súa xubilación, estivo nunha empresa de peixe no Vicedo, Lugo. Facía todos os días o traxecto de ida e volta e cóntanos que conseguir ese traballo foi a maior alegría que lembra.

Estiven traballando dez anos nunha fábrica de peixe no Vicedo e sempre, desde aquela, sempre tiña cartos porque traballaba. Despois parou a fábrica cando eu tiña sesenta anos. Eu menos mal xa tiña cotizado bastante e déronme o paro, e cobraba trinta mil pesetas cada mes, nunca tantos cartos tiven. Cobreinos ata os sesenta e cinco encantada da vida.

Antes de traballar na fábrica de peixe traballaba non terreo por aquí. Así que fun á fábrica e o meu home, que en paz descanse, quedou coas vacas, tiñamos catro.

*A min ghustábame máis traballar na fábrica que coas vacas. Eu alí estaba encantada, sempre sentada, limpando o peixe, sempre me tiveron ben... Nunca me castigaron, nunca nada porque meu fillo traballaba na oficina. Había unha señora mirando que fose ben o peixe, estaba encantada da vida. Fun desde o 81 ao 92. Eu ía e volvía todos os días para o Vicedo. **Orosia***



V. EMIGRACIÓN

A emigración é unha das etapas máis fascinantes na vida destas mulleres. Emigrar nos anos sesenta e setenta dunha Galicia pobre e eminentemente rural a países con idiomas, nun primeiro momento indescifrábeis, e cidades avanzadas urbanística e socialmente, resultou ser das aventuras máis impactantes e estimulantes nas súas biografías.

Algunhas delas sabían o que significaba emigrar porque os seus pais, irmáns ou irmás maiores emigraran décadas atrás. Pero ese proceso migratorio, aínda que era duro, non resultaba tan chocante como o que elas experimentaron.

As xeracións anteriores ás súas adoitaban emigrar a Venezuela, Cuba ou Arxentina e aínda que é certo que a distancia xeográfica era maior e a propia viaxe podía durar até un mes, nun barco ateigado de xente en condicións moi precarias, a cultura, a xente e a lingua eran moito máis parecidas que as de países como Suíza, Inglaterra ou Francia. De feito nas "américas" a lingua era a mesma. Non a súa lingua materna, que era o galego, pero si o castelán que aprendían no colexio,

que lían nos xornais e que escoitaban na radio, nas casas adiñeiradas e nos negocios aos que adoitaban ir traballar.

Preguntámoslles ás que non marcharon se lles tería gustado facelo.

Non, nunca me levou a vida marchar e ao meu home menos aínda. Sempre lle digo: "ti non te movas de aquí non vaia ser!". Comenta Gloria con ironía.

É certo que elas personificaron outro tipo de exilio que igualmente lles resultou complicado. Das súas casas familiares ás dos seus sogros, dunha parroquia á outra, separacións e loitos temporais aos que necesitaron adaptarse e que tamén marcaron as súas historias vitais.

O meu home andaba ao mar e eu non quería que andase ao mare, entón decidimos marchar.

A DECISIÓN DE MARCHAR E O PAÍS AO QUE IR

Empezamos a conversa querendo saber que motivos lles levaron a tomar a decisión de emigrar e que aspectos influíron na elección dun país e non doutro.

Casei con dezasete e marchei nada máis casar. Bueno, botaría unha semana aquí ou por aí. Como foi a decisión de marchar a Suíza? O meu home andaba ao mar, que era de Espasante, e eu non quería que andase ao mare, entón decidímolos e eu deixei a miña mamá soa aquí.

Aos dous anos morreu meu soghro e viñemos para ao enterro. Íamos volver outra vez para Suíza pero había un veciño, ou sexa, esa amigha á que lle escribira eu esa carta de pequena, lembrás? Pois ela estaba en París e o marido tamén, que era moi amigho do meu marido. Díxonos, "vide, que aquí tamén hai traballo". E eu tiña un tío en Francia que levaba moitos anos casado cunha francesa e tamén me deu ánimos para que fósemos para París. E fomos e quedamos alí. Estivemos alí con eles ata que atopamos traballo. Eu andaba polas casas, facendo horas e el meteuse na Citroën, no taller de coches.

Estivemos oito anos. Alí naceu o meu fillo máis vello. E antes de nacer vin buscar a miña mamá e leveina para alá e estivo aló dous anos. Aos dous anos a mamá non lle probaba alí. Despois volveu os días en que nacera o neno, pero non lle probaba. E mira que saía co neno a pasear nun carriño alí para os xardíns e tiña moitas amighas españolas que tamén estaban alí. **Carmen C.**

O meu home tíñase que ire a Suíza porque comprara unha casa e unhas terras alí arriba nun sitio que lle chaman o mosteiro, a casa xa non está, que caeu, as terras si, que están plantadas de "aucalitos". Entón tíñase que ir para desempeñar para paghare. Así que se desempeñou aos dous anos e veu. E nosoutros por carta seguíamos falando e todo iso. Veu e casamos. El ía volver para o mesmo sitio no que estaba en Suíza pero a min non me pillaban porque era de ghando de granxa e mais do campo. Entón uns amighos del de aquí coñecidos que eran máis vellos ca nós, buscáronnos traballo en Inglaterra, porque eles estaban alí. Fomos en tren. Buscáronnos estes amighos para traballar no mesmo hotel onde estaban eles. **Magdalena**

Fomos con el nun coche todo descuberto polas montañas, voábanos a cabeza e dicíamos, "meu Deus, para onde iremos!"

A CHEGADA

Os primeiros momentos naqueles territorios que lles eran tan alleos estaban cheos de información que activaban todos os seus sentidos. A xente, os medios de transporte, as tendas e comercios, o alboroto de ruí-

dos e palabras inintelixíbeis que non alcanzaban a descifrar, e unha combinación de olores a comida que non lles eran en absoluto habituais, definían o comezo desta nova etapa.

Nunca quixeron esquecer o asombro desas impresións iniciais.

Cheghamos á estación e levabamos un contrato de catrocentos cincuenta euros cada un. (Aclaro se serían francos, e dime que si). Levabamos un letreiro aquí como teño aghora posto (referíndose ao adhesivo co seu nome que lle pegamos para poder chamala sempre correctamente). Entón, o patrón que tiñamos veu á estación a buscarnos. El tiña o contrato noso e nosoutros tiñamos outro, entón polo nome andaba na estación buscándonos. Sen saber falar nada fomos con el nun coche todo descuberto polas montañas, voábanos a cabeza e dicíamos, "meu Deus, para onde iremos!". Eu confiaba en que sería un home formal e eu ía co home... E malo sería que nos pasase algo. Cheghamos ao restaurante pero alí había máis españois tamén, entón parece que xa se nos abriu o corazón ao falar con eles. Había un valenciano, había unha de Coruña e, bueno, parecía que xa estabas na casa. Había moitos italianos, o italiano e o español case todo era igual. Alí en Suíza falábase o alemán. **Carmen C.**

Eu cheguei alí con dezasete anos, case ía facer dezoito anos. Como estaban os amighos estes era coma se fosen da familia. **Magdalena**

Estaba moi querida eu polas patroas, moi querida eh? Moito. Confiaban en min coma se fose propia da casa.

O TRABALLO E A VIDA NON EXILIO

Elas estaban afeitas a traballar sen descanso no terreo ou nos labores que unha casa e a crianza requirían, na tiranía do deber feminino, pero tamén ao amparo dun fogar.

Con todo, elas emigraron para gañar diñeiro e estaban decididas a conseguilo. Os sitios nos que normalmente contrataban mulleres eran os hoteis, servizo doméstico ou restaurantes.

Carmen explícanos como foi a súa experiencia neste sentido.

En Suíza mira, traballabamos os dous nun restaurante. Alá arriba na montaña. Puxémonos a traballar na cociña o meu marido fregando as cazarolas, as potas e todo

iso. Eu xa facía algo na cociña, axudáballe ao cociñeiro, que era italiano e tiña un xenio que o comía o demo. Un día pasou unha cousa: había dous españois que estaban tamén axudando na cociña e un non lle aghudeceu o que lle dicía o italiano e púxolle no pescozo alí a punta do coitelo e quitoulle o sanghe. Dixen eu: "Ai, Xesús! Estamos en bo sitio!". Bueno, eu dáballe todo por ben feito e comigo sempre se levou ben. **Carmen C.**

Carmen é de todas a que máis tempo estivo emigrada. No seu relato expresa a satisfacción e orgullo de lograr desempeñar con soltura etapas de intenso traballo.

Cando facía bo tempo alí non dabamos feito, non dabamos recollido nas mesas, non dabamos lavado a mantelería que había, pranchabamos a máquina. Daba medo o traballo que había. **Carmen C.**

Ela descríbennos cada un dos empregos polos que pasou e o seu obxectivo de seguir prosperando a cada paso.

Tamén lembra con moito agarimo a experiencia de establecer relación con persoas doutras relixións e nacionalidades. Está orgullosa das aprendizaxes que xurdían neses contextos.

Despois atopamos outro traballo que nos pagaban máis e baixamos para abaixo para a vila. En Zürich tamén traballaba nunha cociña dun restaurante porque en Suíza todo son restaurantes. Si, hai comercios e hai de todo, pero é un sitio turístico e a maioría son restaurantes. Ese meu era un restaurante xudeu. Eu sei máis ben a relixión dos xudeus que logho a católica. Eu son católica, moito, eh? Pero os xudeus era boísimos. Contáronme a vida deles, que a eles lles queimaron os pais en Alemaña nos fornos... A vida que eles pasaron tamén... eh? Tiñan dous fillos.

En París eu estiven coidando unha señora de noite, durmía no piso dela por se caía ou algo, chamábanlle e andaba facendo unhas horas.

O que vaia para fóra e digha que está sen traballare é unha mentira!

En París tiñas que traballar porque na casa aínda te sentas e descansas, pero cando estás traballando noutra casa... Aínda que estaba soa, eh? que eu tiña as chaves das casas, pero non o fas. Se tiña que facer unha hora, botaba unha hora e media. Así que acababa, íame. Cando tiven o chavaliño levaba o carriño e mailo neno e subía no ascensor. Estaba moi querida eu polas patroas, moi querida, eh? Moito. Confiaban en min coma se fose propia da casa. **Carmen C.**



Magdalena foi outra das mulleres que emigrou recentemente casada tamén con dezasete anos.

Na súa experiencia explica que a súa amiga, quen lle conseguiu o traballo no hotel, instruíaa para que fose dilixente nas súas tarefas e non a botasen ao non acometer o seu traballo correctamente.

Eu fun para facer camas e habitacións. Quince habitacións tiña que facer eu nunha mañá e quince ela! Pero eu para o traballo sempre fun lixeira, dar dáballa que ela viña xunto de min saber como ía e dicíame: "Ai, pero xa vas en tal número de habitación? Mira a ver se limpas ben, eh? Porque tes que limpar, porque despois vaiche vire o patrón

e vaiche pasar así a mao e se tes po...". Eu limpaba, nunca me dixo nada o patrón de que non o fixese ben.

*Viviamos á parte, nunhas casañas que tiñan así de plantiña baixa. Comer comiamos no hotel e despois iamos durmir a esas chaboliñas. **Magdalena***

Magdalena cóntanos como eran capaces de aforrar no tempo que pasaron alí.

Ghañar ghañábase porque era todo o que nos quedaba libre. Como comiamos alí, non sabes? Todo o que nos daban era todo libre. Todo era para mandar para aquí, claro. Andabamos en hoteis de tempada, ao mellor tres meses aquí e... Xa se acababa a tempada daquel hotel e tiñas que ir para outro.

A min ghustábame facer camas, levar o té en bandexa as habitacións. Ao mediodía xa o tiñamos listo o noso traballo. Nas tardes descansaba porque mira que me doían as pernas. Había que espabilare.

Unha vez cambiamos para outro hotel, que todos eran hoteis pero eran aldeas, sabes? Non che había nada bonito, o que pasa é que había moitos hoteis bos e todo iso. Era tan feo o sitio que me botei a chorar e despois si, despois acostumábaste.

*Sempre había xente española, era raro que non tiveses compañía. **Magdalena***

Os saberes multiplicábanse na experiencia migratoria, o protocolo nos negocios de hostalaría, servir e limpar dunha determinada forma e aprender a cociñar a gastronomía típica do país foron algúns dos coñecementos que absorberon durante as súas estancias no estranxeiro.

A cociña francesa é a mellor que hai non mundo, "dise", pero non lle ghaña á española. Alí aprendín maiormente salsas. A sopa fana moi diferente a de nosoutros, chámalle bouillon. Fana nun caldeiro, nunha pota ghrandísima, botan moita, moita pata de pito, cabezas, alí botan todo e os fideos cócenos á parte. Entón collen unha cacica pequena de fideos e bótanos no prato e axiña che bota coa outra caza o chan. Non fan sopa toda xunta como aquí.
Carmen C.

Canto máis nos queríamos levantar máis afondabamos.

ANÉCDOTAS NA EMIGRACIÓN

Elas evocan con facilidade os momentos máis divertidos que lles sucederon alí.



Carmen ten unha facilidade extraordinaria para narrar con detalle as súas vivencias do pasado, é unha auténtica contadora de historias.

Aínda non che contei o máis ghracioso. Enriba da montaña cando tiñamos libre había neve sempre e iamos esquiar en trineos. Ese día meu home ía diante e eu detrais e aí ía unha rampla bárbara de neve. Diante de min estaba unha valenciana, unha señora xa maior. Cando saíamos de arriba ela xa estaba a dar voltas embaixo, xa caera. Eu dixen: "Ai! esa matouse!". Nosoutros saímos lanzados, moito che corría aquel trineo pola neve, e fomos caere ao

desaughe dos váteres. Canto máis nos queríamos levantar máis afondabamos. A peste que nosoutros traíamos non a cres. Tivemos que entrar pola entrada da lavandaría onde había a máquina de lavar e xa nos espimos alí. Fomos máis nada que co preciso para a habitación. Aquilo metía medo, pero pasabámolo...

Tamén che digo unha cousa, a tranquilidade que había agora non a hai. Bueno, había que ter coidado tamén. Unha vez eu saíra de traballar e perseguiume un rapaz e metinme nunha panadaría onde compraba o señor sempre o pan e senteime. Díxenlle á panadeira que me ía sentar e conteille o motivo. Eu ben vía dende dentro que el estaba a esperar fóra por min e cando estiven alí moito tempo, foise.

E outra vez, unha de Ladrido que vivía por onde nosoutros, mirou para atrás e víñala perseguindo un home, entón entrou no edificio e colleu o ascensor e ía polo ascensor arriba chamando por min, ghritando que un home a estaba a perseguir. El paráballe ao ascensor e ela volvíalle dare para subir máis arriba. Dunha volta subiu polas escaleiras para cando se baixara do ascensor meterse para o piso con ela. Pero eu saín para fóra! Ai, cantas lle chamei, meu Deus! Xa me revolvía eu co francés. Díxenlle que ía chamar á policía e el díxome que ela mirou para el e riu, e que por iso a perseguría. "Pois vaite! Que bas-

tante susto lle deches á moza! E que non che volva ver eu máis por aquí!"

Pasabámolo moi ben, iamos para o bosque de Bolonia que está ao pé da Torre Eiffel. Pasabamos... Todos os domingos levabamos a comida para alí. Aquilo era vivire.

Carmen C.

En Zurich había moitísimo de todo. Eu penso que acorda facer o mundo.

APRENDIZAXES

Emigrar era un desafío en si mesmo transformador. Abandonar a zona de seguridade á que estaban afeitas para precipitarse ao baleiro do descoñecido.

Un dos aspectos que máis lles sorprendeu foron os útiles que existían para os coidados das súas criaturas, algo que lles aforraba tempo e traballo.

Mira, foi moi forte porque aquí non había nada. Cando naceu meu fillo alí había de todo pero cheguei aquí e nada. Agora xa hai, xa hai potitos para lle dar aos nenos. É verdade que eu nunca lles dei nada diso porque lles dei

sempre o peito aos fillos, déillelo dous anos polo menos, e facíalles eu natural todo.

*En Zurich había moitísimo de todo. Eu penso que acorda facer o mundo. Agora aquí en España tamén hai cousas pero antes non había nin un supermercado. Onde mercabamos era a casa que había embaixo, a de Andresito, a de Carmen de Blas. **Carmen C.***

*En Ortigueira agora mesmo non hai moito, agora mesmo non hai onde comer. **Orosia***

Falan sobre todos os restaurantes, as tendas e negocios que pecharon.

Convidámoslles a reconducir a conversa para volver a un dos saberes dos que se senten máis orgullosas: ser capaces de integrar como propio un idioma alleo.

*Sabía o francés como o ghallego pero vaimos esquecendo moita cousa. Mira agora cando eu vou á praza, non hai francés que non veña xunto de min porque me coñecen que lles falo o francés. Pregúntolles como lles vai e tal e que sei eu! E eles que contentos se poñen, Dios mío! Como cando iamos ao estranxeiro e ouviamos falar español! **Carmen C.***

Eu vin para España por conta da miña mamá, que se non, eu non me viña.

AS RAZÓNS DE RETORNAR

Unha das decisións máis difíciles para elas foi volver. Alí estaban ben, tiñan oportunidades e independencia, gozaban coas súas novas relacións e cos retos aos que se enfrontaban a diario e que resolvían con facilidade. Eran experiencias que favoreceron inmensamente o seu empoderamento, tanto a súa capacidade de superación como o seu propio autorrecoñecemento.

Elas sabían que en Couzadoiro non terían a autonomía e a posibilidade de gozar dunha vida cosmopolita e suxestiva como á que se habituaran. Pero os coidados dos seus maiores ou a determinación dos seus maridos obrigáronas a emprender a súa viaxe de regreso.

*Eu vin para España por conta da miña mamá, que se non eu non me viña. A ela non lle probaba estar alí, entón viñemos para aquí e criei o neno e, aos dous anos e pico, tiveron outro. Vivir alí era unha marabilla. **Carmen C.***

En Inghlaterra estivemos pouco, nena, pouco. A min ghus-tábame, eh? Porque xa ía "adatada" alí. Meu home traballaba na cociña, no lavalouzas, non vertedoiro, lavando

potas e facendo os recados que mandaba o xefe de cociña. A el iso moito non lle ía, el quería virse para acó. Ai! Eu non, eh? Se fose hoxe que as mulleres poden facer... Dicíalle: "vaite ti que eu quedo!". Pero antes non, para onde ía un, ía a outra, era así. Pero nada, estaba así a sorte das mulleres. **Magdalena**

Non tratan en España, aquí, como nos trataron a nosoutros fóra.

O AGRADECIMENTO DO TRATO RECIBIDO

Elas están moi agradecidas aos seus países de acollida. Tanto pola relación que mantiñan coas súas xefas e xefes como polas opcións dun sistema que lles axudou a prosperar cando case non tiñan nada.

Reflexionan tamén sobre a situación actual que ten lugar en España pero á inversa, esta vez como país receptor de persoas migrantes. Enfádalles a actitude da poboación civil e das políticas estatais que obvian atender ás persoas que desde hai anos vense obrigadas a buscar refuxio no noso país para poder labrarse un futuro mellor, lonxe da pobreza e da violencia.

En Suíza estiman moito aos españois, pasámolo moi ben alí e en Francia tamén estivemos encantados. Alí trataban ben á xente. Non tratan en España, aquí, como nos trataron a nosoutros fóra. Porque aquí pasaron moitas cousas aos que viñeron de fóra. E digho eu moitas veces, "se nos tratasen así fóra a nosoutros, que diríamos?". **Carmen C.**

Pois volvemos, metémonos na labranza coas vacas. Eu quería estar aló porque aló ghañábanse cartos.

CONTINUAR COA VIDA DESPOIS

Elas, tras a súa experiencia migratoria, pasaron a ser o que se coñecía como "emigrantes retornadas". Iso significaba volver cunha posición máis desafozada que coa que marcharan anos atrás.

Igualmente volveron traballar a terra, a coidar dos seus fillos e dos seus maiores, a ocuparse da casa e dos animais... Pero polo menos aforraran, así que o fixeron sen a presión económica do pasado. Ademais agora sentíanse máis capaces de afrontar as vicisitudes da vida. Probáronse así mesmas nun contexto adverso,

fóra tamén da supervisión constante dos seus maridos, elemento que para algunhas potenciou enormemente as súas estimas persoais.

O meu marido tiña un irmao en Espasante e decidiron comprar un barco, un barco moi bon. E andou dez ou doce anos no barco e despois vendeu a súa parte e dixo: "Eu voume retirar aos cincuenta e cinco anos", e retirouse. Porque eu tamén tiña dúas criaturas e estaba soa. El tamén quería estar cos fillos e máis comigo e retirouse. E despois así fomos vivindo ata que fomos arreglando a casa, a miña mamá morreu e eu quedei nela. A casa era nova pero por dentro estaba feita como alghún día, non? De madeira todo.

Eu traballaba aquí na casa, tiña abondo con iso e máis cos fillos, porque a miña casa é moi ghrande. **Carmen C.**

"Aínda tedes vacas, non?" Pregunta Orosia.

Si, pero aghora mesmo non dan leite, non. **Camen C.**

Ela fai uns queixos que están riquísimos, véndeos en Ortigueira os xoves. Advírtenos **Gloria**

É certo e mando moitísimos, moitísimos para Mera, eh? Marisol de Mera hai máis de trinta anos que me colle a min os queixos. Aghora non teño a vaca de leite pero cando volva a parir, volvo a facelos, claro. **Carmen C.**

Magdalena conta a súa volta con máis pesar porque a súa situación non era a mesma que a de Carmen, tampouco o era o apoio que o seu marido lle ofrecía.

Pois volvemos, metémonos na labranza con vacas e ale, a traballar as terras e por aí. El ía fóra á madeira, aos piñeiros. Eu quería estar aló, porque aló ghañábanse cartos. Aos tres anos de estar aquí tiven o primeiro fillo, de alí a outros tres anos, o seghundo e de alí a outros tres anos, o terceiro. E así foi.

Despois cando empezou o tema da louseira había unha empresa que era máis vella que Campos, nun sitio que lle chamaban o Lombao. Alí houbo unha coñecida de aquí, que ela xa morreu, e díxome: "Oíches, se queres vire eu ía, pero eu soa non. Hai traballo e métennos ás dúas". Entón eu penseino e díxenlle ao meu home: Déixasme ir? Se me deixas ir, eu vou. E arranquei para a louseira e foime ben. Se non me deixaba pois nada porque claro, practicamente mandaba el. Daquela era así, para min polo menos era así, mandaba el, se me dixese que non, pois non.

Eu estou cobrando a miña pensión e cobro máis ca el, porque eu cobro por minas, non sabes? E menos mal, porque se non hoxe estaría como está outra cuñada miña, que cobra o home nada máis e máis nada. E eu teño a miña pensión e fagho o que me dá a gana. Agora mesmo el xa

non leva nada, non sabe se hai máis nin se hai menos na libreta nin nada. Non, non se ocupa de nada. Iso si. Hai outros irmaos cos que non é así. El é maior, eu xa o estou coidando porque, a ver... Ata o medicamento lle teño que dare. Pero bueno, no asunto dos cartos, tivo as súas rarezas como moitos máis... Pero nunca me dixo, "non podes pillar...". Iso si que nunca. De traballar nunca me tivo perda, pero do asunto dos cartos non. **Magdalena**



VI. CONQUISTAS E TRANSGRESIÓN EN FEMININO

As pícaras estudaron as dúas co que ghañabamos na taberna. De ser mai xa tiñan abondo con ser eu.

O EMPEÑO EN QUE AS FILLAS ESTUDASEN

Probabelmente un dos maiores éxitos nas súas vidas foi traballar con sacrificio e esforzo para poder ofrecerlles ás súas fillas e fillos un futuro mellor que o seu. Elas querían que estudasen, era unha das súas maiores prioridades e son claras explicándonos os motivos.

As pícaras estudaron as dúas co que ghañabamos na taberna. De ser mai xa tiñan abondo con ser eu. Unha estudou en Santiago, logho marchou para Inglaterra e casou. E non tiña fillos e despois pelexou e nada, e foron adoptar unha nena a Perú. Estiveron alá dous meses para estudar todos os sistemas da nena e despois viñeron para aquí e tivo dous nenos, un detrás doutro, iso pasa ás veces. Pero non me deron traballo ninghún porque como non estiveron con nosoutros. Despois marcharon para Barcelona e agora foron para Bélxica. E a pequena está en Ferrol,

estudou enfermaría e está na residencia, agora déronlle praza fixa. E nada máis, aí che vai todo. Gloria

É certo, queríamos que estudasen porque era mellor, levaban outra vida, non sabes? Carmen S.

Quizais os nosos pais ao mellor quixeran facer outro tanto pero non se podía. Era moi difícil encontrarlle unha carreira a un fillo porque non había. Se, por exemplo, un fillo aprendía a facer zocas era zoqueiro, outro aprendía outra cousa e era ferreiro. Carmen C.

Iso era para os pobres, para os que vivían na aldea, que tiñas a Ortigueira, sen ir máis lonxe, e xa había xente que estudaba. Agora igual non miran por encima do ombreiro pero antigamente si miraban por encima do ombreiro. Carmen S.

Hoxe vanse arranxando, que estudan case todos, e deféndense mellor que se defendían antes. Van para un lado e para outro e fan moito mellor. Orosia

No meu caso nada... Porque na miña casa non había, entón o que me facía falla era saír e gañar algo para traer para a casa. Ás veces tamén pensaba que se fose a situación doutra maneira pois podería ter outras posibilidades, por iso tanto eu como o meu home ao carecer delas pois

tiñamos ansias de que puidesen ter a posibilidade elas. Despois que o fixeran ou non, iso xa era o seu problema. Aconsellámoslles, pola urxencia que tiñamos nosoutros de non poder facelo. Grazas a Deus ao final fixeron. Unha está a traballar do seu e a outra non. Unha está en León e a outra está na Coruña. **M^a Josefa**

Todas perseveraron en que estudasen para poder ter a opción de elixir que tipo de empregos preferían e non verse así obrigadas e obrigados a desenvolver só aqueles traballos que non requirían de cualificación específica.

Orosia tivo que mandar ao seu fillo vivir coa súa irmá para que puidese cursar máis que o ensino elemental. Cóntanos a resistencia do seu fillo a ir a clase e permanecer lonxe da súa casa. Pero ela, coa axuda da súa irmá, insistiulle ata que conseguiu terminar o instituto.

Meu fillo foise de once anos de aquí para Viveiro para estudar no instituto. Miña irmá estaba alí, tiña bare, dá-balle o que quería. Díciálle, "Monchiño, home, os de Couzadoiro están a pelexar coas vacas e a ti que che temos aquí, que estás máis vestidiño, que estás máis comidiño". El ía chorando pola mañá ao instituto. Cando eu estaba

*alí axudando a miña irmá, porque ía moitas veces para sacarlle traballo de encima, preguntáballe, "e logho, por que choras?". Díciame porque lle faltabamos a mamá e o papá, oíches? E non lle faltaba nada! Estivo dende os once anos e fixo ata o bacharelato, todo ano por ano. **Orosia***

Están aí na carnicería vendo que van pillare e a muller por detrais sen elixir nada.

OS PEROS DO MATRIARCADO GALEGO

En Galicia o matriarcado é un mito do que se fala con orgullo e con frecuencia coma se de facto fose real. Con todo, nas conversacións que temos con elas esa idea disíbase con rapidez. O sistema no que viviron, tanto o poder político, económico, social como relixioso, estaba capitaneado por homes. O feminino e o que era lido como tal carecía de valor ou entidade.

Elas son máis conscientes agora, grazas aos avances experimentados en materia de igualdade, da realidade que encarnaron moitas mulleres de entón, un subxugamento tácito. Carmen C., en cambio, tivo outra sorte. Ela cóntanos con determinación a excepcionalidade do que ocorría na súa casa e no seu matrimonio.

Bueno, na miña casa o meu marido non se ocupaba de nada. Era eu para todo, para comprar, para vender, para todo, para gobernar unha vida. El aconsellábame tamén pero a el non lle gustaba facer iso, non lle gustaba mandar en nada, e por iso cando me morreu, en cousas de labores e niso, eu non o botei de menos, porque eu xa sabía todo o que tiña que facer, porque hai moitas mulleres que cando morre o marido non saben se teñen cinco euros ou se teñen catro. Entón a min iso non me causou estraneza, pero na falta do marido si.

Unha muller ten que ser disposta na vida rural, na vila, na capital ou onde sexa. Ten que ser, porque a muller é a que máis fai as cousas. Os homes son doutra maneira. Parece que fan aquel traballo e que xa está todo feito e non é verdade, hai moito máis que facer.

Home, mira, hai moitos homes que se meten na vida, que unha muller non pode gastar cinco euros, que teñen todo controlado, con eses homes non se pode vivir. Eu sei de matrimonios que elas non sabían o que había de cartos, e o home vendía unha niñada de porcos nunha feira e, ao mellor xa antes de cheghare a casa, xa os deixaba na taberna. E ela non podía dicir nada. Outra vez doutro que dixo que lle roubaran, non era certo, foi que os gastou antes de chegar a casa. **Carmen C.**

Esos son machistas, Carmen! **Carmen S.**

Claro! Son machistas! Pense que todo é deles. Non podes ter un peso na carteira, non podes ter nada. As mulleres non podían facer nada, aínda non podían comprar nin unhas bragas. Iso era fatal. **Carmen C.**

Están aí na carnicería vendo que van pillare e a muller por detrais sen elixir nada. Cala, home, cala. Eu coñezo, eh! **Magdalena**

Home, eu penso que nas aldeas non hai moito machismo. **Carmen C.**

Da xente vella aínda queda, pero dos novos olvídate, que non aghuantan o que aghuantamos nosoutras. Nunha casa é moito millore que sexa a muller gobernadora, vamos, que sexa ela para gobernar a vida que que sexa o home e a muller non. **Magdalena**

Dixen eu: "Ai, Dios! Isto heino quitar eu, ho!"

CONDUCIR COMO SÍMBOLO DE PODER

Ter carné significaba liberdade e autonomía. As que o sacaron comparten coas que non o privilexio de se desprazaren sen depender de maridos que as supervisen. Algunhas como Carmen foron as primeiras das súas casas en conducir, e outras como Magdalena aproveitaron a chegada dos coches sen carné para facerse con un e gozar da independencia que lle ofrecía.

A primeira que quitei o carné na casa fun eu. Viñamos de fóra e sempre tiñamos que ir parando nos coches. Iamos á Coruña e parar no coche, iamos á Vila e parar no coche, se non con taxis. Dixen eu: "Ai, Dios! Isto heino quitar eu, ho!". Fun para A Coruña, para o piso de meu irmao e ata que quitei o carné non volví. Aprobei xa á primeira pero falei no práctico. Volvín pasar as sinais outra vez todas, volví aprobar e bueno, despois á primeira tamén quitei o coche. Tendo o coche foi o criado máis ghrande que había na casa, despois quitouno o marido. Pelexou en Ortigueira e non foi capaz, foi a Burela e de camiño sacouno.

Carmen C.

Dicía que lle choraba a vista. Cando ela miraba para aquilo e sen querer facíao, pois choráballe a vista.

OS PODERES DAS MEIGAS

Nós estamos moi interesadas en seguir conversando con elas sobre as disidencias das mulleres situadas con convicción nas marxes da orde establecida. Por iso parécenos interesante abordar un asunto do que evitan falar abertamente. Elas intúen, porque así ocorreu sempre, que se o fan, os seus discursos poden perder credibilidade, mesmo poden ser tomadas por tolas.

Preguntámoslles, sen entreternos en demasiadas introducións, por aquelas mulleres que eran consideradas meigas. Queremos coñecer os seus testemuños en primeira persoa, sobre quen para nós representa dalgunha forma un símbolo de rebeldía e subversión ao xugo da feminidade e do propio sistema: as bruxas.

Elas miran con estrañeza a nosa curiosidade pero axiña se animan a compartir algunhas das historias das que son coñecedoras.

Mira ben o que che vou contar. Unha vez viña coas vacas do monte e veu unha señora que dicían que tiña mal de ollo. Eu levaba unhas zocas chinelas, baixiñas, mirou para as zocas e dixo: "Ai, que zocas tan lindas tes!". Non dei sete pasos e abriuse unha de lado a lado. Nunca na vida me esqueceu. Iso do mal de ollo haino, eh? Iso haino.

Carmen C.

Eu era a que chamaba ás vacas na casa e meu irmao araba, e cando pasaba outra que se chamaba María dicíase: "Deus defenda todo". E xa non pasaba nada. Pero se non se dicía nada, había de romper a chabemia, unha canghalla do xugo, ou rebentar unha peare, algo había romper.

Carmen C.

Estas persoas xa nacen así. Mira, en Mañón había unha que era moi boa muller, non facía mal a naide, eh? Ela dis-que sabía cando facía o mal, sabía. **Magdalena**

Si, si, sábeno. **Carmen C.**

Dicía que lle choraba a vista. Cando ela miraba para aquilo e sen querere facía, pois choráballe a vista. Entón cando pasaba por preto dalghún veciño que estaba facendo algo ela baixa a cabeza e dicía: "Ai, Fulaniño, hoxe non che falo que hoxe non teño ben a vista". E non miraba e

non facía mal. Non, non, iso foi verdade. **Magdalena**

Ighual é que teñen moita forza de vista ou así. **Carmen C**

Unha vez miña mai ía á feira a Mañón e papá sempre acostumaba a ter unhas eghuas ben mantidas e boas, e díxolle ese día: "vai a cabalo, nena, vai a cabalo que vas máis descansada". Púxolle unha eghua que había e arri-mouna alí ao muro e díxolle que a montase. Pero esa persoa viña cheghando a xunta deles e axiña cando estaba subida á eghua axeonllouse totalmente e cheghou ela e dixo: "Deus defenda todo". E a eghua ergueuse. Ela sabía. **Carmen C**

Carmen C

Preguntámoslles se os homes tamén tiñan o poder de botar mal de ollo e unha delas afirma: "Só son as mulleres, pola maldade que nos caracteriza". Exprésao en primeira persoa, coma se o estigma fose unha verdade incuestionábel que ela asume con resignación aínda que esa crenza lle prexudique a ela mesma. Con todo, Carmen C. expresa o seu desacordo con esa ofensa.

Non, eu penso que malas non somos. Eu vivo cos meus fillos, eu non teño unha palabra mala con eles nin cos que están en Ortigheira tampouco, nin con naide. Para min todo está ben. **Carmen C.**

*Eu penso que esas cousas agora non as hai. Tampouco hai xente nas aldeas como as había antes. **Magdalena***

Para os catarros na miña casa mataban unha ghaliña e facían unha sustancia que eu aínda fagho agora.

OS REMEDIOS NATURAIS

Nos encontros con elas os temas de conversación saltan dun lugar a outro nun tipo de caos harmónico sen demasiada linealidade aparente. Das que foron meigas e da súa misticidade desprazámonos cara á sabedoría ancestral de remedios naturais, decote liderados por esas mesmas mulleres. Elas cóntannos os que se utilizaban nas súas casas e cales seguen preparando no presente.

*O mel para a garganta. Pero non che enfermabamos, que eramos moi duras. **Gloria***

*Cando había un gran, unha neghra, como lle chamaban? Un carabullo? Poñíanlle unha cataplasma con aceite e leite quente para que rebentase. **Carmen S***

*O de poñer unha pataca para a dor de cabeza. Ai, si, a miña mamá, que en paz descanse, poñíaa moitas veces. Disque a aliviaba. **Carmen C***

*E o romeu e alcohol para os osos. **Carmen S***

*A min faime moito ben! A min dóeme así o xeonllo, bótolle alcohol e pasa. **Magdalena***

*Teño unha cuñada na Coruña que sempre estaba con alcohol de romeu restregando as pernas, agora marchou para xunto do fillo a Tarraghona, oes? Alí hai calor, outra cousa máis seca, e disque nunca máis volveu poñer romeu nas pernas. Xa non lle doen. **Carmen C.***

Entre todas van creando oralmente un receitario caseiro de brebaxes e ungüentos que nos mantén coa intriga e a ambición de querer saber máis. Moitos dos que nomean resúltannos completamente descoñecidos.

*Hai herbas na praia de Céltigos que se chaman aurégghano (ourego) que era o que tomabamos, oreggho cocido, para o catarro. Tomabámolo dúas ou tres veces. Collíanse no mes de agosto na praia, teñen unha floreciña, traíase un puñado para casa, colgábase e se tiñamos catarro tomabámolo e pasábanos. **Orosia***

Para os catarros na miña casa mataban unha ghaliña e facían unha sustancia que eu aínda a fagho agora. Trocéoa e métoa na neveira ou non conxelador. O que se fai é cocela cun trociño de óso de tenreira e un trociño de xamón. E fagho unha sustancia que cura a todo o mundo. Esa sustancia coa ghrasa da galiña é moi, moi medicinal. Aínda cando mataban unha ghardaban a graxa así seca e peghábana nunha táboa ou algo, por se che doía a gharghanta refreg hala así por fóra. **Carmen C.**

O sacrificio dos animais era un asunto que tamén nos xera curiosidade, aproveitamos para preguntarlles: Quen acometía esa función normalmente?

Eu mataba os coellos todos. Tamén os polos que aínda os mato agora, quen os ha matar, logho? Os fillos?

Carmen C.

Rin cando lles confesamos que a nós custaríanos moito facelo, que teríamos que pasar moita fame para atrevernos.

Bueno, nena! Hai que facer de todo! Mátalos unha vez con medo pero para a próxima xa non o tes. As mulleres tamén fan coma os homes, ou que cres? Eu tiña unha veciña. Carmen de Serantes, que en paz descanse, mataba


ela aos porcos e os capaba. Tamén a un becerro. Aghora a abrandar está ighualada co home. **Carmen C.**


Eu nunca fun de matar nada, nin coello, nin nada, nunca. **Magdalena**

Ai, se eu estivese aghardando polo meu marido para matar un polo, non comía un na vida! E os coellos o mesmo! **Gloria**

Comprados non me saben, miña filla. O pito comprado? Moita diferenza hai, eh! **Magdalena**

Dan por resolto o tema tras comentar algunhas receitas e explicar a importancia de alimentar os animais con bo produto: millo e restos de casa.



The background of the entire image is a high-contrast, black and white close-up of a rough, cracked surface, resembling the bark of an old tree. The texture is highly irregular, with deep, jagged cracks and ridges creating a complex, organic pattern. The lighting emphasizes the three-dimensional quality of the surface, with highlights on the raised edges and shadows in the deep crevices.

OS AGORAS

Cultivando o presente

CAP. 6 |

CULTIVANDO O PRESENTE

O presente é a posta en escena, a actuación espontánea que toma espazo no "agora" para representar sen artificios o froito das súas vivencias e aprendizaxes. Neste encontro con elas parécenos importante convidalas a colleitar, xuntas, as experiencias que nutriron a súa coraxe e resiliencia. Queremos, tamén, descifrar con elas a mirada que teñen cara á contemporaneidade na que habitan(mos).

Para min logho foi cando fun para a louseira.

O MOMENTO MÁIS FELIZ

Resumir toda a súa existencia nun instante responde máis á última escena dunha historia ficcionada que ás súas propias vidas. Igualmente sabemos que elas son capaces de narrar, sen dubidar excesivamente, cal foi

un dos momentos máis felices das súas vidas, ese que lembran con soltura e sen apenas esforzo.

Cando naceron as xemelgas. **Gloria**

Cando dei a luz o primeiro fillo. Cando lle vin a cariña. Foi tremendo (emociónase). **Carmen C.**

Cando naceron as miñas fillas. Pero a ver se nos entendemos, foi un momento moi bonito pero foi cesárea e tampouco te decatas. Cando che din que tiveches dúas fillas estás no quirófano e o único que queres é durmir. Creo que sería máis bonito un parto normal que unha cesárea.

M^a Josefa

O nacemento das súas fillas e fillos é un dos acontecementos máis alegres para algunhas delas. Outras como Orosia ou Magdalena expresan o logro de conseguir un traballo digno e remunerado, imprescindible para a súa emancipación e benestar.

Para min logho foi cando fun para a louseira. Porque traía oitenta mil pesetas que daquela eran moitos cartos. E viñan as paghas extras e tamén paghaban as vacaciós.

Magdalena

Dáme confianza, dáme amizade, nin lle dou eu problemas a ela nin mos dá ela a min, entendes? Xamais da vida tivemos un malentendido. Dáme cariño.

AS MULLERES DAS VOSAS VIDAS

Nese xesto de botar a vista atrás procuramos rescatar os coidados e o impulso que se brindaron entre mulleres. Un proceso de consciencia grupal e loita colectiva das feminidades para desmontar o seu cárcere, o patriarcado. Nesta procura de atopar a sororidade nas súas existencias queremos que nos falen das "outras" que foron e son sostén, axuda e exemplo de vida.

Emociónanse axiña. A figura na que primeiro pensan é na das súas nais, bótanas de menos. Cóntannos que a súa escoita e as súas ensinanzas acompañáronas cada día das súas vidas.

Para min foron miña mai e miña avoa, porque me ensinaron todo. **Camen S.**

A máis importante para min foi a miña irmá porque era dezasete anos máis grande ca min. Ela ensinome a rezar cando nos deitabamos. A rezar moitas oracións, o padre nuestro... Todo canto había. Eu durmía con ela. Aghora,

con cento e pico de anos que ten, reza todas as noites ata que queda durmida, e eu tamén, eh? Ela ensinábame todo, ela transmitíame todo a min. **Carmen C.**

Miña mai, supoño, e unha amiga que levamos moitísimos anos de amizade. Non nos criamos xuntas, coñecémonos con vinte anos e levamos toda a vida sendo amigas. Tamén algunhas das miñas compañeiras de traballo coas que aínda sigo tendo moi boa relación. Non teño así que dicir unha irmá, unha amiga desde pequeniña, porque eu era a única cativa practicamente en Corvelle, onde vivía.

M^a Josefa





Miña mai, si. Ai! Aquela pobriña era como unha santa! Para min de todas as persoas do mundo, miña mai é o número un. **Gloria**

Preguntámoslle con quen lles gusta charlar e compartir os seus sentires, con quen se atopan cómodas e apoiadas.

Miñas irmás. **Magdalena**

Eu teño unha amiga asturiana, que estivo aquí de pequena e foise de catorce anos. E conservamos a amizade sempre, sempre. E aínda agora pois chámame por teléfono, "como estades? Como ides?". Ás veces veñen á nosa

casa, agora desde o COVID tivo que recollerse porque non se podía andar en ningún sitio. **Gloria**

Atención, escoita, apoio e respecto é parte do que agradecen das súas "outras" próximas, das súas amigas, irmás e veciñas. O vínculo de irmandade entre elas, neste sistema patriarcal e capitalista, non lle dá valor nin as prioriza como merecen. Algunhas revelan como o matrimonio desprazou as súas relacións de amizade.

Tiven unha amigha de alí abaixo que é pouco máis nova ca min, pero da infancia era, eh? Ela tería quince ou dezaséis anos cando se foi. Pero despois non, xa non me quedou máis naide como amighas. Tampouco non tiven moito tempo porque despois empecei co meu home e casei con dezasete anos e xa me dirás! **Magdalena**

Eu tiven unha amiga moi boa na miña infancia, pero iso vai pasando todo porque casas e cambia a vida totalmente, xa non tes tempo, eu que sei. **Camen S.**

Ser muller no mesmo espazo xeracional e territorial permítelles sentir comprensión e compañía, o bálsamo que nutre, en parte, a calma nas súas "agoras".

Dáme confianza, dáme amizade, nin lle dou eu problemas a ela nin mos dá ela a min, entendes? Xamais da vida tivemos un malentendido. Dáme cariño. **M^a Josefa**

Ela preocúpase por como estamos e como nos vai. Falo moito con ela. Aínda agora que estamos enfermos, preguntame polo meu marido que rompeu unha cadeira.

Gloria

Vin cousas e pasáronme cousas que dáche de crer que hai algo, comprendes? Entón tes iso.

REZAR: REFUXIO EMOCIONAL

No diálogo que mantemos con elas cóntannos que do mesmo xeito que o sostén e o agarimo dos seus seres queridos, rezar é un recurso emocional que lles axuda a transitar as dificultades da vida. Para a maioría é un ritual de esperanza e o refuxio dos seus afectos máis profundos.

Miña mai era moi católica porque naceu a cinco metros da igrexa, entón estaba sempre alí. O mes do outubro xuntábanos a todos na cociña e rezaba o rosario. **Carmen C.**

Cantas nenas ves ti agora rezar? **Carmen S.**

Naide agora fala dun rosario, naide fala de rezar. Hai moita xente que se deita coma os porcos, debaixo da manta e

nada máis. Nin a bendición á cama botan! (Ri). Porque eu falo con moita xente e dimo. **Carmen C.**

Preguntámoslles en que lles axuda rezar.

É importante porque eu son crente, moito! E vin cousas e pasáronme cousas que dáche de crer que hai algo, comprendes? Entón tes iso. Eu traballei con xudeus e eles teñen outra relixión moi a raja tabla, eh? Máis aínda ca os católicos. E tamén cren no que eles pensan e eu tamén, e iso axuda a levarche a vida adiante. **Carmen C.**

Cóntannos que elas van a misa á igrexa que está á beira do teleclub, onde transcorreron a maioría dos nosos encontros. Todas acoden ao oficio relixioso menos Gloria, que asegura ser atea.

Nada, miña filla! Eu non son crente. Unha tense que diferenciar en algo. **Gloria**

Agrádanos ver que entre elas as disidencias coexisten coa norma sen manifestar xuízo ningún.

Misa tiñámola todos os domingos, agora non, desde que veu o coronavirus fana un día ao mes. **Carmen S.**

Pero se eu, por exemplo, vou para xunto dun fillo, eu prexudico ao meu fillo, porque el ten que facer a súa vida, saír coa súa muller, saír coa súa filla. E eu entón téñome que quedar aí soa? Nunha esquina? Non, pois así estou máis divertida na residencia.

AS RESIDENCIAS E O “NON MOLESTAR”

A vellez é unha etapa de gran vulnerabilidade na vida humana, onde a autonomía se enfronta co desgaste de certas capacidades físicas e intelectuais que a moitas persoas imposibilitálles vivir de forma independente.

Elas queren deixar constancia da súa preocupación sobre este asunto, e tamén manifestar o desacordo case unánime en sentir a obriga tácita de ter que abandonar as súas casas para se trasladaren a vivir a unha residencia.

Nunca na vida deixaría ir aos pais para ningunha residencia, porque ti sabes, eses velliños sofren... saír das súas casas... Si que o pasan ben, que os coidan con todo o corazón aínda que non lles teñan cariño, como lles falan con humildade xa é o máis ghrande do mundo, pero teñen que sufrir unha chea, moito, moito. **Carmen C.**

Ou non, Carmen, ighual están máis divertidos. É verdade que eu estiven onte coa irmá de un, e ela quixo marchar e foi a unha residencia de pagho en Cedeira. Despois non estaba ao gusto dela o que lle facían, e marchou para ás Pontes. Está pagando 1700 euros e está encantada, que xoga, que se xuntan e fan faladoiros entre eles. **Carmen S.**

Eu penso que unha sobriña, ou unha irmá, podíaa coidar coma se fose unha virxe e estaría tamén encantada con ela. O que pasa é que hai familias que non queren falar con eles porque os velliños queren falare, e saber contos, e se non teñen humor na casa... A xente maior quere saber e que lles falen con humildade. Ao mellor tíñana alí abandonada. Unha persoa maior é ighual que unha criatura, aínda que non lle teñan cariño, pero que lle falen con humildade. **Carmen C.**

Igual ti vas para xunto dun fillo e pon mala cara porque se cadra teñen problemas dentro eles, e ti non pensas que é por eles, pensas que é por ti, e iso non che gusta velo, verdade? Pois mira, eu prefiro que me vaian buscar á residencia e que me leven un día con eles a comer, pero adaptarme á residencia. **Carmen S.**

Ai! Eu adaptaría-me na residencia, onde me fixesen o que teñen que facer, porque en casa non o podes facer, e así polo menos... Eu teño unha bolsiña aquí posta, pero eu xa

case non vexo, entón quen me quita a bolsa e ma pon? Eu prefiro un asilo onde haxa xente e que poidamos estar aí. Eu non podo coas mans, non podo quitarlle coas mans unha pinza a un pano de cociña. Bueno, o que sexa, o que queira o meu fillo. **Orosia**

Unha residencia, Orosia, que estás con moita xente!
Carmen S.

E teño oído cousas dunha que traballa nunha residencia que os coida, que os viste pero nin lle dá tempo case de lavar a persoa, porque non lles dá case tempo de nada.
Magdalena

Tamén se viron residencias que os pellizcaban e os maltrataban. **Carmen S.**

Haberá de todo, Dios! Haberá de todo! **Orosia**

Non todas as residencias son iguais, eh? **Magdalena**

A min venme unha moza ás oito e media da mañá. Déixame a cama feita, os baños limpos, frégame o chan un pouco e así. Por non me quero ir de casa aínda, senón tería que ir para unha residencia, e o meu fillo vén cando pode, pero ten o seu traballo. **Orosia**

Eu, que me trate un fillo, sexa como sexa, penso polo menos. **Magdalena**

O mellor era estar na túa casa, non ter que saír.

Carmen S.

Eu creo que os fillos se queren tamén poden pagharlle a unha persoa. **Magdalena**

Eu prefiro residencia, porque mira, alí vou con todos (ri) e son coma todos. E na casa ao mellor unha ponche mala cara, o outro, "séntate alí", o outro, "ponte noutro lado". Nada, para min nada, eu a residencia, porque unha residencia onde está o meu irmán é unha residencia boísima, boísima. El de momento arrégglase e válese de por si, pero eu estando así, íame. Xoghan, saen pasear ao redor, está nunha residencia de Caranza. Mira, se vas para xunto dun fillo, unha a dicir que veña aquela, a outra que veña a outra. Non quero iso eu. **Gloria**

Case non intervimos durante a conversa para que elas poidan expresar a súa opinión con franqueza e naturalidade. Percíbese, observando a interacción que estabelecen, que este tema lles concirne especialmente.

As súas palabras mostran tamén un desasosiego constante de quen non quere molestar, de quen acepta unha vida que non lle convence por non incomodar a ninguén e menos aínda se son as súas fillas e fillos

a quen lles afectan como unha "carga" os seus coidados. Elas deixan claro que non queren ser un problema para ninguén.

É un tema complicado. Eu penso que todo depende da situación, pero coa que eu podo tere pois penso nunha residencia, porque se están traballando e teñen a vida... Que van facer? Probablemente coa pensión que teñamos nós non vai dar para pagar a unha persoa na casa vinte e catro horas... Se nos fai falla tanto tempo, claro. Muller, se houbese as posibilidades de dicir como era antes. Tamén agora dise, "non se quere aos vellos", e non é que non se queira aos vellos. Antes canta xente había nas casas? Sempre quedaba unha muller casada nas casas que podía coidar os pais porque ir para o mulime ou para as patacas igual se ía pola mañá que pola tarde. Hoxe non é así, unha filla miña, se me fai falla, non pode perder un posto de traballo, se o ten, para virme coidar a min, porque é ser egoísta. Porque a min tenme hoxe, e ao outro día morro e entón queda co pouco que cobraba por min e mais sen un posto de traballo... **M^a Josefa**

Pero bueno, pódénche poñer unha muller, non? Elas traballan? Ti non podes pagar pero pódénche pagar as túas fillas unha muller para que te coide. **Carmen C.**

Pero é que igual non ma poden pagar. **M^a Josefa**

Pero se eu, por exemplo, vou para xunto dun fillo, eu prexudico ao meu fillo porque el ten que facer a súa vida, saír coa súa muller, saír coa súa filla. E eu entón téñome que quedar aí soa? Nunha esquina? Non, pois así estou máis divertida na residencia, a min parécemo. E atopándome ben, porque se estou encamada apaga e vámonos. **Carmen S.**

Mandar aos vellos ás residencias e que aos fillos lles quede o que tes... moito ou pouco ben... Pero como veña o tema de que para onde vas ti, vai o que tes, xa é outra cousa... Xa se viron moitos que aghora coa crise fóronos buscar ás residencias. Ai! Agora pódenos coidar? **Magdalena**

Eu quero quedar na casa. Paghareille a unha muller ou a unha sobriña ou a quen teña, pero eu na miña casa. As residencias odioas. **Carmen C.**

Pero os teus fillos non poden estar contigo, que eles teñen o seu traballo. **Orosia**

Teño visto moitas cousas na televisión de como lles facían aos vellos. **Carmen C.**

E que... como os tratan! Como os teñen! **Magdalena**

Tampouco non me deixarían ir os fillos, eh? Iso tamén cho digho eu. Nin a nora tampouco, non deixaban, eh! De ningunha maneira. **Carmen C.**

Creo que son honrada, dentro de que saín de moita pobreza non teño moito, pero estou orgullosa de min.

LOGROS DE VIDA

As súas biografías son poliédricas, teñen luces e sombras igual que as persoas que o sistema considerou relevantes e que pasaron, sen reproches, ao legado da historia que paga a pena ser contada.

Estas mulleres son o resultado das fortunas e desventuras que transitaron ocupando unha posición especialmente hostil no xogo da vida: ser mulleres pobres e de orixe rural. A intersección destas múltiples opresións desprégase ao longo das súas existencias, o que afectou á súa saúde mental e en consecuencia á falta de seguridade, aprecio e estima propia.

Por iso, falar con elas sobre os seus éxitos non resulta unha tarefa sinxela, existe unha barreira emocional

que nolo impide. Nós insistimos, queremos descubrir que triunfos alcanzaron no camiño. Ansiamos que se autorrecoñezan na valentía, no esforzo, na perseveranza e no amor que nós advertimos nelas desde o primeiro encontro.

Eu que traballei e traballei moito tiven moita pobreza pero, a vere, hoxe paréceme que teño o necesario e estou contenta así. Non envexo ter un piso ou así. Teño unha casa normal e corrente. Son a máis rica do mundo á miña maneira. Hoxe non penso de tere máis que de pasalo ben e de comere. Eu non fagho coma outros de apotiñar e apotiñar (referíndose a aforrar e gardar os cartos). **Magdalena**





Pois voucho dicir: o mellor é ver os meus fillos vir, que teñan unha boa vida, boa situación... Eu doume por satisfeita. **Carmen S.**

Bueno, iso pásalle a todas as nais porque cando meus fillos eran pequenos se eles comían eu xa comera. E hoxe é ighual, se vexo aos meus fillos ben e aos meus netos ben, eu tamén xa estou ben. E eles pensan ighual, paréceme, se me ven a min ben. E orgullulosa estou pois de moitas cousas, de telos a eles... E despois, ao largo da vida, por exemplo, que no día do patrón que che saia ben a comida e que todos cha aplaudan, en fin. **Carmen C.**

Eu do meu matrimonio, das miñas fillas. Como me explico? Estou orgullulosa de min, simplemente estou orgullulosa de min. Sen ningunha floritura nin nada, soamente do que fun conseguindo pouco a pouco, porque hai moitas complicacións ao longo do camiño. Son moitos anos de loita, son moitos anos de apoiarse mutuamente, orgullulosa da vida. **M^a Josefa**

Orgullulosa de traballar para poderlles dar a carreira que é o principal. **Gloria**

Hai que aprender a quererse, que eu non sabía quererme pero agora sei, eh? Pódoche asegurar que é verdade. E tamén que non quero para os outros o que non quero para min, non sei se é boa ou se é mala, pero eu penso así. E ser amiga do amigo, como te tratan, tes que tratar.

Carmen S.

Eu quero a quen me quere. Nunca estiven a mal con naide, nin naide deu queixa de min. **Orosia**

Dígoo eu que fun veciña moitos anos. Boa persoa por onde as haxa, boa mellor. **Carmen S.**

Probablemente unha cousa boa miña é que penso máis nos demais ca en min. **M^a Josefa**

Iso pásalle a moita xente, se os demais comeron eu xa estou farta. **Carmen C.**

Suspiran, non saben moi ben que contestar, non cren ser capaces de atopar nada salientábel nas súas historias de vida porque presenten que o que é relevante en realidade xa o fixeron os "outros".

Creo que son honrada, dentro de que saín de moita pobreza non teño moito, pero estou orgullosa de min, da miña familia e tamén de como me comporto. **M^a Josefa**

Eu non teño nada que dicir. **Gloria**

Pedímoslle a Orosia, pola proximidade da súa relación, que nos conte como ve ela a Gloria.

É moi boa. Aínda antonte veume a botar unha manito, estivo comigo moito tempo, estímola moito, a verdade, porque non ves a naide nin falas con naide... Pero ela vén e está comigo. **Orosia**

Gloria fálanos para distraernos, non quere que escoitemos os eloxios que Orosia está a dicir sobre ela, a súa intención é cambiar de tema, séntese incómoda polo recoñecemento.

Carmen móstrase algo máis xenerosa con ela mesma.

Eu son de boa tranquilidade. Para min está ben feito todo, comigho vive calquera. Estivo a nora e mais o fillo dezasete anos comigho. Nunca souben como era o xenio da nora nin ela soubo como era o meu, quéreme, e eu a ela tamén, coma se fose propia filla. **Carmen C.**

Aínda se lle queren máis aos netos que aos fillos. Eu que sei que é. Aos fillos é que había que pousalos porque había que traballare, pero cos netos xa tiña máis tempo, outra cousa, e as vacas se berran que berren. Primeiro eran os netos.

A IMPORTANCIA DOS VÍNCULOS

Unha das súas grandes vitorias, aínda que lles pasa desapercibida, é o seu afán constante en cultivar con empeño o patrimonio inmaterial dos vínculos, o benestar da colectividade. Para nós este é, certamente, o maior éxito que cultivaron ao asegurar a supervivencia das súas comunidades e por tanto, nalgún sentido, da humanidade en si mesma.

A ver, eu ao morrerme o meu marido volqueime nos meus fillos e os meus fillos volcáronse en min. O que falaba an-

tes co meu marido, que me aconsellaba con el e moitas cousas, pois agora fágoo con eles. Teñen outra maneira de pensar á miña, pero eu vólcome con eles, non lles digho que así non, eh? Teñen outra mentalidade que non tiñamos nosoutros antes. **Carmen C.**

Aínda se lle queren máis aos netos que aos fillos. Eu que sei que é. Aos fillos é que había que pousalos, porque había que traballare, pero cos netos xa tiña máis tempo, outra cousa, e as vacas se berran que berren. Primeiro eran os netos. Eu fun unha cousa tola cos netos. Ía velos e cheghaba de volta á casa e xa tiña ghanas de volvelos vere. Tiña como unha ansiedade que quería velos seghido, díghovolo en serio. **Magdalena**

Vólvome tola cos netos, e despois con aquela humildade que che falan, "abuela, xa estou aquí, xa vin". Porque cheghar á miña casa, para eles, é o máis do mundo.

Carmen C.

Eu non, eh? Non, non. Eu toleo polas miñas netas, teño dúas e dou a vida por elas, pero os meus fillos son os meus fillos, eh? **Carmen S.**


Tes unha ilusión que che trae aquel fillo, que che dá aquel neto. Eu teño un netiño de sete anos e outra de dous. Cheghan a casa e aí sobe a nena pequena polas escaleiras

arriba chamando por min. Dios, é que é a alegría da casa ver unha neniña pequeniña. Na casa da abuela hai de todo. **Carmen C.**

Algunhas teñen a sorte de ter as súas fillas e fillos preto, a outras lles separan algo máis dun centenar de quilómetros e Gloria, por exemplo, ten a unha das súas fillas no estranxeiro. Pero todas, sen dúbida, continúan dispoñíbeis e preocupadas pola súa saúde e felicidade cada día que pasa. Estean onde estean e fagan o que fagan.

Mira: fillos criados, traballos dobrados. Porque un día se non chamaban e preocupábaste, e para o outro día que chamaban dicindo que non lle saíran ben as cousas... E sempre hai preocupacións. **Gloria**

Eu ata que chama o meu fillo, que está en Coruña, eu non me deito, aínda que sexan as doce, estou sempre esperando que chame. Chama pola mañá e pola noite, e claro, pásao mal en canto non chama, entón espero sentada ata que oio o teléfono. **Orosia**



***Fixemos tantas cousas coas maos...!
Calcetamos, fixemos as comidas. Cortar o pelo
e peitealo non! Do demais fixemos de todo!
Coas mans riei tres fillos e criei tres netos***

AS MANS

As mans son a parte do corpo que expresa as nosas subxectividades no mundo físico. Fano tanxíbel.

Grazas a elas sentimos frío, calor, aspereza, con elas tocamos, suxeitamos e creamos.

As súas, agora, son mans entrelazadas no colo ou nas costas, son mans pousadas sobre un bastón e, ademais, seguen sendo mans que cultivan, que guisan, que tecen e que acariñan. Son mans "facedoras", traballadoras e coidadoras.

Prestámoslles atención ás súas e sobre elas preguntámoslles. Míranos con incredulidade, xamais se pensaron a través delas. Hoxe convidámoslles a facelo.

Fixemos tantas cousas coas maos...! Calcetamos, fixemos as comidas. Cortar o pelo e peitealo non! Do demais fixemos de todo! **Carmen C.**

O máis importante das maos para min foi cambiar a primeira vez aos meus fillos, telos nos brazos. **Carmen S**

Coas mans criei tres fillos e criei tres netos. **Magdalena**

Ghanchillar. Fixen dúas colchas de ghanchillo. E lavar, que lavei sempre canto quixen! Non vos contei o outro día que lavaba para aquela señora que tiña tantos fillos? Lavaba no río nun lavadoiro que había. **Gloria**

A cociña, que é o que máis me gusta deste mundo. Traballar cociñando coas mans. Eu non sei se me nace porque miña mai xa era cociñeira tamén e ghustáballe moito a cociña. Tiven un irmao que estaba en Suíza, que era xefe de cociña, sabes? Entón para min a cociña é o máis importante que teño. Non receo facer nada. Para preparar a cociña hai moitas maneiras de facere. Eu non tiro nada, eu aproveito todo. Aquela carne queda asada, faigho albóndegas, faigho outras cousas, calquera cousa porque podes aproveitar todo. Esa é a maneira de cociñar. **Carmen C.**

Eran tempos complicados pero era unha cousa moi tranquila, sabes? Agora todo é pola maquinaria esa e todo é correr.

A OLLADA CARA ÁS NOVAS XERACIÓNS

Pode resultarlles incomprensíbel e impactante o estrepitoso ritmo dunha sociedade que dificilmente lle deu tempo a entenderse, para volver dar outro salto mortal e mutar de novo.

Escápaselles o significado e a relevancia que tomaron as tecnoloxías de calquera tipo, en calquera momento e lugar, para quen as segue xeracionalmente. Esta é probablemente a distancia máis grande que as separa das vidas máis novas, a virtualidade. Non o envexan, observan nas súas netas e netos unha tensión, unha esixencia e un estrés que elas agradecen non experimentar.

Eran tempos complicados pero era unha cousa moi tranquila, sabes? Agora todo é pola maquinaria esa e todo é correr. Díxolle unha neta a seu avó, que o coñezo eu, cando lle contou da vida de antes: "abuelo, que vidas máis tranquilas e máis felices tiñades!". **Carmen C.**

Que eles tamén a podían ter tranquila, querendo. Pero é outra vida. **Carmen S.**

Si aghora é moito máis axitada, hoxe os colexios son moi axitados. Se non o levas todo ben, non aprobas. Eu ben vexo cos meus fillos, ao máis novo, que é profesor e el tamén traballa todo o tempo. **Carmen C.**

E que a mocidade agora xa non é coma nosoutros, xa da idade dos nosos fillos, xa pensan distinto, obran distinto, non? Xa teñen mentes doutra forma. **Carmen S.**

Nos seus relatos formulan un desexo que, ao seu xuízo, podería ser un bálsamo curador para ese alleamento que observan con preocupación nas novas xeracións: "volver un tempo ao de antes".

A súa receita é sinxela: entrar en contacto co primario, co real. Traballar a terra, practicar a paciencia de quen non pode controlalo todo, esperar a que a semente brote, recoller o que o campo ofrece. A gratitude. A atención no presente. Aprender a descifrar que nos traen as nubes, a choiva e o sol. Experimentar en maiores doses o esforzo físico que o mental. Abrazar a vida lenta que ofrecen as aldeas. Abrazalas a elas tamén.

Eu fálolles da vida de antes. Miña nai estaba no que vira, non é que a xente fora parva e que non visen outra cou-

sa. Porque non podían avanzar porque non había onde ghañar unha peseta. Non había nada. A xente tamén emighrou e deu moito adianto a España. Cando eu cheguei a Suíza, Dios mío! Se eu lles digho que alindaba dúas vacas pola corda pola mao rirían de min, porque alí hai ghrandes ghandlerías en campos, e moi boas, pero non ves a naide facendo como facía eu. O mundo deu un gholpe de repente, de corenta anos para acó, que foi moito o que avanzou, moito, moito. **Carmen C.**

Para ben ou para mal. **Carmen S.**

Eu non digo que os meus fillos o pasen en serio, pero un tempo a toda a xuventude non lle viña mal. **Carmen C.**

A Carmen pertúrballa a dirección que están a tomar os novos tempos. De igual modo está satisfeita cos valores nos que criou aos seus fillos. Eles coñecen o traballo de campo, a labranza é parte do seu legado identitario e tamén un recurso valioso para a incerteza do presente. E iso unido á responsabilidade que demostran, son calidades que considera importantes no período que nos ocupa.

A ver, os meus teñen carreiras pero saben traballar tamén na terra, eh? Non son isto de "voume por aí de troula para as tabernas", iso non. De tabernas nada. Naceulles a eles porque un estivo estudando en Coruña e outro en Lugo,

non sei se foron eles ou as compañías que tiveron. Os fillos tamén son conforme ao que ven na casa, comprendes?

Carmen C.

Que vas mirar daquela faba, que lle pos un pao ao mellor ou enghánchala na rede.

A CALMA DO PRESENTE

Elas, como todas, queren verse, charlar e compartir os seus días. Expresan con inmenso agradecemento a sorte destes encontros.

Chegamos xa ao final das sesións sendo conscientes do enorme traballo realizado. Evocaron, durante horas, cada detalle que para nós era dalgún modo relevante aínda que elas, en moitas ocasións, non entendían o extraordinario das súas respostas, nin exactamente a intención das nosas preguntas.

Supón sen dúbida un esforzo volver atrás na memoria. Ás veces porque o paso dos anos impide acceder aos recordos con nitidez e dunha forma lineal, o que decote pode causar frustración, e outras porque foron vivencias difíciles de revisitar.



Nos seus "agoras" queremos celebrar con elas o poder do vivido e a súa xenerosidade en compartirnos a súa "verdade". Facémolo ao redor dun café con biscoito e rosquillas. Apetécenos terminar gozando con esa complicidade de amigas que se atopan para merendar e conversar. Gústanos a idea de saborear con elas a vida. Festexar que os seus relatos e as súas contribucións van ser lidos e lembrados máis aló da súa contorna inmediata. Elas son a voz do resto de mulleres rurais invisibilizadas e relegadas ao esquecemento.

Pregúntannos con interese quen preparou os doces. Contámoslles que son outras mulleres do proxecto: Saruca e Olguita de Mera, dúas amigas que acostuman facernos estas delicias para seguir celebrando e honrando a todas as mulleres que se atreven a deixar constancia dos seus sentires e das súas historias. Percibimos o seu "querer saber", para elas é importante pescudar quen está detrás de quen coida, recoñecer ás "outras" é recoñecerse a elas mesmas.

Con acougo, á vez que mergullan o biscoito no café, empezan a contarnos os seus "agoras".

Un día agora, un domingo ou un sábado, xa estás a pensar que che vai vir o fillo a comer e os netos, entón xa pre-

*paras todo. Todo o día xa estás con esa alegría de encontralos á noite. Fáigholles a comida e estamos xuntos ata que marchan. **Carmen C.***

*Eu teño tres netos pero os vexo unha vez ao ano nada máis porque viven en Bélxica. **Gloria***

*Un día calquera, o xoves vou a Ortigueira a vender á praza e o resto dos días ábrolles as ghaliñas para fóra, vou mirar a vaca a ver se está dentro da cabana ou onde está, e se fai frío, faigho o lume na cociña de leña. **Carmen C.***

*Eu levántome, almorzo, ighual fagho algo na casa, vou á horta... Mira, eu vouche dicir os xoves porque os outros son moi aburridos. Levántome, dúchome, vou tomar o café con churros no mercado, vou co meu marido, xúntome coas amigas, damos un paseo, despois tomamos un viño e uns petiscos e despois vimos para casa. **M^a Josefa***

*E que durante a semana son todos iguais. Que vas mirar daquela faba, que lle pos un pao ao mellor ou enghánchala na rede. **Carmen C.***

Un domingo ao mellor vou xogar cunhas amizades que teño e xuntámonos. Xogamos á brisca e ao tute. E agora hai unha veciña que lle morreu un fillo, entón veño bastante a xunto dela. Ela acompañoume moito tamén cando me

morreu o meu marido. E despois, pois pouco máis, porque estou soa, a miña vida nada, xa non é o que foi. **Carmen S.**

Eu? Durmir ata que canso. Almorzo, faigho a cama e limpo un pouco pola casa, muito non, que non me ghus-ta nada limpar, e despois faigho para comer e comemos. Pola tarde vexo un pedazo de televisión e nada máis. Vou xunto das ghaliñas, tamén plantei ceboliña e plantei le-chugha. Plantaba antes moito, pero como me doe tanto esta perna non faigho máis. **Gloria**

A min dóenme as rodillas pero bueno, na camiña descanso, a verdade é esa. Ando todo o que poido pola estrada. Sei que canto menos ando, menos ghañas teño de andar. **Orosia**

Preguntámoslles se entre elas se reúnen algún día á semana. Dinnos que tiñan ximnasia os luns e os mércores pero que desde que empezou a pandemia só hai un día á semana. Orosia e Gloria, por exemplo, non poden participar pola súa limitación de mobilidade.

E tamén tivemos "Memoria" pero tamén iso quitaron. Pasabámolo de marabilla, xuntabámonos aquí... Volverá, non? **Gloria**

O coronavirus separou moito á familia. **Carmen C.**

Non! Quitounos a vida social nosa, Carmen! **Carmen S.**

Escribir sobre mulleres rurais permítenos coñecer as existencias de quen permaneceu nas marxes do pedestal patriarcal. A realidade externa limitou os seus percorridos vitais pero tamén creou unha idiosincrasia e unha fortaleza xenuína. O rural e ser muller dunha determinada clase social e do territorio galego forxou o que pensan, o que fan e o que son.

Elas non están seguras de que co paso dos anos, quen as segue as vaia lembrar. A nosa intención é que sexa así, que os seus relatos transcendan o presente.

Nós escribímolas para achegarnos á verdade, e sobre todo para lembrar o que foron e entender así o que somos.

Carminha, acordaranse de ti, nena, acordaranse, aínda que fagan a súa vida. **Carmen S.**

Hanse de acordar de min, pero tamén todo pasa (di emocionada), tamén meus pais me morreron e máis eu quedei aquí e fun loitando para diante. É unha lei de vida.

Carmen C.

Por un momento invádeas a nostalxia e o medo á impermanencia e á desmemoria.

Reconducimos o diálogo ao presente, ás rosquillas, ao biscoito e ao proxecto. Chegamos xa ao final das sesións. Explicámoslles, agradecidas, que os seus testemuños de vida, as súas aprendizaxes e os seus sentires ocuparán, polo menos desde este momento, un lugar significativo para a historia colectiva.

Era hora que a muller tivese voz e voto, non? Porque antigamente non tiña. Estaba alí, submisa. A min paréceme estupendo isto, eh? **Carmen S.**

Un proxecto que recupera a memoria das mulleres,
pón en valor o seu legado e dignifica a súa presenza e
a súa contribución á comunidade local

